



SESION ORDINARIA DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2020

(Acta número 11)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e catro de novembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Intervén o Sr. Presidente manifestando que neste punto hai un texto que está asinado polos voceiros e voceiras dos tres Grupos Políticos da Corporación Provincial, que pasa a ler a continuación, e que di o seguinte:

“Co motivo da conmemoración, o vindeiro 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación de Lugo quere expresar o seu firme compromiso na loita contra os asasinatos e agresións machistas e o traballo para mudar os elementos estruturais que as xeran e perpetúan na sociedade. Queremos trasladar a nosa solidariedade e apoio ás vítimas, aos fillos e fillas que perderon as súas nais, e a todos os seus familiares e amigos. Compartimos a súa dor, entendemos a súa desolación e combatemos a súa causa.

Cúmpanse agora 20 anos dende que as Nacións Unidas decidiran, ao abeiro do cambio de século, adicar este día a visibilizar dun xeito especial a necesidade urxente de loitar contra a violencia que afecta ás mulleres polo mero feito de selo. Son dúas décadas de traballo, de melloras na educación en igualdade, na lexislación e na habilitación de recursos para frear a violencia. Pero son dúas décadas nas que non fomos quen de facer desaparecer unha das eivas máis vergoñentas que aínda arrastra a Humanidade. É clave aumentar os recursos dispoñíbeis e avanzar na identificación e na loita contra todo tipo de violencias e desigualdades que afectan ás mulleres no contexto dunha sociedade patriarcal.



En anos recentes alertamos do risco de retroceso que representaban a difusión das ideas negacionistas ou revisionistas, que tratan de negar a existencia do problema ou o dilúen en formulacións xenéricas como “violencia intrafamiliar”. Este ano, ademais, a situación vese agravada pola pandemia da Covid 19. Porque moitas das medidas necesarias para loitar contra o virus -restricións de movemento, illamento social, menor mobilidade - resultan especialmente terribles para as mulleres vítimas de violencia de machista. Como ten declarado a ONU, “o confinamento reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar”. Os datos do primeiro semestre do ano indican que houbo un incremento nas beneficiarias de axudas económicas, do número de chamadas ao teléfono de atención ás vítimas e de consultas nos Centros de Información á Muller (CIM), a maioría delas relacionadas coa necesidade de atención psicolóxica, acceso a recursos asistenciais e ordes de protección.

Tamén se están a constatar as dificultades coa que se atopan as mulleres que precisan recorrer ás casas de acollida onde se lles piden requisitos médico se sanitarios vinculados á situación de pandemia, sen que nin elas nin os CIM teñan medios para acreditarlos. As mulleres vense expostas ao abandono institucional por non poder cumprir coas condicións para ingresaren nestes centros, poñendo en risco aínda máis as súas vidas e as dos seus fillos e fillas.

Urxe facer unha valoración global da situación en que se atopan as mulleres vítimas de violencia no contexto da Covid 19 e dar resposta a estas novas situacións. Cumpre que as medidas de loita contra unha situación excepcional non esquezan nen leven ó segundo plano esa outra enfermidade social endémica que é a violencia contra as mulleres.

Polas características da nosa poboación, Lugo é unha provincia de marcado carácter rural, cun alto grao de envellecemento. E cumple lembrar que a violencia contra as mulleres é especialmente dura nas zonas rurais e tamén entre mulleres maiores de 65 anos. No mundo rural, a sensación de soidade e tripla, pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por estar illadas xeograficamente e por identificar a súa situación como un proceso individual, e non como o problema estrutural que é, consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre “*Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural*”

realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), entre decembro de 2018 e xaneiro de 2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

Tamén no marco do Pacto, o pasado ano publicouse o estudo sobre “*Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero*”, que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible. E que revela unha violencia sostida no tempo con datos estremecedores: o 40% das vítimas sufriu violencia durante máis de corenta anos e o 27% padeceuna, entre dous e tres décadas. Toda unha vida de vexacións, agresións, control e medo. Un colectivo especialmente vulnerable que require toda a nosa atención, apoio e sustento.

Por todo iso, a Deputación de Lugo quere manifestar o seu compromiso coas políticas orientadas á erradicación da violencia contra as mulleres, tanto dentro e fóra do ámbito da parella, e co fomento dunha cultura da igualdade e de respecto á diversidade dende as idades máis temperás. E consideramos tamén que é preciso incorporar a perspectiva de xénero ás medidas socioeconómicas de reconstrución. Compre valorizar e dignificar as condicións laborais en sectores amplamente feminizados -sanitario, sociosanitario, da limpeza, da asistencia no fogar-, fundamentais para o sistema de coidados que a pandemia volveu demostrar imprescindible para a sociedade. E fomentar a corresponsabilidade. Porque a crise sanitaria está levando a carga da atención a maiores e enfermos de novo ás mans das mulleres. Porque cando os nenos e nenas fan educación non presencial, o seu coidado e supervisión volve a ser, maioritariamente, tarefa das nais. Porque cando se perde emprego, se precariza ou se deterioran os dereitos laborais, son as mulleres as que primeiro sofren as consecuencias. O mantemento ou recuperación de roles sociais sexistas é o primeiro paso no que asentar comportamentos discriminatorios ou violentos. E non loitaremos de xeito eficaz contra a Covid se para facelo ignoramos, deixamos de lado, suprimimos ou minusvaloramos os dereitos da metade da poboación”.

O texto da Declaración Institucional é aprobado por asentimento.

3.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA DE CONXELACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS PROVINCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.



Logo de ver a proposta sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno de organización, en sesión extraordinaria de trinta de xullo de dous mil dezanove, no punto número oito relativo ao réxime de retribucións e indemnizacións ós membros da Corporación.

Visto así mesmo o Real Decreto 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Tendo en conta o anteriormente exposto, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais lexislación aplicable, esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A conxelación das retribucións dos Deputados Provinciais da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2021”.

En primeiro lugar procédese á votación para a ratificación da inclusión do presente asunto na Orde do Día do Pleno, e efectuada a mesma é aprobada por unanimidade.

A continuación efectúase a votación da proposta presentada, sendo a mesma aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN COMO MEMBRO DE PLENO DEREITO Á SOCIEDADE TRANSROMÁNICA-THE ROMANESQUE ROUTES OF EUROPEAN HERITAGE E.V.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que no expediente de referencia ([2020/XEN_01/002127](#)) figura a seguinte documentación:

- Autorización do Vicario Xeral da Diocese de Lugo para facer as xestións correspondentes para solicitar a integración na TRANSROMANICA dos bens inmoables recollidos na candidatura.
- Solicitude de adhesión á TRANSROMANICA dirixida ao Comité Executivo e asinada polo Presidente da Deputación.
- Memoria da candidatura elaborada polo Servizo de Turismo.
- Orde do día da Asamblea Xeral da TRANSROMANICA celebrada con data 14 de setembro de 2020, onde consta a presentación por parte da Deputación dos bens da Ribeira Sacra a incluír na candidatura.
- Estatutos da Sociedade *TRANSROMANICA- The Romanesque Routes of European Heritage e.V.* en inglés (documento orixinal) e castelán (traducción xurada).
- Folleto informativo da TRANSROMANICA en inglés e páxinas con información sobre a contía da cota anual, beneficios e obrigas dos membros traducidas ao castelán.
- Copia da comunicación da aceptación da candidatura presentada pola Deputación por parte do Consello Asesor Científico da TRANSROMANICA.
- Informe favorable do Servizo de Turismo, no que recollen, entre outros aspectos:

(...)

“CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeira: A arte románica constitúe unha das máis excepcionais expresións do patrimonio cultural europeo que pon de manifesto unha linguaxe artística común compartida por diferentes países, onde entre os séculos XI e XIII se irá expandindo e enriquecendo coas variantes locais de cada territorio.



Francia e Alemania serán os países nos que primeiro xorde o estilo e que sentarán as bases da corrente artística, que chegará a Galicia grazas ao influxo do Camiño de Santiago. Na provincia de Lugo o románico asentarase por todo o territorio, pervivindo ata día de hoxe ducias de exemplos desta arte, que sobreviviu aos cambios estéticos impostos por correntes posteriores.

No caso da Ribeira Sacra, falar de Románico supón referirnos a un dos piares que sustentan a súa identidade e singularidade e que resulta inseparable dos demais elementos que integran a paisaxe cultural como o viño, os bens do patrimonio natural e os restantes bens do patrimonio monumental ou o inmaterial. Ademáis, debe terse en conta que o patrimonio relixioso constitúe un legado cultural que, alén da compoñente artística, recolle os valores da vida en comunidade e dos vínculos entre a sociedade do rural galego.

Doutra banda, debe recoñecerse a enorme orixinalidade do románico da Ribeira Sacra, tanto por recoller a influencia da obra do Mestre Mateo realizada no Pórtico da Gloria da catedral compostelá, como pola súa excepcional concentración na contorna dos cursos fluviais do Miño e do Sil, evidenciando o proceso de colonización do territorio polas abadías monásticas, a especialización no referente ao cultivo da vide e a incorporación ás rutas comerciais dende época medieval.

Doutra banda, a excepcional presenza da arte románica constitúe un dos criterios de maior relevancia sobre os que se asenta a candidatura de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra, na que se recolle que “A Ribeira Sacra é un exemplo singular de quince séculos de sacralización continuada do territorio que hoxe é preservado nun bosque de igrexas, evidencia dun dobre centenar de mosteiros que perviven dende a súa orixe ata a actualidade en Ferreira de Pantón”.

Segunda: A participación en redes de traballo de ámbito local, nacional ou internacional constitúe na actualidade unha premisa fundamental para traballar en prol dunha maior competitividade nun contexto de globalización. Neste senso, a integración e a cooperación con diferentes organismos cun criterio de gobernanza multinivel outorga o beneficio de pertenza a un espazo común de xestión e intercambio de coñecemento e constitúe unha verdadeira catapulta para a maior visibilidade e promoción do territorio e do seu patrimonio en todo o mundo.

Terceira: Dende o ano 2003, a Sociedade TRANSROMANICA conecta o patrimonio cultural románico común a través de nove países europeos: Alemania, Austria, Portugal, España, Francia, Italia, Eslovaquia, Serbia e Rumanía.

No ano 2007, a TRANSROMANICA foi recoñecida como Itinerario Cultural do Consello de Europa. Xunto con outros 37 itinerarios, proporciona unha demostración concreta dos principios fundamentais do Consello de Europa: Dereitos Humanos, democracia cultural, diversidade e identidade cultural, diálogo, intercambio e enriquecemento mutuo a través de fronteiras e séculos. O programa de Itinerarios Culturais foi creado polo Consello de Europa en 1987. O seu obxectivo é demostrar dunha forma visible, a través dunha viaxe no espazo e no tempo, como o patrimonio dos diferentes países e culturas de Europa representa un patrimonio cultural común.

Cuarta: De acordo co artigo 3 dos estatutos, a TRANSROMANICA é unha organización internacional sen ánimo de lucro que respalda e promove o patrimonio cultural románico europeo. O seu obxectivo é estudar o patrimonio románico das rexións participantes, para dalo a coñecer, facelo accesible ao público en xeral e usar este patrimonio con fins culturais. Ademais, a Sociedade apoia os esforzos para preservar os edificios.

É de particular interese para a Sociedade, de conformidade co seu propósito e o concepto de redes internacionais, coordinar, promover e desenvolver:

- I. O futuro crecemento e mellora da rede TRANSROMANICA.*
- II. A valorización turística sensible concebida para protexer monumentos.*
- III. O acceso público a edificios románicos.*
- IV. A formación técnica e complementaria superior para os membros e o seu personal/ voluntarios.*
- V. O estudo e recuperación de produtos tradicionais.*
- VI. A adopción de medidas para crear unha identidade nas rexións implicadas e o traballo voluntario.*



VII. Eventos culturais e proxectos artísticos, que subliñen o carácter específico dos edificios históricos, ao tempo que os protexen como monumentos.

VIII. Publicidade para a rede e edificios individuais, información xeral e lobbying para abarcar os períodos románicos / medievais en todo tipo de publicacións, conferencias, comunicados de prensa, participación en feiras comerciais e uso de novos medios e

IX. Educación temática para nenos, xóvenes e adultos.

Estes obxetivos poranse en práctica dotándoos de fondos asociados ao propósito.

Para lograr os seus obxetivos, a Sociedade traballa en estreita colaboración con diferentes institucións europeas, ministerios gubernamentais, axencias especializadas, organizacións de marketing turístico das rexións implicadas e outras institucións e organizacións sen fins de lucro que respalden o seu labor.

Actualmente, forman parte da TRANSROMANICA entidades de nove países: Austria (Municipio de Maria Wörth e Municipio de Millstatt); Francia (Centre International d'Études des Patrimoines Culturels en Charloais-Brionnais); Alemania (Ministerio para el Desarrollo regional y transporte de Sajonia-Anhalt, Asociación de turismo de Sajonia-Anhalt e Fundación "Stiftung Breunschweiger Kulturbesitz"); Italia (Municipio de Pavia e Polo Museale del Piemonte); Portugal (VALSOUZA/ Rota do Românico); Rumanía (Municipio de Alba Iulia); Serbia (Organización nacional de Turismo de Serbia); Eslovaquia (Ministerio de Cultura de la República eslovaca) e España (Autoridad regional de Castilla y León e Municipio de Zamora).

Quinta: Segundo o artigo 4 dos estatutos da TRANSROMANICA, en relación ao carácter non lucrativo da entidade, cómpre salientar:

1. A Sociedade persegue exclusiva e directamente fins fiscais privilexiados, non lucrativos no sentido do código fiscal.

2. O traballo da sociedade é altruísta; non persegue esencialmente o obxectivo da viabilidade económica.

3. Os fondos sociais só se poden utilizar de conformidade cos estatutos. Ningunha persoa pode beneficiarse de gastos alleos ao propósito da Sociedade.

4. Os membros dos órganos da sociedade realizan traballos non remunerados. Os membros non deben recibir contribución económica de fondos da sociedade. Os gastos, e en particular os gastos de viaxe, poden reembolsarse pola cantidade de gastos verificables.

5. Salvo disposición en contrario da Lei en materia de beneficios, calquer superávit do estado financeiro anual será arrastrado ao seguinte exercicio económico.

Sexta: Segundo o artigo 5º dos estatutos, en relación aos membros da TRANSROMANICA,

A Sociedade estará composta por:

- a) membros de pleno dereito,
- b) membros patrocinadores e
- c) membros honorarios.

2. Son membros de pleno dereito:

- a) Organismos públicos ou privados que representan un conxunto de construción románicas nunha zona xeográfica.
- b) Organizacións turísticas que representen cando menos cinco construcións románicas;
- e
- c) Representantes de organizacións que representen construcións individuais.

3. Os membros patrocinadores poden incluír a calquera persoa física ou xurídica en virtude do dereito público ou privado que desexe apoiar a labor da sociedade de forma financeira ou non material.

4. A proposta do Comité Executivo, a Asamblea Xeral de membros poderá designar como membros honorarios a persoas físicas que teñan feito unha aportación específica á sociedade e á súa labor.

Para afiliarse según os puntos 1. a) e b), debe solicitarse por escrito ao Comité Executivo. As admisións de novos membros serán decididas pola Asamblea Xeral. O Consello Asesor



Científico elabora unha proposta de criterios e o proceso de selección de novos sitios / redes membros. O Comité Executivo determinará o proceso e os criterios de selección.

No caso da Deputación de Lugo, procedería a súa adhesión como membro de pleno dereito xa que, dadas as competencias que ostenta en materia de promoción turística recollidas no artigo 6º da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, cumpríranse os requisitos para obter esta condición.

Sétima: de acordo co artigo 7º dos estatutos da TRANSROMANICA, os membros de pleno dereito aboarán cotas de afiliación. Ditas cotas ascenden actualmente, sen prexuízo de posibles actualizacións, a 7.500 euros anuais, tal e como consta publicado na web <https://www.transromanica.com/about/membership/>, ao ter solicitado a Deputación de Lugo a súa adhesión como “rede de tamaño medio”, que permite incluír entre 6 e 60 monumentos.

Oitava: debe pórse de manifesto que, tal e como se recolle no artigo 21 dos estatutos da sociedade TRANSROMANICA, a lingua oficial de traballo da sociedade é o inglés, motivo polo cal deberá designarse por parte da Deputación unha persoa que sexa capaz de comunicarse en inglés, ademáis de ter a potestade de poder actuar en nome da Deputación para a toma de decisións ante os órganos correspondentes da TRANSROMANICA e particularmente, para emitir o voto ante a Asamblea Xeral.

Novena: En relación aos beneficios que aporta a condición de membro da TRANSROMANICA, tal e como se detalla na web <https://www.transromanica.com/about/membership/>, destacan:

- *Uso do título/marca “Ruta Cultural do Consello de Europa” e uso do logotipo de Rutas Culturais do Consello de Europa.*
- *Integración na estratexia de comunicación, incluído o sitio web, redes sociais, boletín informativo, folletos, panfletos, carteis, feiras de turismo, etc.*
- *Perfil de membro propio no sitio web da TRANSROMANICA.*
- *Integración no calendario de eventos do Instituto Europeo de Itinerarios Culturais.*

- *Intercambio cualificado e informal dentro dunha rede europea de investigadores e expertos.*
- *Contactos con novos socios en toda Europa.*
- *Intercambio e desenvolvemento de sinerxías con outros Itinerarios Culturais Europeos.*
- *Posibilidade de cooperación interdisciplinaria.*
- *Información adicional e adquisición conxunta de fondos da UE.*
- *Plataforma de marketing internacional a través do intercambio de información e material de promoción.*
- *Participación en talleres e capacitacións.*
- *Consultoría da oficina da TRANSROMANICA.*

Décima: son obrigas dos membros da TRANSROMANICA, de acordo coa información detallada na web <https://www.transromanica.com/about/membership/> :

- *Uso dos logotipos da TRANSROMANICA e das Rutas Culturais en todas as publicacións relevantes, incluíndo sitios web e redes sociais sobre a base das pautas de publicación proporcionadas pola TRANSROMANICA.*
- *Uso do deseño corporativo unificado proporcionado para actividades específicas da TRANSROMANICA.*
- *Participación nunha actividade da TRANSROMANICA a nivel europeo por ano.*
- *Sinalización / identificación dos edificios románicos como membros da Ruta Cultural do Consello de Europa- TRANSROMANICA.*
- *Traducción de textos ao idioma nacional e ao inglés.*
- *Contribución anual a un dos cinco campos de acción prioritarios.*
- *Desenvolvemento dunha ou máis ofertas de viaxes da TRANSROMANICA para a rexión.*
- *Documentación e comunicación de reunións rexionais de partes interesadas.*
- *Subministro de información e imaxes utilizables sobre eventos a través do formulario de eventos provisto.”*

(...)

- *Informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta no que se recolle:*

(...)



Emitiuse o presente a requirimento da Presidencia, con relación á proposta de adhesión referida no asunto.

ANTECEDENTES:

Son antecedentes do presente os reflectidos na proposta, que manifesta o interese da administración provincial en formar parte da dita sociedade Transrománica, e relatan o interese e beneficio provincial que potencialmente se deriva de dita adhesión.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*
- O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

As entidades locais poden en base á súa iniciativa económica formar parte de diferentes figuras asociativas incluídas sociedades de capital, polo tanto parecen posible iniciativas como as propostas que, non estando restrinxidas pola normativa, supoñen formar parte de asociacións que protexen ou promocionan outros valores sen estar integradas exclusivamente por outros Concellos ou Administracións Públicas, e neste caso sen ánimo de lucro; sempre que se motive o interese da adhesión en favor da Entidade e os seus administrados.

No que afecta ó procedemento compre destacar que se ten informado pola unidade xestora a cumprimentación dos fitos procedimentais que se indican, así como, os marcados pola “sociedade”, da que se propón a adhesión, restando a adopción dos acordos que contén a proposta, e o sometemento do expediente ó informe da intervención.

Respecto do contido dos estatutos, non se detectan, nin se teñen informado pola unidade xestora aspectos dos mesmos incompatibles coa normativa, dita unidade deberá verificar de xeito regular, que a adhesión cumpre os obxectivos propostos e que se realizan as tarefas comprometidas .

Visto que, do acordo se derivan obrigas de carácter económico de xeito periódico compre recabar informe da intervención tanto no que respecta á existencia de crédito como respecto da fiscalización do acordo.

Resulta competente o Pleno Provincial mediante acordo adoptado coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (artigo 47.2. g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local).

Considerando ó anterior en cumprimento do establecido no artigo 3.3 c) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, resulta preceptivo informe no exercicio da función de asesoramento legal preceptivo sen prexuízo da emisión de nota de conformidade.

Informe que emito a salvo de criterio mellor fundado en dereito.

(...)

- Informe de Fiscalización limitada previa, con resultado de conformidade.

Con base na documentación anteriormente relacionada e analizado o expediente, a Deputada- Delegada que subscribe, PROPÓN que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo como membro de Pleno Dereito á sociedade *TRANSROMANICA- The Romanesque Routes of European Heritage e. V.* con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2021.

2º.- Aceptar as condicións e normas establecidas nos seus estatutos e proceder á súa sinatura pola Presidencia, en proba de conformidade.

3º.- Aprobar a cota anual establecida como obriga no artigo 7º dos estatutos para a inclusión na *TRANSROMANICA* dunha rede de monumentos de tamaño medio (entre 6 e 60 monumentos) e cuxa contía actualizada aparece reflectida no informe do Servizo de Turismo e consta publicada na web <https://www.transromanica.com/about/membership/>.



4º.- Designar ao Presidente da Deputación ou á persoa na que delegue como representante ante a sociedade.

5º.- Dar traslado do acordo plenario á sociedade TRANSROMÁNICA- The Romanesque Routes of European Heritage e. V.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación por unanimidade, e polo tanto coa maioría absoluta requirida polo art. 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DO MINISTERIO DE FOMENTO DE CESIÓN DE TERREOS DE TITULARIDADE PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DUNHA GLORIETA DE CONEXIÓN DA ESTRADA N-VI COA CALLE ALFONSO X EL SABIO DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Na tramitación da solicitude de terreos provinciais polo Ministerio de Fomento para a execución do proxecto *“Nuevo puente sobre el río Miño en Lugo. Tramo: Conexión del puente con el viario urbano de Lugo. Glorieta de conexión de la carretera N-VI en su p.k. 498+800, con la calle Alfonso X El Sabio”* consta no expediente os seguintes precedentes:

I. ADOPCIÓN DE ACORDOS PROVINCIAIS,

1. Acordo do 28 de marzo de 2017 do Pleno Provincial cuxa parte dispositiva expresa:

“Aprobar o inicio do procedemento da seguinte cesión gratuíta relativa a un terreo provincial de natureza patrimonial a favor do Ministerio de Fomento:

a) A superficie cedida é aproximadamente de 55 m² da parcela catastral número 8509201PH1680N necesarios para la ejecución de arcén y cuneta y la retirada y posterior reposición de un tramo de muro, e baixo as pautas sinaladas no informe que se reproduce da Unidade de Proxectos provincial.

b) A presente cesión queda vinculada á execución do proxecto denominado “Nuevo puente sobre el río Miño en Lugo. Tramo: Conexión del puente con el viario urbano de Lugo. Glorieta de conexión de la carretera N-VI en su p.k. 498+800, con la calle Alfonso X El Sabio”, procedendo no seu caso á reversión dos terreos.

Transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións, se entenderá elevado a definitivo este acordo”.

Este acordo resulta definitivo dado que para tales efectos o 12 de xuño de 2017 emitiuse certificación pola Secretaría Xeral de que o dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 101 o 4 de maio de 2017 e exposto ao público por un período de 20 días no taboleiro de anuncios desta Deputación Provincial estando a disposición dos interesados, sen que no citado período se interpuxeran reclamacións ni ningún tipo de alegación contra o citado acordo polos posibles interesados.

2. Non obstante, cando este acordo de cesión gratuíta da titularidade de 55 m² da parcela provincial a favor do Ministerio de Fomento, notificase ao dito Ministerio solicitante, este presenta reiteración da súa solicitude, expresando a necesidade da cesión de 371 m² do terreo provincial para a realización e execución do proxecto de obras.

Deste interese resulta a a adopción do Acordo do 8 de marzo de 2019 da Xunta de Goberno Provincial cuxa parte dispositiva expresa:

“1º. Aprobar á posta a disposición de 371 m² sobre a totalidade da parcela con referencia catastral 8509201PH1680N para a execución do proxecto denominado “Nuevo puente sobre el



río Miño en Lugo. Tramo: Conexión del puente con el viario urbano de Lugo. Glorieta de conexión de la carretera N-VI en su p.k. 498+800, con la calle Alfonso X El Sabio”.

2º. A presente posta a disposición queda vinculada á execución do devandito proxecto procedendo no seu caso á reversión dos terreos”.

II. TRAMITACIÓN DO CITADO PROXECTO DE OBRAS.

A Dirección General de Carreteras informa favorablemente á necesidade e idoneidade da tramitación do expediente para a contratación do CONTRATO DE SERVICIOS PARA LA EJECUCION DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACION Y EXPLOTACION EN LAS CARRETERAS DEL SECTOR LU-01.

As estradas do SECTOR LU-01 afectadas polo dito contrato son, entre outras, a seguinte: N-VI, PK498+200 al PK 504+800, Tramo: Tolda-Enlace N-640.

Con data do 17.09.2020 a Plataforma de Contratación do Sector Público publica Anuncio de formalización de contrato de *ejecución de diversas operaciones de conservación y explotación en las carreteras del sector LU-01 Provincia de Lugo no que se detalla entre outras as seguintes especificacións:*

Plazo de execución: 3 anos.

Adxudicatario: Acciona Mantenimiento de Infraestructuras SA.

Data adxudicación: 15.07.2020.

Data de formalización do contrato: 10.08.2020.

Con data do 17.09.2020 o BOE n.º 248 anuncia a formalización do dito contrato.

III. EXECUCIÓN DO PROXECTO SOBRE TERRENOS PROVINCIAIS.

Visto que a solicitude dos terrenos provinciais - 371 m² sobre a totalidade da parcela con referencia catastral 8509201PH1680N - afecta á execución das referidas obras na N-VI, PK498+200 ao PK 504+800, Tramo: Tolda-Enlace N-640 e que, en particular, incide do tramo no

que se proxecta a realización da *Glorieta de conexión de la carretera N-VI en su p.k. 498+800, con la calle Alfonso X El Sabio.*

Visto que por Acordo do 28 de marzo de 2017 do Pleno Provincial se iniciou o procedemento para a cesión gratuíta de 55 m² dos 371 m² da parcela provincial coa catastral número 8509201PH1680N solicitados polo Ministerio de Fomento necesarios para o referido proxecto de obras.

Visto que, tras a reiteración da solicitude do Ministerio de Fomento de cesión dos 371 m² do terreo provincial, por acordo da Xunta de Goberno Provincial do 8 de marzo de 2019 foron postos a disposición do Ministerio de Fomento e supeditados á execución do devandito proxecto.

Visto que o 17.09.2020 o BOE nº 248 sobre o anuncio da formalización do devandito contrato de conservación e explotación nas estradas no sector LU-01. Provincia de Lugo.

E é polo que resulta a inminente execución do reiterado proxecto e motor do presente reinicio deste expediente.

IV. INFORME DOS SERVICIOS TÉCNICOS PROVINCIAIS

Consta o informe favorable do Servizo de Vías e Obras do 08 de febreiro de 2019 relativo a procedencia de acceder á solicitude do Ministerio de Fomento relativo á cesión dos 371 m² soclitados da parcela catastral 8509201PH1680N.

Asi mesmo o Servizo de Vías e Obras considera *xustificad*o que o *deseño adoptado no devandito proxecto mellorará a funcionalidade e a seguridade viaria da actual conexión entre a N-VI e a rúa Alfonso X El Sabio, (...).*

Non obstante, apunta á posible recuperación do material existente de mampostería de laxes de pedra en muro, que deberá ser desmontado ao incio das oras para a súa reutilización ben sexa no acabado estético da obra en forma de pequeno muro de repé do noiro ou coma posible petril no límite do terreo cedido, ou ben por esta Deputación para outros usos na parcela ou fora



dela, actuacións que poderán ser consensuadas co promotor das obras mediante a oportuna coordinación.

Consta representación gráfica de data xullo 2020 do Sevizo de Vias e Obras

V. TITULARIDADE DAS ESTRADAS DO ESTADO

A titularidade da estrada N-VI, PK498+200 ao PK 504+800, Tramo: Tolda-Enlace N-640, integrada no SECTOR LU-01, afectada polo antedito contrato e obxecto do presente procedemento, está atribuída *ex lege* ao Estado. A saber:

As estradas do Estado (artigo 4 da Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de carreteras) son aquelas cuxa titularidade corresponde á Administración Xeral do Estado que exerce a súas competencias a través do Ministerio de Fomento. As estradas do Estado están constituídas pola Red de Carreteras del Estado e o Viario Anexo.

A Red de Carreteras del Estado constitúese polas estradas integradas nun itinerario de interese xeral ou cuxa función no sistema de transporte afecta a mais dunha comunidade autónoma.

Segundo o exposto, os 371 m² da parcela provincial solicitados polo Ministerio de Fomento -necesarios para o referido proxecto de obras a realizar nun tramo da N-VI-están abocados a integrarse na Red de Carreteras do Estado.

Baixo o CSV IV7G5WTKPH7DLS7MQ57NCZYU4Q consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de 13.11.2020 para realizar a devandita cesión gratuíta da titularidade a favor do Ministerio de Fomento para a realización dos fins de utilidade pública expresados. Conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Polo exposto, e á vista do artigo 57.23 do Regulamento Orgánico desta Deputación esta Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o inicio do procedemento da seguinte cesión gratuíta da titularidade relativa a un terreo provincial de natureza patrimonial a favor do Ministerio de Fomento:

a) A superficie cedida é aproximadamente de 371 m² da parcela catastral número 8509201PH1680N necesarios para á execución do proxecto denominado “Nuevo puente sobre el río Miño en Lugo. Tramo: Conexión del puente con el viario urbano de Lugo. Glorieta de conexión de la carretera N-VI en su p.k. 498+800, con la calle Alfonso X El Sabio” e co a restauración dun novo límite na parcela provincial.

b) A presente cesión gratuita queda vinculada á execución do devandito proxecto procedendo no seu caso á reversión dos terreos a esta entidade provincial.

c) Someter a información pública o presente procedemento e, no seu caso, transcorrido o prazo de información pública sen alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Con esta proposta trátase dunha colaboración entre Administracións Públicas coa finalidade de mellorar a seguridade vial nunha zona tan importante aquí en Lugo como é a zona universitaria, e o que hoxe propoñemos é o acordo da cesión gratuita de 371 metros cadrados ó Ministerio de Fomento supeditados á execución do proxecto que consta na proposta que é a nova ponte sobre o río Miño en Lugo, tramo conexión da ponte co viario urbano de Lugo, para facer a glorieta da conexión da carretera N-VI no p.k. 498,800 coa rúa Alfonso X El Sabio.



Trátase de facer esa cesión gratuita, para mellorar a seguridade vial nesta zona”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Por unha banda parece que a cousa vaise facer por fin, é un expediente curioso; se eu fose malintencionado, coma algún Alcalde desta provincia que pón en tea de xuízo as decisións dun comité médico con respecto ás medidas sanitarias da Covid e facer política de calquera cousa, incluso dunha pandemia; a verdade é que o feito de que o Ministerio de Fomento hai anos pedise os metros que agora se lle dan, e a Deputación fíxese un rapidísimo expediente para cederlle moitísimos menos metros, 55 para ser exactos, e despois cando o Ministerio de Fomento di que non chega para facer unha rotonda a Deputación pasase dous anos sen mover un só papel, igual podía chamarnos a pensar que o que era necesario era que tódalas Administracións implicadas tiveran unha mesma cor por aquilo de poder seguir defendendo a idea de que hai unha diferenza de trato coa miña cidade en función da cor da Administración correspondente.

Pero agora xa se dá esa circunstancia marabillosa de que no Goberno Central, na Deputación e no Concello de Lugo todos teñen a mesma cor, entón parece que por fin se vai poder facer esta rotonda tan necesaria, entre outras cousas porque un goberno da mesma cor que temos agora fixo a ponte onde lle pareceu oportuno e convinte, e non onde lle conviña ós lucenses, que iso tamén era outra cousa.

Aproveitar tamén, xa que falamos desta parcela en concreto, para lembrar que a Deputación ten alí un quiosco abandonado, e que en Lugo xa temos suficientes edificios e inmobles de titularidade pública abandonados polo concello, e que na Deputación podían facer algo, aínda que servira de exemplo para a Alcaldesa, con ese quiosco, aínda que fora tiralo e poñer unha árbore, e non deixalo para o que está agora mesmo que non é precisamente para ben”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Neste punto non tiña pensado intervir porque considerabamos que era un acordo bo para a cidade de Lugo, e non só para a cidade porque case todos os que somos desta provincia é unha vía que utilizamos habitualmente e polo tanto non lle viamos moito máis debate. Pero o Sr. Poy sacou algunhas suspicacias; é certo que eles estiveron brevemente no goberno desta Deputación e puideron ter movido isto; e tamén é certo que xogaron coas maiorías deste pleno como quixeron, e tampouco foi un tema que lles preocupara tanto.

Nós dende este goberno, que é do que podemos falar, e que é do que eu formo parte, sinceramente consideramos que é algo moi positivo para a cidade de Lugo e para tódolos lucenses; e polo tanto nós é co que nos queremos quedar; son cousas positivas, vaise mellorar moito a circulación alí, e polo tanto quedamos co positivo, este goberno traballa para conseguir cousas positivas para a cidadanía, e isto é unha mostra diso”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Igual có que manifestou o compañeiro Efrén, evidentemente nós nestes dous anos que levamos de goberno o que intentamos e o que traemos hoxe aquí é a proposta para darlle unha solución definitiva, e para mellorar esta zona tan importante de Lugo como é a zona do Campus Universitario.

E trasladarlle tamén que fronte ás acusacións que fan de que sexa necesario agardar a que cheguen gobernos da mesma cor política, indicarlles que obviamente nós non facemos o que nos teñen acostumados dende o Partido Popular tanto na Xunta de Galicia coma no Goberno do Estado; Rajoy estivo gobernando dende o 2011 ao 2017 e isto non se levou a cabo.

Eu creo que non era necesario facer esa visión cara ó pasado senón que creo que é o momento de poñer en valor precisamente que sexamos capaces de traer unha proposta definitiva que vai mellorar o día a día da veciñanza de Lugo e de moitos que utilizamos esa vía, e obviamente tamén da nosa xuventude, porque é a zona do Campus Universitario, eu estudei nese Campus e seguramente moitos dos que estamos aquí tamén.



Para rematar, poñer en valor que é algo positivo para o concello de Lugo e en xeral para toda a provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Noutras ocasións, como agora, quédame a impresión de que non escoitan cando falo eu nin cando falamos os que estamos deste lado. Eu en ningún momento dixen que fora negativo ou neguei que fora positivo, é igual de positivo facelo agora ca facelo no seu momento hai anos e xa xa estaría feito. E se non se fixo foi porque a Deputación non fixo as cousas ben, é así de sinxelo; e despois pasouse moito tempo sen mover un só papel.

En ningún momento estou a dicir que non sexa positivo para a miña cidade, pero si que hai que lembrar que se non se fixo antes é porque nesta Deputación non se fixeron as cousas ben. Iso si, agradecerlles que por unha vez recoñezan que os gobernos anteriores ó seu non fixeron as cousas ben, aínda que foran da mesma cor non está de máis.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Indicarlle que con independencia de que haxa dilacións ou non é importante tamén que haxa o crédito para poder levar a cabo os investimentos, e efectivamente neste ano o haberá, anteriormente non o houbo, cando gobernaron vostedes en Madrid non o houbo.

Polo tanto, con independencia de que se puxeran a disposición ou non os terreos, que efectivamente se puxeron no 2017 eses 55 metros cadrados, que agora foron ampliados ós 271, se non hai crédito as melloras e os investimentos non se poden realizar. Polo tanto chega nun momento no que si que imos ver por fin executadas esas obras”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Sr. Poy podía dicirlle aquilo de “había unha vez...” porque así empezan os contos. Pero non hai tanto tempo había un lugar no que gobernaba o Sr. Rajoy, o Sr. Feijóo, e a Sra. Candia, todos da mesma familia política, e non fixeron nada do que vostede se queixa agora. Este goberno da Deputación fai ben as cousas, e agora imos arranxar tamén ese problema. Así que antes empezaba o conto agora empeza a realidade”.

Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade, e polo tanto coa maioría absoluta requirida polo art. 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

6.- PROPOSTA DE REPOSICIÓN A DISPOÑIBILIDADE DO ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO EN 2020.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Visto informe de Intervención en relación á suspensión do PEF 2019-2020 e á suspensión dos acordos de non dispoñibilidade de crédito no ano 2020 acordados no Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 26/05/2020, en base á aprobación polo Consello de Ministros de 06/10/2020 e do Congreso dos Deputados de 20/10/2020 da suspensión das tres regras fiscais de estabilidade, endebedamento e regra de gasto para os anos 2020-2021, debido ás excepciónais circunstancias da situación de emerxencia que permiten adoptar a medida excepcional do artigo 135.4 da CE e artigo 11.3 da LOE.

Por todo o exposto proponse ao Pleno:



Primeiro: Acordar a reposición a dispoñible dos créditos obxecto de AND das seguintes apli-cacións:

Aplicacións orzamentarias		Importe
9120.22706	Órganos de Goberno, Estudos e traballos técnicos	10.000,00
9200.120	Administracións Xeral, Retribucións básicas do persoal funcionario	200.000,00
9200.121	Administracións Xeral, Retribucións complementarias do persoal funcionario	400.000,00
9200.22201	Administracións Xeral, Comunicacións postais	50.000,00
9320.22706	Recadación, Estudos e traballos técnicos	40.000,00
0100.310	Débeda Pública, Xuros de préstamos e outras operacións financeiras en euros	50.000,00
TOTAL		750.000,00

Segundo: Acordar a declaración de dispoñibilidade como fonte de financiamento do Remanente de tesourería para gastos xerais polo importe de 3.776.352,93 €.

Sométese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Esta proposta o que significa é declarar dispoñible para o uso da Deputación un importe de catro millóns e medio, dos cales 3,7 millóns son de remanentes, e 750.000 euros de aplicacións orzamentarias deste mesmo ano.

Esta medida que nos permite dispoñer de novo de catro millóns e medio é posible grazas ó acordo adoptado polo Goberno do Estado no Consello de Ministros do pasado 6 de outubro, un acordo ratificado polo Congreso dos Deputados o día 20 do mesmo mes, e que consiste na suspensión das tres regras fiscais de estabilidade, endebedamento e regra de gasto, para os anos 2020 e 2021 como medida extraordinaria para dar flexibilidade e osíxeno ás administracións, para protexer ás persoas, e contribuir á recuperación económica fronte á pandemia da Covid-19. Esta

medida permite considerar superados os plans económico financeiros e os acordos de non dispoñibilidade de crédito derivados dos mesmos, podendo ser revogados.

Deste xeito, grazas á decisión do Goberno do Estado, o plan económico financeiro desta Deputación queda superado, e podemos volver dispoñer dos catro millóns e medio que dedicaremos a desenvolver as políticas sociais e económicas que temos previstas nos Orzamentos en beneficio dos veciños e veciñas e dos concellos desta provincia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Acabamos de ver anunciar a dispoñibilidade por parte desta Deputación de catro millóns e medio de remanentes, e hai que facer un pequeno repaso de como chegamos a esta situación.

Por un lado é certo que a imposibilidade da dispoñibilidade desa cantidade que tiña a Deputación viña dos propios incumprimentos económicos que levaba adiante este goberno na Deputación; efectivamente non se cumprira a regra de gasto nin os demais parámetros que esixe a Lei, e froito desa situación de non cumprimento de vostedes mesmos non se podía dispoñer.

Tamén é certo que esa situación mudou por unha cuestión política clara que se deu no Estado, e é que fronte ó intento do Goberno de España, do goberno socialista do señor Pedro Sánchez, que intentou confiscar e quedar cos aforros de tódalas entidades locais, de tódolos concellos e de tódalas deputacións, do Estado, houbo unha reacción liderada neste caso polas Administracións nas que gobernaba o Partido Popular, en contra desa confiscación.

Tamén é certo que esa confiscación fracasou, e froito dese fracaso houbo que dar marcha atrás na imposibilidade de dispoñer destes medios tal e como pretendía o Sr. Sánchez e o Goberno da nación. É verdade tamén que esa volta atrás, que nos leva a este punto no que estamos agora mesmo, non foi grazas a persoeiros políticos que defenderon a situación que estaba a crear ós concellos e ás deputacións o Goberno da nación, e referímonos de forma nominativa ó Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, o señor Alcalde de Vigo, que nun primeiro momento se aliou e se puxo de acordo nesa confiscación e despois quedou francamente, con



tódolos respectos, no máis absoluto ridículo cando tivo que dar marcha atrás o Goberno en tódolos seus plans.

Chegados a esta situación, o noso plantexamento é o mesmo que hai seis meses; en maio pediamos e dicíamos, e falaba antes o señor Presidente de que había que deixarse de contos, pois iso é o que seguimos a pedir, que se deixen de contos; hai seis meses falabamos de tres millóns de euros, falabamos dun plan Covid para a provincia, falabamos dunha situación nada continuista e dende logo moi preocupante, e nada se fixo; e nós seguimos dicindo o mesmo que hai seis meses, agora si co soporte legal da dispoñibilidade deses fondos, antes escudábanse lóxicamente na imposibilidade legal de dispoñer deses fondos.

Pois agora é o momento de facer o que pedimos e o que pediamos hai seis meses, de incrementar o Plan Único, de darlle á provincia a situación na que está, que non é a de continuidade. Viamos un pouco tristes, e dende logo arrepiados, anunciar por parte do señor Presidente uns presupostos continuistas, e como pode haber uns presupostos continuistas na situación na que estamos?. O que xa lles tarda é facer unha proposta realista que incremente o Plan Único para tódolos concellos, na situación na que estamos non depende de divisións artificiais nin de cores políticas; estamos nunha situación en que a provincia, o tecido social, o tecido económico, e no fondo a situación social de tódalas familias desta provincia, é extremadamente preocupante, e a dos concellos tamén; e non só preocupante senón dende logo cun futuro bastante complicado.

Polo tanto a Deputación ten que deixarse de contos e presentar un incremento, con estes fondos dos que agora dispón, do Plan Único ou dun plan específico de axudas, cunhas directrices claras que non xeren ningún tipo de discriminación entre concellos nin entre persoas da mesma provincia.

Polo tanto animámoslos a que se deixen de contos e fagan fronte xa a esa situación porque esta provincia non está abandeirando absolutamente nada na recuperación da situación na que estamos, e os concellos notan na súa xestión, e xa non é que o noten os concellos senón que vostedes mesmos a recoñecen, unha situación absolutamente continuista, e non é o momento do curta e pega nos presupostos nin no plan único, é o momento de atallar a situación na que estamos.

Por iso animámoslos, agora que si parece que, despois do fracaso do intento do Goberno da nación de conculcar os dereitos e a dispoñibilidade dos fondos dos concellos e os aforros das institucións locais, é o momento de que realmente leven adiante, e se verá, xa que anuncian próximamente orzamentos para o ano que vén, que se nota a dispoñibilidade destes fondos e que se nota dende logo que a Deputación serve para algo máis que para ser continuista no ano da gran pandemia e do estado de alarma”.

Seguidamente Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Indicarlles que por unha banda Feijóo na reunión de Presidentes estaba de acordo precisamente na cesión dos remanentes para que os xestionaran as Comunidades Autónomas. Polo tanto o dobre raseiro é o de vostedes.

E por outra banda, en relación ó que levamos feito dende esta Administración precisamente para paliar as consecuencias desta crise sanitaria que estamos vivindo, indicarlles que levamos movilizados máis de 70 millóns de euros dende que comezou esta crise, por unha parte adiantando vinte e dous millóns ós concellos no concepto de anticipo das entregas a conta; e por outra parte tamén cos vinte e un millóns do Plan Único, así como as axudas ó tecido asociativo que se levamos dado durante todos estes meses.

Obviamente este crédito ímolo ter dispoñible para o ano 2021 e, como lles indicaba na primeira intervención, serán utilizados en beneficio de tódolos veciños e veciñas, e dos concellos desta provincia.

Piden que incrementemos o Plan Único, piden plans Covid que non sexan discriminatorios cos concellos, pero nós estivemos sempre ó carón dos concellos como lles dicía, facéndolles os anticipos das entregas a conta, ou establecendo que puidesen utilizar os recursos do Plan Único precisamente para medidas para levar a cabo fronte a esta crise sanitaria; e a Xunta o que fixo durante esa época foi deixar sen efecto parte das subvencións en concorrencia competitiva ás que podemos concorrer logo os concellos. Por non falar xa do reparto a que nos teñen acostumados no sentido de que os convenios só se firman con concellos do Partido Popular, o mesmo reparto que



fixeron vostedes mentres gobernaron nesta Institución con Elena Candia que, por certo, vostede era Deputado.

Polo tanto de repartos aquí vostedes teñennos acostumados ó seu reparto discriminatorio, obviamente non queremos seguir a súa forma de facer política e de discriminar á veciñanza como nos teñen acostumados tanto cando gobernaron aquí como fan na Xunta de Galicia. E sen dúbida isto vai ser beneficioso para tódolos lucenses porque van dispoñer de catro millóns e medio de euros máis, que non dispoñiamos deles precisamente por levar a cabo inversións importantes en todo o territorio da provincia a través dese Plan de estradas que puxemos en marcha tamén dende o Goberno provincial anterior”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Pois señora Deputada, nada novo nos está contando; vennos contar que movilizaron setenta millóns de euros, e despois explica en que movilizaron setenta millóns de euros. Primeiro en adiantar anticipos, é dicir, en pagar antes o que xa debían, nada novo. E en segundo lugar o Plan Único, o mesmo plan único dende os últimos catro anos dende que se creou; ou sexa ningunha resposta á situación na que estamos; é máis, hoxe non é capaz de concretar nada sobre a dispoñibilidade, coma se fora un tema que non é urxente e segue trasladando para o futuro.

E despois fala de que nós solicitamos o plan Covid e que levamos pelexando por el dende hai tempo, un apoio específico á situación na que estamos; claro que o solicitamos, pero é que vostedes tamen o presentaron, ó mellor non se acorda, pero presentárono a bombo e platiño, tres e pico millóns de euros para axudas, ninguén sabe onde están; pódenos repetir agora na seguinte intervención onde están os tres millóns e medio de euros que dixeron que a maiores ían gastar este ano con respecto ó tecido asociativo e ós concellos?, pódenos dicir canto levan gastado e en que concellos?; eu agradeceríalle que remate con iso, porque se remata con iso significará que algo están facendo; senón pois todo o de sempre, porque ese plan Covid dos tres con tres millóns de euros adicionais anunciárono vostedes non só o pedimos nós; daquela para non cumprir apoiáronse na non dispoñibilidade dos remanentes, efectivamente xa sabemos porque era, agora estamos anunciando que imos ter catro millóns e medio máis de euros, pois a ver se se nota.

É unha mágoa que agora que estamos acabando este ano non trouxeran xa unido a esta dispoñibilidade nova de catro millóns de euros algunha idea, algunha proposta; vostede fale coas empresas da provincia de Lugo, coas familias, a ver se sabe algunha identificar unha axuda específica que fixera a Deputación Provincial en apoio a elas, dende a Costa ata o Sur, ninguén.

Polo tanto menos contos, e trasladen, presenten, e defendan que estes catro millóns e medio de euros de dispoñibilidade serven para algo, e serven nunhas condicións concretas que son as condicións concretas nas que estamos, nas que están moitos autónomos, nas que está todo o tecido industrial, todo o tecido empresarial, tódalas familias desta provincia; demostramos que serve para algo a Deputación, porque dende logo á xente catro millóns e medio de euros soalle a moito diñeiro. Entonces debería haber algunhas directrices, algunhas ideas, e non hai nada.

Por iso, retomando as verbas do señor Presidente de antes: “menos contos”, pois menos contos; agardamos que nos explique onde están e canto levan gastado dos tres millóns de euros que anunciaron para medidas específicas hai meses, que nos digan cales son os convenios, e cal é o nivel executado a día de hoxe”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Mire señor García, hoxe o pleno vai de contos, e o conto de porque non había dispoñibilidade empeza coa Lei Montoro, lei da que o meu Partido estivo sempre en contra, era unha asfixia para esta Deputación pero para tódolos concellos deste país e polo tanto aí empezaron a estar afogados e non poder dispoñer de diñeiro para investir antes da pandemia e agora coa pandemia. Despois a maioría política obrigou a esta medida, que era a que defendía o BNG antes, despois, e polo tanto agora temos esa dispoñibilidade.

Aquí incluíu o debate sobre os Orzamentos, non era exactamente este punto, pero os Orzamentos da Deputación poden ser continuistas porque se hai unha forma de repartir os fondos equitativa e con criterios xustos para todos pódese ser continuista; porque esta Deputación o que fai é repartir os fondos entre tódolos concellos, cousa que o Partido Popular non fai alá onde goberna,



porque hai plan único nas tres Deputacións onde gobernan o BNG e Partido Socialista, nas do PP non, e aí evidentemente o continuismo seu é seguir dando convenios a dedo e nada máis.

Aparte diso o que fai esta Deputación é facerlle o traballo á Xunta, porque neste Orzamento van sete millóns para residencias de maiores, que estaban abandonados completamente pola Xunta de Galicia, e que esta Deputación ten que asumir, ademáis cuns niveis de calidade para presumir. E iso son sete millóns de euros este ano, pero a cifra que calcula a Deputación que vai ter que poñer tódolos anos van ser nove millóns de euros que lle tocaría á Xunta investir; nove millóns de euros de abandono da Xunta de Galicia ós maiores da nosa provincia.

E vostedes de onde queren que recurtemos?, das axudas ás actividades deportivas?, das axudas ás actividades culturais?, do plan único?, de onde?, cal é a súa proposta?. Podemos ser continuistas porque sempre se repartiu con criterios obxectivos neste goberno; e polo tanto se os concellos reciben fondos poden eles facer fronte á pandemia, o que non pode facer a Deputación de Lugo é substituír tódalas eivas da Xunta de Galicia; non podemos facernos cargo de servizos sociais, e facer tódalas axudas daqueles sectores que están máis golpeados pola crise, e que a Xunta de Galicia de momento só ten anuncios.

Polo tanto deberían mirar máis o que fan os seus gobernos, e copiar máis do que facemos os outros, porque aí podemos presumir”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Con respecto á información que solicita dos 3,3 millóns de euros de remanentes, indicarlle que ten á súa disposición toda esta información, e o único que ten que facer é traballar e revisar tódolos expedientes que están á disposición da oposición, como non pode ser doutro xeito.

E por outra banda indicarlle que os concellos, vostede non goberna pero seguramente o seu Alcalde llo pode dicir, os cartos extra que recibiu da Xunta precisamente para facer fronte a esta pandemia, moitos dos compañeiros que ten aquí son alcaldes e non sei os cartos que recibiron, o concello de Trabada ningún.

E o que aquí queda reflectido son dous modelos ben diferentes de facer política; a Deputación de Lugo por facer, como fixo, un investimento nas estradas e endebedarse en quince millóns, acabou incumprindo unha Lei aprobada polo Partido Popular; e o que estamos a facer agora é precisamente, cunha lei aprobada cun goberno socialista, poder ter a disposición dos veciños de novo esta contía económica”.

Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

--oo0oo--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS EFECTIVAS PARA FREAR A SEGUNDA VAGA DA COVID-19.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia medidas efectivas para frear a segunda vaga da Covid-19.

Lonxe de ter aprendido da terrible experiencia que supuxo a primeira oleada do Covid, a actitude da Xunta dende o pasado verán non fixo senón acentuar os erros xa cometidos na primeira etapa e prexudicar as condicións nas que a sociedade galega afronta o rebrote da pandemia. Enganado pola súa propia propaganda electoral, co eslogan de que Galicia fora a primeira Comunidade en recuperar a normalidade, Feijoo calculou mal e pensou que de verdade se tiña derrotado ó virus ou que si este volvía, non o faría ata os primeiros meses de 2021.

Só así se explica o tempo perdido voluntariamente nos meses de xullo e agosto, nos que en lugar de aproveitar a súa vitoria electoral atrasou de xeito irresponsable ata setembro os ceses de



concelleiros ou altos cargos nas consellerías de Sanidade, Educación e Política Social. Este feito complicou dun xeito extremado o inicio do novo curso, que só arrancou con normalidade polo esforzo dos profesores e das familias. E en canto a epidemia comezou a rebrotar, as consellerías clave de Sanidade e Política Social estaban inmersas nun proceso de relevo que acentuou a súa ineficacia en lugar de corrixila.

A Xunta e o seu presidente seguiron a ignorar ós alcaldes/as. Non escoitaron as súas suxerencias e lles negaron a información transparente que estes reclamaban. A pesares de que é a súa competencia, a Xunta non voltou facer novas entregas de material sanitario, luvas ou máscaras. Nin ten respondido á demanda das entidades locais de que asuma o custo das tarefas de desinfección dos centros. De certo, seguimos sen saber como se están gastando os 100 millóns de axudas achegados polo Goberno central para a loita contra a pandemia.

Nun proceso de contradición permanente, Feijoo nega hoxe que vaia a facer as cousas que aproba ó día seguinte, e utiliza a existencia dun consello científico para maquillar decisións arbitrarias que prexudican a uns concellos fronte a outros sen que haxa criterios obxectivos que o xustifiquen.

Mención especial merece, de novo e por desgracia, a situación das residencias de maiores, nas que volveron a rexistrarse picos de incidencia moi graves. Non se poden utilizar os mortos para facer política, pero se as medidas políticas que se toman para frear as mortes fracasan, quen fracasa ten que recoñecer os seus erros. E o goberno da Xunta segue a perpetuar un modelo de residencia que xa se revelara falido. Un modelo de xestión privada, masificado, con déficit de persoal e atención sanitaria, e que a pesares dos concertos ca Administración, actúa sen someterse ós controles periódicos necesarios para asegurar a dignidade dos maiores que residen nelas.

Por todo isto, reiteramos o noso compromiso de colaboración leal na loita contra a epidemia da Covid, e reclamamos á Xunta de Galicia que exerza as súas tarefas de coordinación e de asunción das competencias que lle son propias. E sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo reclame á Xunta de Galicia:

- Que abra unha liña permanente de colaboración cos concellos, para facilitar información veraz, escoitar as reclamacións dos alcaldes/as e ter en conta as súas achegas á hora de aplicar medidas ou levantalas.

- Que faga xa un novo reparto de material preventivo ós concellos, como máscaras ou luvas. E que acompañe o envío de tests de antíxenos coa achega de persoal sanitario necesario para realizalos.

- Que asuma o custo das tarefas de desinfección nas aulas e se cubran as necesidades de máscaras da comunidade educativa.

- Que deixe de aplicar criterios arbitrarios á hora de decidir que municipios ou territorios deben asumir as medidas máis restritivas, como peches perimetrais, da hostalaría ou das actividades non esenciais.

- Que reforce a loita contra a pandemia coa contratación de médicos e persoal sanitario de reforzo, dun xeito especial no que fai a atención primaria”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Hai xa aproximadamente un ano chegaban dende China as primeiras noticias sobre a Covid-19; un par de meses despois a vaga xa se estendía polo mundo sobrecolando a santos e profanos, porque ata ese momento ningún país, ningún goberno do mundo, ningún experto, ningún cidadán, afrontara algo semellante. Dende ese primeiro golpe ata hoxe pasaron case que nove meses, e tódalas persoas en tódolos eidos tomamos nota e procuramos aprender axiña da breve experiencia.

Agora estamos inmersos na segunda vaga á que nos enfrontamos dende hai noventa días, e o Goberno galego estase enfrontando a este segundo capítulo acentuando os erros cometidos no primeiro. Esa repetición de erros da Xunta de Galicia prexudica as condicións nas que os galegos e galegas afrontamos a pandemia. Nesta segunda ola da pandemia a actuación da Xunta de Galicia consiste na inacción, no cambio de criterios, e nas decisións arbitrarias.



A día de hoxe hai un sentir constante en Galicia, por unha banda os alcaldes e alcaldesas sítense ignorados, a cidadanía está confundida, os hostaleiros están indignados, e os anciáns e as súas familias abandonados, mentres os sanitarios están sós e preocupados. Por este sentir xeral é polo que traemos esta proposta a Pleno, para tratar entre todos de corrixir os erros do pasado, para tratar de que Feijóo, de que a Xunta de Galicia, recolla as nosas demandas como unha colaboración, para que Feijóo decida se prefire atinar acompañado ou seguir errando en solitario.

Atinar acompañado por parte da Xunta de Galicia sería o que nós lles traemos na proposta, abrir unha liña de comunicación coas Alcaldías, é dicir darlles información veraz, escoitalas, telas en conta, colaborar con elas repartindo máis material preventivo, como máscaras ou luvas, tests antíxenos e persoal para facelos; asumir tamén o custe da desinfección das aulas e dotar de máscaras a toda a comunidade educativa; aplicar criterios obxectivos, señores do Partido Popular, para a aplicación de medidas restrictivas no territorio; e contratar médicos e persoal sanitario de reforzo, sobre todo en atención primaria, que é o que máis necesitamos nesta provincia sen dúbida.

Nós cremos que é necesario plantexar esta proposta de acordos porque hai dúas constantes na acción do Goberno galego que nos prexudican como sociedade e, como lles dixen antes, á hora de enfrontarnos á pandemia. Por unha banda a negativa da Xunta a asumir as súas competencias; e por outra o desprezo constante a Alcaldes e Alcaldesas, e a falla de transparencia por parte da Xunta de Galicia cos concellos.

A Xunta non asume as súas competencias, actúa de xeito absolutamente irresponsable, primeiro coas eleccións recén gañadas Feijóo, como líder de goberno neste país, marchou de vacacións, retrasou ceses de altos cargos e Consellerías, retrasou polo tanto o nomeamento dos seguintes ata o mes de setembro, fíxoo despois de criticar a un Goberno central e de que Casado aparecera cun perfecto bronceado en Madrid, e retrasou eses nomeamentos en Consellerías importantes como a de sanidade, educación e política social. Atinou nos ceses, fallou nos tempos. Iso é o que lle pasou a Feijóo, colleuno desprevenido a segunda ola da pandemia.

Ese retraso provocou polo tanto que non se puxeran en marcha novas políticas para maiores; provocou tamén un comezo desastroso do curso escolar unicamente salvado polo esforzo

de docentes e familias; provocou deficiencias maiores en atención sanitaria, sobre todo en primaria; e evidenciou sen dúbida a ineficacia na xestión desta segunda ola.

Lonxe de asumir as súas competencias e responsabilidades, o Presidente da Xunta especializouse en criticar un día as medidas que se tomaban no Goberno Central en Madrid para aplicarlas sen ningún tipo de cambio ó día seguinte aquí en Galicia. A incongruencia é de tal magnitude que o mesmo Feijóo que reclamaba as competencias cando había un mando único para as Comunidades Autónomas, unha vez desaparecido e tendoas el todas reclamaba que tomara decisións Madrid.

O Feijóo que o día 26 de outubro, non hai tanto tempo, á saída da conferencia de Presidentes dicía que as novas medidas do Goberno Central eran “un palo para la economía”, ese mesmo Feijóo ó día seguinte ratificaba as propostas do Goberno Central sen tan sequera flexibilizar aquela hora que solicitaba a hostalería no toque de queda ata as doce da noite. Ese mesmo Feijóo, dez días despois, pasou de ser o gran valedor da hostalería a pechala na maior parte de Galicia sen anunciar axudas. E ese mesmo Feijóo anunciou axudas para a hostalería cando viu que se manifestaban na rúa.

Non asumiu as competencias, non asumilas é unha constante neste goberno da Xunta, e a falla de transparencia, a falta de conciencia, e o desprezo ás alcaldías, é outra. Non os escoita, non os ten en conta, desprezaos, nin ós das grandes cidades nin ós dos lugares máis pequenos que se ven afectados, e teñen ademáis moita incidencia.

En definitiva, Feijóo nas súas comparecencias públicas dedicouse a agochar a insuficiencia das medidas que tomaba, e dille ás alcaldías aquilo de “fai o que eu digo e non o que eu fago”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É certo que ás veces aquí fálase de coherencia pero á fronte da Xunta de Galicia o que houbo é coma dúas formas de actuar; unha cando non estaban as competencias transferidas ás autonomías, e aí tirou da Televisión de Galicia, como veremos despois, para facer de



telepredicador, e adicar o tempo que lle parecía tódolos días a facer política coa pandemia, que hai pouco falaban aquí de que non se podía facer, se ve que non se pode facer se non eres do Partido Popular, pero o Partido Popular fíxoo dende o minuto un, a criticar as medidas do Estado, que algunhas eran máis acertadas e outras menos. Curiosamente cando lle pasaron as competencias saíu para presumir, e creo que todos lembramos que eramos os campións do mundo en saír do estado de alarma coma se aquí estiveramos nunha burbulla e a crise do Covid non afectara ós galegos e galegas.

E a partires de aí en canto empeoraron un pouco os números xa non había telepredicador, aí para dar explicación era moito máis complexo, nin dar explicación nin dar información ós concellos. Porque é certo que eu non son Alcalde pero si que falo con algún dos desta Corporación e co meu, e entéranse da incidencia do Covid nos seus concellos pola prensa, é dicir que o diario El Progreso ten máis información cós Alcaldes. É dicir que en canto comezou a depender da Xunta de Galicia xa non tirou desa ferramenta que tanto lle gusta que é a Televisión de Galicia porque explicar os malos números preocupáballe.

Despois en vez de adicarse a preparar o curso, porque é certo que durante o curso pasado era imposible pedirlle a ninguén previsión dunha pandemia mundial, pero sabíase que este curso ía comezar coa crise do Covid enriba, e aquí pasaban os meses, un primeiro proceso preelectoral, despois electoral, gañan as eleccións, e non había noticias; salvouse o inicio do curso grazas ó traballo das direccións dos centros porque fixeron un esforzo moi por enriba do que se lle debería pedir e sen ningunha dirección da Xunta de Galicia.

Polo tanto a irresponsabilidade da Xunta de Galicia foi máxima. E a maiores liamos estes días, relacionado coa sanidade, que subiron un 50% os seguros privados que contratamos os galegos e galegas, e cando se lles preguntaba porqué era ante a imposibilidade de ser atendidos de xeito presencial, a xente cre que é imposible; eu xa sei que me van dicir que se pode, pero pregúntenlle ós veciños e veciñas da provincia de Lugo e teñen a sensación de que é imposible que te reciba un médico ou unha médica presencialmente; esa é a xestión da Xunta de Galicia fronte ó Covid.

E agora vostedes queren que iso non o critiquemos cando o Partido Popular foi o campión do mundo en criticar dende o minuto un, en vez de poñerse do lado do Goberno, que por certo formacións como a nosa do BNG foron superleais tanto co goberno da Xunta de Galicia coma co goberno do Estado, pero a lealdade chega ata un límite, ó principio houbo lealdade pero agora non nos podemos quedar aparte e non propoñer medidas que non se están levando.

Polo tanto temos un Presidente bipolar, porque seguramente se agora volveran retirar as competencias volveríamos ter a homilía matinal da Televisión de Galicia; pero cando ten que dar explicacións é agora, e ten que asumir as súas competencias, ten competencias sobre sanidade, sobre saúde pública, e non as está exercendo; e a xente eu entendo que din que é criterio do comité de expertos, e non o dubido, pero comuníqueno mellor porque a xente non entende como son as decisións, porque falan de zonas e hai uns concellos en zona 3 con restricións e outros que tamén están en zona 3 e non as teñen, e non sei se é un fallo de criterios técnicos ou se é un fallo de comunicación, ó mellor se nos adicara, agora que ten esas competencias, esa hora de discurso, os galegos e galegas saberíamos mellor a que se deben estas medidas.

E despois o Sr. Poy movía a cabeza co da hostalería, pois a hostalería estivo case un mes sen saber o que ía facer a Xunta de Galicia, de feito as primeiras declaracións que fixo o Presidente é dicir que o Estado tiña que darlles axudas ós hostaleiros, que nós cremos que tamén, non tomen estas interpretacións como que o Estado non ten que axudar nesta crise; pero a primeira declaración foi esa, despois, coa presión social e evidentemente un sector que non se pode deixar caer neste país, anunciaron medidas, pero debían telo feito dende o principio para tranquilizar a ese sector e non o fixeron.

Polo tanto nós cremos que a xestión do Covid dende a Xunta de Galicia é máis que errática e propagandística, e segue no desmantelamento do ensino público, da sanidade pública, e aquí estamos esperando esas homilías agora que teñen as competencias”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:



“Antes de nada vaia por diante a solidariedade do Grupo Popular con todas esas persoas que o están pasando mal, traballadores e residentes en diferentes residencias, localidades afectadas, e tecido económico, que non o están pasando ben.

Como é de costume este goberno trae novamente unha moción de oposición a Feijóo, pero o que entendemos neste caso é que é moito máis grave aínda ca calquera das outras veces; neste caso están facendo uso da sanidade e do Covid, precisamente facendo uso de toda esa xente que o está a pasar mal; e por outro lado están facendo uso das Institucións, en primeiro lugar cos Alcaldes, despois incluso ata o Presidente da Deputación chegou a usar á Deputación para enfrontarse a Feijóo neste sentido.

Lévano facendo dende que rematamos o estado de alarma; a señora García despachou en dous segundos oitenta días de estado de alarma, e non falou absolutamente nada dese momento. Fala de que unha vez iniciada a recuperación que lles molestase que Feijóo anticipase, como así o fixo, que flexibilizara a situación para reactivar a economía, falan diso como propaganda electoral, pero a verdade é que pintaron o ridículo neses días na campaña electoral mandando ós Alcaldes incluso a falar de boicotear as eleccións porque non se daban as circunstancias; é verdade que o ridículo pintárono non só cos resultados electorais senón tamén despois no propio día das eleccións, porque se fixo absolutamente normal e vostedes dubidaban precisamente diso.

Pero vólveno facer agora novamente cos rebrotes, pero neste caso aínda é máis grave porque o fai o Presidente da Deputación de Lugo, faino o señor Tomé como Alcalde de Monforte, pero critica ó comité clínico, fala de decisións arbitrarias e de persecución política; é lamentable señor Tomé que fale vostede neste caso dun comité clínico real, 34 profesionais con nome e apelidos, e non dixera nada dese comité fantasma de expertos do goberno socialista. Pinta o ridículo denunciando algo que non é certo, e por outro lado pinta o ridículo porque ó día seguinte hai máis contaxios, parece que vostede ata é gafe nese sentido.

O comité clínico da Xunta de Galicia toma decisións en base a unha serie de múltiples factores; primeiro a incidencia acumulada, o número de casos e a presión asistencial, eses son datos obxectivos, a porcentaxe de ocupación de camas hospitalarias e de UCI, a porcentaxe de probas realizadas, o índice de positividade; pero tamén en base á trazabilidade, que iso é fundamental, e

iso é o que confundiu o Presidente da Deputación e Alcalde de Monforte. Voulle poñer un exemplo, O Incio, Cervo, Outeiro, moitos deses concellos que vostede mencionou teñen unha trazabilidade moi clara, o brote está na residencia de anciáns, localizado e moi concreto; Monforte ou cidades grandes como agora Sarria ou Vilalba e Burela teñen brotes esparcidos, dispersos, diferentes brotes, que ó final poden incluso causar algún tipo de contaxio colectivo non localizados; non é a mesma unha situación cá outra.

De verdade llelo digo, a súa moción non ten desperdicio; critican á Xunta de Galicia que é a única administración que cumpriu, que traballou, que fixo ben as cousas, que se anticipou, que tratou de ir avanzando con medidas proporcionadas para non atacar neste caso ó tecido económico. E esquecen vostedes o que fixo o Goberno do Estado, apenas falan dese goberno que chegou tarde, sen ningunha previsión, señora García; que non foi capaz de contabilizar, ou aínda non o é, as vítimas reais; que decreta estados de alarma sectarios contra Comunidades doutra cor política, cando hai máis incidencia noutras Comunidades; un Ministro, o Sr. Illa, que é capaz de dicir que non fan falla as máscaras e ós poucos días autoriza unha manifestación do 8M, que é un contaxio histórico.

Chama moito a atención que queiran banalizar este asunto politicamente. Eu preguntome que fixo a Deputación nestes últimos meses para combater a crise do Covid?, chegar tarde absolutamente a todo, entregar as máscaras un mes tarde nas residencias, tivo que facerllo a Xunta de Galicia varias veces antes; comprar material mes e medio despois de que se iniciase o estado de alarma, 140.000 euros cando xa tiña a Xunta repartido.

Critican vostedes a situación da hostalería, pero se aquí non deron un só euro a hostalería neste tempo!. Póñanse as pilas porque vostedes son goberno, deixen de facer oposición á Xunta de Galicia e fagan algo dende a Deputación de Lugo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, vostede continuamente fai un seguidismo partidista da Xunta de Galicia que é difícil de entender polo que respecta á Xunta de Galicia, vén aquí distraer a atención con



cousas que non son obxecto de debate, non sei se leu a moción ou non a leu, ese é xa o seu problema, e é tamén a súa obriga facelo para saber o que se vén debater.

Hoxe atopámonos ante a segunda ola da pandemia, e non hoxe senón hai case que cen días. E vaia por diante o absoluto respecto ós técnicos e expertos que se atopan nese comité que di Feijóo que é o que o está asesorando e tomando as decisións, pero é o mesmo respecto exactamente que o que lle temos ós expertos que forman parte do comité científico que se atopa en Madrid, alomenos pola nosa banda, nós non imos ser quen os critiquemos. Pero o que si imos criticar é a actitude do Goberno da Xunta de Galicia, e a súa tamén, porque sorprende moito ver neste pleno como vostede ten e trae máis información aquí da que dispoñen os Alcaldes, cando menos é sorprendente.

E eu fágolle unha pregunta, o criterio que coñeciamos todos polos medios de comunicación era o da incidencia por cada 100.000 habitantes, logo pasaron a aplicar outros que vostede é capaz de explicar hoxe aquí pero ata agora a Xunta de Galicia non foi quen de explicar?; a min ese tipo de cuestións non deixa de sorprendeme.

Vostede vén aquí e sobreactúa, igual que o fixo Feijóo en determinadas roldas de prensa, igual que sobreactuaba cando dicía que o Carballiño ía ser o laboratorio no que se ía experimentar como aplicar as medidas que logo se levaban a grandes cidades, e mesmo ós concellos limítrofes que nada teñen que ver coa idiosincrasia dese concello, pero el saberá porqué o fai.

E, señor Castiñeira, vostedes mentiron porque se pecharon, como ben dixo o Presidente da Deputación, e eu quero abondar aquí, concellos como Monforte, Lugo ou Viveiro, con menos de 400 casos por cada 100.000 habitantes, e se mantiveron abertos outros como Cospito, Palas de Rei, Cervo, ou O Incio, que triplicaban esas cantidades. Realmente que criterios se estaban aplicando dende a Xunta de Galicia?, o que nos veu aclarar hoxe vostede aquí e que non foron quen de explicar nos medios de comunicación nin darlle os Alcaldes?.

Mire, xa nos teñen afeitos ás súas mentiras, e eu recordo perfectamente neste Salón de Plenos o 27 de outubro pasado, cando vostedes insistían en que os datos para os concellos estaban dispoñibles; esa farsa, esa mentira, púxoala en evidencia o Conselleiro nunha entrevista publicada

uns días despois, catro días despois, o 31 de outubro, cando recoñecía que non había datos para os concellos e que o modelo de relación cos concellos non era dar datos periódicamente sobre os casos que tiñan; vostedes acostuman a falsear e acostuman a mentir, e nós esiximos claridade, transparencia e as medidas que lle corresponden á Xunta de Galicia nesta situación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É a segunda vez que neste Pleno da Deputación me obrigan a poñer o acento sobre algo que é o 8M; díxeno xa noutro Pleno; o seguidismo que fan da ultradereita con este tema non sei xa como cualificalo porque despois deseguida se alporizan, pero falar do 8M nesa fin de semana cando o que se produciu no Estado español, e en toda Europa, era estadios de fútbol cheos, o congreso dos seus amigos verdes de Vox, e todo iso, e vostedes só fan o fincapé no 8M, iso é facer ideoloxía.

A vostedes moléstalles o 8M, dígano, porque é un mantra que repiten, e estivéronse producindo concentracións de xente en todo tipo de casos, e se se chegou tarde chegouse en todo, e o 8M non foi unha causa especial, pero vostedes fan fincapé niso, e polo tanto eu teño que dicirlles que iso é unha actitude machista, e vostedes enfadaranse pero é que levan con iso dende o principio, e é unha actitude machista”.

Neste momento o Sr. Deputado D. Javier Jorge interrompe a intervención do Sr. Castro, facendo diferentes manifestacións, e o Sr. Presidente indícalle que parece mentira que teña esa actitude.

Insiste nas súas manifestacións o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, e o Sr. Presidente chamao á orde por primeira vez, indicándolle que neste Salón debe respectarse o debate xa que o Sr. Castiñeira acaba de intervir e ninguén o interrompeu”.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:



“Xa sei que se alporizan, pero é que vostedes trouxeron a colación o 8M, e vólvolle dicir que compare o 8M con estadios de fútbol cheos, e porque non falan diso?, porque non falan de que despois do 8M se fixeron viaxes para ver a champions doutros equipos. E se fan fincapé niso, vólvollo dicir, é un tema ideolóxico no que se equivocan, porque se equivocan seguindo a ultradereira, e sei que iso os enfada, pero fixen a proposta de que non volvía deixar pasar un tema así, e vólvollelo dicir. E nun día coma hoxe ó mellor debería ter deixado o 8M porque nada tiña que ver neste debate, pero é que lles pode.

E polo tanto, volvo dicirllelo, iso para min é unha actitude machista, para mín e para moitas persoas; e cada vez que o digan eu voules facer fincapé niso, pódense enfadar o que queiran, pero é que está claro, porque fan fincapé nunha cousa e noutras non?.

Volvendo ó debate da moción, a falla de sensibilidade que tivo a Xunta nun montón de cousas, pero o outro día na comisión de seguimento do Covid ter a desvergoña de levar á presidenta de DomusVi para pouco máis que facerlle unha homenaxe, con todo o que pasou nas residencias xestionadas por esa empresa, que non sei como cualificar a falla de respecto e falta de sensibilidade que ten a Xunta de Galicia nese tema.

Porque ademáis nada aprendeu, na primeira vaga, colleunos de sorpresa o das residencias, pero aquí coma se nada pasara volvemos estar repetindo os erros do pasado. E en vez de facer autocrítica e buscar solucións, o que decide a Xunta de Galicia é homenaxear ós xestores de DomusVi, fíxese onde chega a irresponsabilidade da Xunta de Galicia con este tema.

Polo tanto esta moción vén a conto, vostedes só queren facer política do coronavirus cando é para facer oposición, pero se gobernan non aceptan as críticas, e téñenas que oír. E diciao a señora Porto e tamén llelo dicía eu ó principio, ó mellor se adicara todo o tempo que adicaba cando opositaba contra Madrid a explicar as medidas os alcaldes e alcaldesas sabían porque se tomaban unhas medidas nuns sitios e noutros non; iso explicouno vostede aquí hoxe por enriba, pero eses datos os alcaldes e a cidadanía non os teñen, polo tanto algo terán que mellorar, e senón falen coa Xunta a ver se cren que é unha boa xestión ou non da pandemia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“De verdade que me parece lamentable e triste que nunha moción deste tipo tan ampla fagamos demagogia con isto, non vou entrar a máis por respecto tamén ós meus compañeiros.

Pero entre a demagogia da señora Porto, que é capaz de falar das vacacións do señor Feijóo cando de todo o mundo é sabido as do señor Sánchez en Doñana, que foi *Trending Topic* en todo o Estado cando foi o tema dos rebrotes. De verdade, non vale todo nesta circunstancia.

En canto ó manifestado polo Sr. Castro, vostedes son incoherentes cada vez que falan; agora están pedindo flexibilidade de accións para os peches, para a hostalería, pero hai tres ou catro días a súa voceira, a señora Pontón, vén dicir que hai que tomar medidas moito máis drásticas, aclárense; por un lado fastídialles que Feijóo trate de tomar medidas proporcionadas, por outro lado queren que as tome en base á seguridade, por outro lado moléstalles; eu creo que son incoherentes en todo momento.

De verdade llelo digo, sinto moito que chegamos a este punto nunha moción, que entendo que o Partido Popular pode defender perfectamente a xestión da Xunta de Galicia e creo que non así nin o Partido Socialista nin os seus socios do Bloque Nacionalista Galego. As medidas que se tomaron non sorprenden a ninguén porque é sentido común, entender a trazabilidade como iso é de sentido común, pero iso é o primeiro que hai que preguntar señor Presidente, primeiro chámase e despois, se non o satisface, diga o que queira.

Pero estas conclusións sabémolas todo o mundo; non é o mesmo a trazabilidade dun lugar que ten nun sitio moi concreto concentrados os seus contaxios, ca noutro onde está moi disperso, e pode haber contaxios colectivos, iso é de primeira orde; o que pasa é que a vostede interésalle moito máis facer oposición a Feijóo, veu aquí o Sr. Cabalido e díxolle que tiña que facer así porque el é incapaz de facelo; así lles pasa nas eleccións municipais que despois chega o momento e perden en tódolos concellos, ata no seu perdeu.



Polo tanto, non me gustou esta situación; señor Castro, non o cria eu a vostede capaz de relacionar nun momento coma hoxe esta circunstancia despois de ter asinado entre todos, e sabe que o Partido Popular cedeu, vostede trouxo unha Declaración Institucional escrita por vostedes e o Partido Popular tiña a súa, aceptamos a de vostedes, ademáis dixo que se non a aceptábamos a traería como moción. Vimos aquí precisamente para tratar de que a Institución dea unha boa imaxe, e vén agora vostede e a fastidia relacionando todo isto. Calquera tipo de aglomeración foi mala, evidentemente o 8M tamén, pero calquera tipo de aglomeración coma o fútbol, o Partido Popular non ten ningún problema nese sentido”

Intervén a a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Incidindo en algo que me parece importante e que dicía na primeira intervención e na segunda, a información ós concellos é limitada, e non llo di o Partido Socialista senón que llo di a FEGAMP e dínlllo os alcaldes, ten vostede máis información como voceiro do Partido Popular na Deputación de Lugo que teñen os Alcaldes desta provincia.

Por outra banda, vostede esixe a esta Deputación, que non tivo aportacións doutra administración, que invista máis en loitar contra esta pandemia, e que fai a Xunta de Galicia, que ingresou 93 millóns de euros do Estado e reduciu 4,5 millóns nas transferencias a concellos para o ano 2021?.

E mire, a vostede a situación parécelle lamentable e triste, creouna vostede, non provoque, non cite o 8M, señor Castiñeira, eu como muller síntome indignada coa súa actitude machista no víspera do 25 de novembro, absolutamente, e estoullo dicindo moi en serio, porque recurren constantemente a estigmatizar e marcar ás mulleres para culpabilizarnos”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, eu xa sei que vostede quería que eu dixera algunha cousa, e esta vez voulo comprar, porque dixo vostede unha sarta de cousas que xa vexo que vostede coñece ben o manual da mentira e da manipulación, paréceme moi ben se esa é a súa política; pero eu defendo á

provincia, eu non estou no Parlamento de Galicia para facerlle oposición a Feijóo, se vostedes ven que iso é así é porque lles fai dano porque senón non lles molestaría, entónces é que teño razón, e iso demóstrame que teño que seguir na liña defendendo á provincia de Lugo, non se preocupe que o seguirei facendo.

E logo vostede vén meter aquí as eleccións galegas, que todo o mundo sabe o que era antes e o que foi despois da pandemia, en todo caso felicitoos por gañar, tamén ó Sr. Feijóo, gañou amplamente as eleccións, pero sobre como se perde igual nolo podía explicar vostede, igual vostede nos podía dar un cursiño de como se perden as eleccións.

Fala de que foron *Trending Topic* as vacacións do señor Presidente do Goberno, pois todos os Presidentes do Goberno foron de vacacións, ata creo que van ó mesmo sitio, os do PP tamén, o seu portavoz tamén foi e veu morenísimo; pois ata a vostedes lles parece mal, Sr. Castiñeira, fíxese ata onde chegan, resulta que cando están vostedes na oposición é cando se inventa a crispación e cando vostedes gobernan non hai crispación porque non hai quen crispe.

E logo, sabe que lle molestou?, que o Sr. Fernando Simón collera unha semana de vacacións, unha persoa que nomearon vostedes durante o goberno do Sr. Rajoy, ou sexa que nin sequera están vostedes de acordo cos que nomearon e que o actual goberno deixa estar no seu posto, porque é un bo profesional, supoño, porque eu non o coñezo, pero se está aí e se o nomearon vostedes e o mantén o actual goberno será porque é un bo profesional, máis alá de que se poida equivocar ou non, coma todos.

Pero mire, señor Castiñeira, di que eu critico ó comité clínico, falta a primeira vez que eu falara do comité clínico, porque o que vostede di é mentira, o comité clínico non decide nada, igual có comité de expertos de Madrid, porque o que se publica no Boletín Oficial do Estado ou o que se publica no Diario Oficial de Galicia fírmalo o señor Presidente do Goberno e o Ministro de turno, e no caso da Xunta o Presidente da Xunta e o Conselleiro de turno, alí non aparece a firma do comité clínico, o comité clínico é a tapadeira que utiliza a Xunta para esconderse detrás e dicir que as decisións non son deles, e iso é facerlle trampa ós cidadáns, é non ter valentía de dicir que toman as decisións. Iso é o que lle pasa a vostedes.



E vostede chámalle pantasma ó comité de expertos de Madrid, eu creo que debe ser un pouco máis respectuoso señor Castiñeira, e a mín nunca me oiría chamarlle pantasma ó comité clínico de Galicia, porque se alguen sabe algo de sanidade son os sanitarios, que hai que respectalos a uns e os outros, e ós gobernos son os responsables das decisións non os comités clínicos nin de expertos, eses asesoran e propoñen como moito, pero non deciden.

Mire, a realidade é moi tozuda, eu non puider nin sequera utilizar os datos oficiais porque non mos dan, agora tamén debo dicir que despois desta controversia leva o Sr. Ares tres días chamando á tenente de alcalde do meu concello para darlle algúns datos, tres veces, mire que levamos días!.

E como a realidade é tan tozuda, eu vexo nos medios de comunicación, xornais que todos coñecemos dos de maior tirada desta provincia, que publica os datos en proxección de 100.000 habitantes, e ves os que están pechados e ves outros que, con bastantes máis afectados, non se pechan, e miras quen goberna en cada sitio, e así é a realidade, logo pódese pintar como se pinte, pero a realidade é esa.

O concello de Monforte tamén ten residencias con afectados, como a do Incio e coma outros por aí, e que pasa?, que aí non se ten en conta que son residencias?, noutros sitios si, que curioso que todo coincida!; debe ser unha man Divina que di que onde governe o PSOE, chámese Viveiro, chámese Burela, chámese Lugo, chámese Monforte, eses hai que pechalos; pero Cervo, Cospeito, Palas de Rei, Chantada, Sarria, Incio, podía poñer moitos nomes, eses non; pero claro, en proxección de 100.000 algúns duplicaban a Monforte.

Pois mire, eu vou seguir dicindo a verdade, igual que dicía a verdade cando ó final terminou a Xunta recoñecendo que os datos de Monforte eran mentira na primeira oleada, porque era mentira, cando foi no mes de agosto, e ó final déronme a razón, e iso está publicado nos xornais; e iso é porque os médicos non están de acordo, e como lles saltan nos ordenadores os datos de cada zona de cada ambulatorio, así o din, porque non están de acordo con que non se digan as cousas como son.

Fala vostede do 8 de Marzo, ten vostede o dereito a falar do que lle dea a gana, pero porque non se acorda vostede dos tres magníficos de Colón?, porque alí tamén houbo unha agrupación de xente, e vostede diso non se acorda, e por certo que non lles foi nada ben aquela fotografía.

E mire, señor Castiñeira, manteño todo o que dixer, porque é verdade, e está soportado en informacións de todo tipo, xa non miñas, non me faga caso a mín senón ó que sae publicado nos xornais. E ademáis eu creo que vostede hoxe estivo pouco acertado, se vostede non é respectuoso eu teño que dicirle que ás tonterías irrespectuosas non contesto”

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR O FIN DO USO PARTIDISTA DA TVG POR PARTE DO PP.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar o fin do uso partidista da TVG por parte do PP.

Dende a súa fundación, no ano 1985, a canle de televisión pública de Galicia, TVG, tense convertido nun instrumento eficaz na difusión e normalización do idioma galego. A TVG ten xogado un papel fundamental para unificar criterios normativos e fomentar o uso do galego tanto nos entornas urbanos como nos rurais.



Desgraciadamente, e case tamén dende o primeiro momento, a televisión pública converteuse, en mans dos sucesivos gobernos do Partido Popular, nun exemplo do que non pode nin debe ser nunca un medio público: unha cadea marcada pola información partidista, que agocha a pluralidade política da sociedade galega e silencia ou distorsiona calquera opinión crítica ou non coincidente cas directrices políticas dos gobernos populares.

Ó longo dos anos, esta situación ten sido denunciada de xeito sistemático polas forzas da oposición, que reclaman que a cadea cumpra cos obxectivos de servizo público que quedan recollidos na Lei de Creación de 1984, que inclúe dun xeito expreso no artigo 16 “o respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións”, así como a separación entre información e opinión e o respecto ó pluralismo político.

Xunto cas denuncias da oposición, os propios colexios de xornalistas, sindicatos e profesionais da canle pública veñen formulando queixas e reclamacións, con denuncias de inxerencias e directrices políticas, dun xeito especialmente significativo no eido dos informativos. Hai máis de dous anos que os traballadores/as comezaron a protagonizar accións de protesta, tanto nos “venres negros” como a través da plataforma Defende a Galega, convertida nun referente na defensa da imparcialidade e independencia dos medios públicos e foi galardoada co Premio José Couso o ano 2019.

Os sucesivos gobernos do PP veñen facendo caso omiso a estas denuncias e, lonxe de poñer remedio á situación, a acentuaron dende a aparición do coronavirus, momento en que a canle pública converteuse no altofalante exclusivo do presidente Feijoo, que evitaba á oposición no Parlamento ó tempo que lle negaba a presenza nos informativos públicos.

A actual situación de crise sociosanitaria e económica, con restricións na actividade normal, fai que os cidadáns precisen máis que nunca de información plural e veraz, non sesgada en función dos intereses dun goberno. Cumpre recuperar a TVG como ferramenta de servizo público.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia

- O abandono das políticas de manipulación, sesgo informativo e enfoque partidista que incumpren os obxectivos legais co que foi fundada a TVG
- O cese do actual director da CRTVG e a elección no parlamento dun profesional de consenso que abra unha nova época na cadea, recuperando a súa función de servizo público
- O diálogo cos traballadores/as e solucións para as queixas e denuncias que veñen formulando ante os obstáculos ideolóxicos que atopan para desenvolver o seu traballo, así como a creación de organismos de control interno que eviten que no futuro podan repetirse situacións como as que se están a producir”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“No tocante a esta moción, dicir que dende a súa fundación aló polo ano 1985, a televisión pública de Galicia converteuse, e creo que nisto imos estar todos de acordo, nun instrumento eficaz na difusión e na normalización do idioma galego; xogou un papel fundamental para unificar criterios normativos e fomentar o uso do galego tanto nos entornos urbanos como tamén nos rurais.

Desgrazadamente, pero tamén case dende o primeiro momento, a televisión pública converteuse, en mans dos sucesivos gobernos do Partido Popular, nun exemplo do que non pode nin debe ser nunca un medio público: unha cadea de televisión marcada pola información partidista, que agocha a pluralidade política da nosa sociedade galega e silencia e mesmo distorsiona calquera opinión crítica ou non coincidente coas directrices políticas dos gobernos populares de cada momento.

Unha canle que incumpre en cada momento a misión para a que foi creada, incúmplea dun xeito sistemático, e non respecta os principios que deben inspirar a súa programación, e que ademáis están recollidos na Lei de Creación da RTVG, eu voules citar só dous: o respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións, e o respecto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural, e lingüístico. E isto que lles estou dicindo non llelo di o Partido Socialista, isto que lles estou a dicir dílo en xeral a sociedade galega, pero sobre todo



os profesionais da información que, xunto coas denuncias, que é certo que tamén facemos dende a oposición, os colexios de xornalistas, os sindicatos, e profesionais da canle pública, os propios traballadores da Televisión de Galicia, veñen formulando queixas e reclamacións con denuncias de inxerencias e directrices políticas, dun xeito especialmente significativo no eido dos informativos.

Pasaron xa dous anos dende que os traballadores e traballadoras desta canle comezaron a protagonizar accións de protesta, tanto a través dos “venres negros” como a través da plataforma Defende a Galega, que se acabou convertendo nun referente na defensa da imparcialidade e independencia dos medios públicos, e mesmo foi galardoada co Premio José Couso o ano pasado.

Pero os sucesivos gobernos do PP veñen facendo caso omiso de canto lles chega por parte de profesionais, de sociedade, e tamén da oposición, e van acentuando esta situación dende que apareceu o coronavirus, momento en que a canle pública se converteu no altofalante exclusivo do Presidente Feijoo; así puidemos ver durante a primeira fase da pandemia como comparecía quince veces na TVG o Presidente Feijóo, o presidente de todos e de todas as galegas, e comparecía unha vez soa no Parlamento, algo curioso.

Tamén puidemos comprobar como cando se producía o primeiro debate parlamentario sobre as medidas Covid na Televisión de Galicia, non puidemos seguilo, tiñamos a teletienda e un programa de cociña, moi acaído para a hora en que se estaba a dar o debate, pero non puidemos ver o debate.

Esta situación de crise sanitaria e económica que, como digo, acentuou isto, tamén permite que se estenda ó longo do tempo, e nós aquí na Deputación vivímolos recentemente, e eu voules poñer algún exemplo porque ademáis creo que é positivo que se coñeza por parte de todos. Cando se facía unha rolda de prensa para anunciar a disolución de Suplusa, algo importante dentro da provincia de Lugo porque é unha entidade dependente da Deputación de Lugo, acudían tódolos medios de comunicación, agás un, curiosamente a televisión pública galega non acudía.

Pero é que poucos días despois, cando o Presidente desta Institución e a Vicepresidenta facían unha rolda de prensa para comunicar os Orzamentos desta Deputación que se van traer a pleno recentemente, acudían tamén os medios de comunicación con representación nesta provincia,

e había outro que tampouco viña, debe ser que non interesa á economía nesta provincia a televisión pública, e a Televisión de Galicia quedaba cubrindo na rúa, na praza de San Marcos, os enredos do Partido Popular sobre a disolución de Suplusa.

Pero é que uns días antes de todo isto, faciamos un anuncio, que por parte da Televisión pública galega se considerou importante, que era o ingreso na Transrománica, ese punto que viña ó comezo do Pleno, que por certo é importante para tódolos lucenses, para toda a provincia, porque nos permite ingresar a través do Consello de Europa nunha ruta cultural e turística importante; cando a Televisión de Galicia tivo coñecemento disto se puxeron en contacto con esta Casa para interesarse porque lles parecía un asunto importante, pero cando coñeceron que o interlocutor para a entrevista era o Presidente desta Institución deixou de ter importancia.

Polo tanto, e con estes exemplos que evidencian a actitude que se está levando a cabo dende a Xunta de Galicia sobre esta cadena pública, nós cremos que é o momento de pedir que se acabe coas políticas de manipulación e de sesgo informativo e enfoque partidista; que se cese ó actual director da Compañía pública para elixir a un profesional de consenso; e que se dialogue cos traballadores e traballadoras desa casa para buscar solucións ante as queixas e denuncias que teñen formulado ó longo dos anos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Falamos hoxe dunha moción a través da que se deixa entrever algo que xa viñamos sabendo, que é a profunda preocupación do goberno socialista de Madrid, e dos seus socios, pola garantía e a defensa das liberdades. Certo que a garantía das liberdades dos máis a fai a través do mecanismo de apropiarse o Goberno da liberdade de todos. Empezaron polo CIS, e conseguiron transformar un Instituto demoscópico, respectable e respectado, nun chiringuito adicado á creación de estados de opinión a través da cociña dos datos das enquisas.

Arremeteron despois coa liberdade de expresión, e substituíndo a vella historia das lendas negras polas *fake news* o que están pretendendo é nin máis nin menos ca converter ó xefe do gabinete do Presidente do Goberno nunha especie de moderno Torquemada da información. Miren,



Franco era peor obviamente, pero disimulaba mellor, porque alo menos poñía censores máis anónimos ca este. E iso por non falar por exemplo da garantía para a liberdade de decisión dos xuíces que supón o feito de elixilos e nomealos polo vello sistema da dedocracia. Ou por non falar tamén da garantía da liberdade de ensinanza que supón a imposición do pensamento único a través da Lei Celaá, que supoño que estará facendo tremer nas súas tumbas ós señores por exemplo da institución libre de ensinanza.

E agora vén o Partido Socialista e proponnos algo peculiar, estender esa preocupación da garantía das liberdades nin máis nin menos que ás liberdades das televisións autonómicas para a información. Vistos os antecedentes, que Deus nos colla confesados.

E falaba o señor Presidente na tometina de hoxe do respecto ó rigor e á credibilidade; pois ben, nós non podemos admitir de ningunha maneira esta moción que presentan, e ímola votar en contra, porque nin ten rigor nin ten credibilidade.

En primeiro lugar non ten rigor, rigor formal, señora Porto, non deixa de ser sorprendente que basee vostede o seu alegato na Lei Fundacional da Televisión de 1984, cando quen rexe hoxe os destinos da televisión é a Lei de Medios Audiovisuais 9/2011, aprobada polo Parlamento de Galicia nunha ponencia conxunta por certo de Partido Popular e de Partido Socialista. Se leran con atención esa lei non cometerían algúns dos erros que se traslocen nesta moción; por exemplo pedir que o Parlamento nomee ó director da televisión, xa o contempla a Lei desa maneira, é o Parlamento quen o ten que facer, ou a cuestión do cesamento do propio director, porque o Presidente da Xunta non pode cesar ó director cando lle dá a gana e porque lle dá a gana, só se pode cesar polas causas predeterminadas da Lei que descansan en datos obxectivos e non de carácter subxectivo.

Pero tamén carece de rigor material, fan vostedes unha acusación de sectarismo e de manipulación, pero esa acusación baséana en algo tan elemental como facer a cualificación das conductas sen facer referencia ningunha ós feitos que o substantan. E miren, non é fácil naturalmente defenderse dunha acusación baseada en opinións e non apoiada en datos; dentro da brevidade do tempo que permite esta intervención permítame de todos modos que eu acompañe as miñas palabras cos datos que vostedes non poñen enriba da mesa e desvirtúe esa acusación.

En primeiro lugar a xestión do equipo directivo dese director que vostedes, señora Porto, queren cesar, unha xestión económica que librou da ruína á televisión que herdou do goberno bipartido. En segundo lugar o tamiz das resolucións xudiciais, dúcias de veces acusaron vostedes á dirección da televisión de terxiversar os informativos e de facer unha información sesgada no ámbito electoral. Todas esas reclamacións foron rexeitadas polos tribunais de xustiza, a última a que formularon o 27 de maio deste mesmo ano.

Pero a proba do algodón, fundamentalmente os medios de comunicación viven das audiencias, os datos de audiencia da televisión son datos espectaculares, e moi especialmente no que se refire ós datos dos informativos, 21% de cota de pantalla fronte ó 4% da Televisión Española, señora Porto, demostran lóxicamente que ós galegos lles gusta a TVG, e cando á xente lle gusta a Televisión obviamente a ve.

Pero mire, non son cribles porque tamén podemos contrastar o que están facendo vostedes na Televisión Española, exemplo claro de desastre, primeiro con esa decisión de cesar por Decreto ó consello de administración, e poñer a un administrador único que está levanto á cadea, opinión unánime, a un completo desastre, a un desastre nas audiencias que están ao nivel máis baixo que tiveron nunca, a un desastre tamén nas contas que van camiño da ruína. E, señora Porto, non fai falla que lle recorde eu o triste destino da Televisión do bipartito que dirixiron vostedes durante cinco anos e que levou á Televisión Galega ós límites de audiencia máis terribles que tivo e á ruína económica absoluta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Ter uns medios públicos veraces e plurais é clave para unha sociedade libre e crítica, ademáis dun dereito fundamental que o PP incumpre coa manipulación sistemática que exerce sobre a radio e a televisión de Galicia. Converteunos nun aparato de propaganda ó servizo do Partido Popular e do goberno de Feijóo; non sei se vostede cre que iso son datos, pero é a realidade, e dia tras días temos exemplos de manipulación informativa na televisión e na radio; nós consideramos que están secuestrados literalmente polo Partido Popular para facer unha serie de



loubanzas do goberno autonómico; pero non é que o digan os representantes políticos do BNG ou do Partido Socialista, ou calquera outro, é que o din os propios traballadores da entidade, levan máis de dous anos co dos “venres negros”, traballadores que son funcionarios e que teñen a liberdade para expresar a súa opinión e din que están a ser manipulados; e eses non son militantes do BNG nin do Partido Socialista; e ademáis sofren as presións da dirección do centro cada vez que fan estas propostas. De feito nese período glorioso que describía agora vostede produciuse a dimisión de dous presentadores dos telexornais, cousa que non se producira nunca na historia da Televisión de Galicia; demitiron dicindo que sufrían presións e que se estaba manipulando coas noticias que se dan na Televisión de Galicia. E iso tamén son datos.

Falaba de que cumprían a lei, pero o que é certo é que a dirección da Televisión de Galicia leva seis anos seguidos sen nomearse, e o que di a lei é que ten que ser nomeado con 2/3 do Parlamento Galego e vostedes non o fan. É unha Lei que foi aprobada hai sete anos, e tññase que ter producido o nomeamento, e vostedes non o queren renovar; esa é a Lei da que vostede falaba, señor Agustín, ou é que só lle gustan os aspectos da Lei que cre que cumpren e os que non cumpren hai que saltalos?; eu non sei se iso non son datos para vostede.

Pero dígolle máis datos, durante a campaña electoral tivo que chamarlles a atención a Xunta Electoral por unha cousa tan significativa como borrar dos informativos do Telexornal a voz da voceira nacional do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, vostedes borraban a voz de Ana Pontón dos informativos da Televisión de Galicia; e iso non é que o dixera o BNG, o BNG queixouse, pero é que llelo dixo a Xunta Electoral.

Entonces vostede, señor Agustín, fai o mesmo que fai a Televisión de Galicia, conta aquí unha película pero manipulan día tras día, reparten o tempo só para a loubanza do goberno do Partido Popular, borran calquera atisbo de oposición nos informativos que pagamos todos, e o que teñen é unha folga histórica na Televisión de Galicia e uns informativos de calidade máis que discutible. E eses son os datos de que vostede presumía, señor Agustín?, manipular, un director da CRTVG de forma ilegal, e unha folga indefinida que dura máis de dous anos; eses son os datos da manipulación da Televisión de Galicia.

Polo tanto vostedes esixen pluralidade na televisión do Estado español, pero non a aplican na Televisión pública galega; vólvese outra vez á demagogia, igual que cando deixen de estar na Xunta dirán que o director da Televisión de Galicia é un desastre, pero mentres tanto teñen axentes políticos dirixindo a Televisión de Galicia.

E falaba de dar datos, pois eses son os datos, incumprimentos de lei, folgas, e declaracións de traballadores da CRTVG de presións, e de direccións políticas para falar das noticias. E se presumen de que a Televisión de Galicia se ve, claro que se ve porque é a nosa e é a única que temos en galego e á xente gústalle ver a súa canle; pero que a xente a vexa non significa que os que a dirixen non manipulen.

Polo tanto eu creo que é máis que acaída esta moción, creo que a presión sobre iso cada vez está sendo máis, e que lles debería dar vergoña seguir con esta actitude, de feito vostede adicou case todo o tempo a falar doutras cousas porque non é capaz de defender a xestión da Televisión de Galicia porque sabe que é un órgano de propaganda puro e duro, durante o período electoral e cando non é período electoral. Polo tanto esta moción é moito máis que acaída, e deberían votala a favor e deixar de secuestrar os medios públicos galegos, porque agora mesmo só é un organismo de propaganda do Partido Popular.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Claro que temos preocupación pola garantía das liberdades, sen dúbida, pero a vostede pásalle o mesmo que ó voceiro do Partido Popular, o señor Castiñeira, que cando non son capaces de defender a xestión que fan os seus no goberno da Xunta intentan desviar o debate falando de cousas que non corresponden. E eu dígo lle que información, liberdade, e pluralidade informativa por suposto, e sempre por diante, máis aínda cando estamos falando dun medio público, máis aínda cando vostede di que non hai nin rigor nin formalidade na proposta que nós traemos aquí; e dígo lle que si que o hai porque nós simplemente citamos a norma para dicirlle cales foron os motivos que crearon a televisión pública de Galicia e que hoxe en día non se están respectando, e tampouco están respectando ós profesionais que exercen a súa profesión aí, desprézanos constantemente porque nunca antes na historia da radio e da televisión se vira que os profesionais se uniran para



protestar, nin na época de Fraga. E eu creo que isto merece unha seria mención, o ambiente, e isto dino os propios profesionais, de manipulación é tan grande que é irrespirable; iso é o que se está a vivir dentro da Televisión de Galicia.

E dígolle máis, vostede dicía que os acordos que traemos non son axeitados, pois si que o son porque nós pedimos que ese director sexa cesado porque non lle corresponde estar aí polos prazos que estipula a lei e pedimos que se nomee, tal e como regula tamén a lexislación en sede parlamentaria, un novo por acordo e que sexa de consenso.

Os números, que tamén son importantes neste caso, non queremos que nos fagan perder a perspectiva desa visión mercantilista que teñen neste caso da televisión pública. E digo que non queremos que lles fagan a vostedes destacar esa visión mercantilista porque a Televisión de Galicia ten un presuposto de cento once millóns de euros, para que nos fagamos unha idea son dezanove millóns máis, só para a Televisión de Galicia, ca o que ten toda esta Casa para toda a provincia de Lugo.

E eses fondos, que son públicos, que son de todos, e que deberían chegarnos a través dunha información veraz e fiable, nos están chegando con cousas como as que lles contei antes, que o Presidente da Xunta de Galicia compareza quince veces nos informativos da Televisión de Galicia, mentres só o fai unha en sede parlamentaria; isto non é de recibo, mentres que ós demais se nos discrimina e non se da esa información veráz; e digo ós demais como sociedade, xa non quero entrar en Partidos Políticos, porque digo eu que como lucenses, nós e vostedes, todos xuntos, algo máis de presenza nos informativos para esta provincia deberíamos reclamar, máis alá de que un lobo matou unha ovella ou caeu un tractor nunha cuneta, digo eu que deberíamos ser un pouquiño máis serios e rigorosos con todo iso”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Claro que hai que ser serios, señora Porto, claro que hai que ser rigorosos; pero mire, o primeiro para iso é ter credibilidade, e quen desdís cos feitos o que fala maldito se pode ser crido

absolutamente en nada do que di. E vostedes veñen aquí con palabrería barata pretender que os demais fagan non o que vostedes fan senón o que vostedes din.

Permítame unha precisión, porque a vexo a vostede moi preocupada co Presidente Feijóo e a Televisión de Galicia, pensando que a televisión catapultou ó Presidente; pois mire, non é verdade, a Televisión de Galicia deulle ó Presidente Feijóo a atención que merecía como máximo responsable, a mesma que lle deu a Televisión Española ó Presidente Sánchez tamén como máximo responsable. O que lle preocupa a vostede é que o resultado é totalmente diferente, Feijóo saíu catapultado e Sánchez saíu estrelado; pero non lle é culpa do vexetal, é culpa do animal; e neste caso a diferenza está en que Feijóo é un bo comunicador e que ten unha vantaxe extraordinaria que ampara as palabras con feitos, e en cambio ó Sr. Sánchez pásalle coma o conto do pastor e do lobo, nada do que di se converte en realidade: máscaras, PCRs, control da situación en relación coa situacións autónomas; quen di unha cousa e fai a contraria ó final non acaba de ser crido, e neste caso ocorre o mesmo

Di vostede que nunca os profesionais se queixaron, pois queixáronse cando gobernaron vostedes no bipartido; e recórdolle ó Sr. Castro como se queixaba o Bloque Nacionalista da forma de xestión da televisión dos socialistas, recórdolle aquelas palabras, xa célebres e que figuran no Partenón de Carlos Aymerich, “a Television de Galicia só serve para saber cando os Conselleiros van comer á casa”; ou ó señor Quintana queixándose do tufo stalinista que desprendían os informativos da televisión galega.

Señor Castro, é verdade que o debate sobre os medios de comunicación é un debate interesante, pero sempre que se plantexa con rigor, cando se plantexa sen o rigor que se está facendo aquí non pode ser absolutamente crido para nada.

Miren, póñolles unha metáfora para resumir o plantexamento que votedes fan, recordan o mito de Perseo e da Gorgona? o heroe que tiña que destruír a unha persoa que tiña a capacidade especial de transformar en pedra a quen se atrevía a mirarlle á cara?, pois o que fixo Perseo foi levar un espello, poñerllo diante, e cando a Gorgona mirou quedou convertido en estatua de pedra. Iso pasa exactamente cando se pon diante dun espello o modelo de televisión que vostedes veñen predicar, o modelo de televisión que vostedes queren instaurar, o modelo de televisión que está



baseado naquilo que dicían os curas do Arcipreste de Hita: “Haz lo que yo digo pero no lo que yo hago”

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Grazas señor Agustín por traernos a mitoloxía habitualmente a este pleno, a mín encántame, porque me recorda ós meus profesores de latín e de grego, pero esa palabrería bonita é para agochar en definitiva o que lle dicía, vostede non pode defender este modelo, e ademáis non me contestou porque non queren cumprir a lei que está aprobada hai nove anos para nomear o director da Televisión.

E comezou a súa segunda intervención dicindo que ó Sr. Feijóo as suas palabras as respaldaban os feitos, e a mín soltouseme o sorriso porque o Sr. Feijóo é o autor das palabras “si yo gobierno solucionamos Alcoa”, eses son os feitos que están respaldados polo Sr. Feijóo; vostedes alporízanse, e é normal porque eu tamén o faría se fora un dirixente do meu Partido. Pero iso é a realidade, a Televisión de Galicia adícase á loubanza do Sr. Feijóo, vostede di a darlle minutos pero é que o louban tanto dende os informativos coma por tódolos opinadores que teñen nos debates.

Por tanto é un modelo moi difícil de defender porque só hai unha opinión, só hai unha cor de goberno, e o que hai é unha folga histórica nun medio de comunicación pública; vostede pode dicir que houbo queixas dos traballadores durante o bipartito, e puido haber algunha, pero non houbo unha folga continuada *sine die*, e que seguen igual, e o que non houbo foi dimisións de presentadores de telexornais cunha carreira intachable, e demitiron dous, polas presións da dirección da Televisión de Galicia.

E vostede volve a esa retórica para non falar de porque non cumpren a lei; dígame que hai de malo en que sexa o Parlamento galego o que elixe a dirección dun medio de comunicación, porque ademáis con esa lei son dous tercios, pero non o fan, foi elixido a dedo, tiña que ser renovado e vostedes non queren facelo, porque non deixan que o elixa o Parlamento?. E porque non crean un organismo que tamén di a lei, un órgano de participación dos profesionais encargados

de velar pola independencia, pola obxectividade e veracidade dos contidos informativos; iso tamén o di a lei, que vostedes aprobaron e non a queren aplicar porque queren seguir manipulando. E eses son datos, porque xa lle dixen antes, e vólvollo dicir agora, que non me respostou a porque vostedes mesmos non cumpren esa lei, non cumpren a lei para manipular”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Fala vostede de credibilidade e de rigor, quéreme dicir logo que os traballadores da Galega que se manifestan nos “venres negros”, feito que nunca se producira antes na historia da radio e da televisión, non son cribles no que dín?, eu creo que si o son.

Polo tanto eu atévome a acusar hoxe aquí ó Partido Popular de ter sobre as súas costas a responsabilidade de ter convertido a historia da Televisión de Galicia nun manual de manipulación e uso partidista dun medio público de tódolos galegos e galegas, a historia real, veraz e que recollen hoxe as queixas e denuncias da plataforma “Defende a Galega” nos “venres negros”.

Esa é a realidade, un feito que nunca se producira antes na historia da radio nin na historia da televisión; e nós temos a obriga de reclamar unha información de calidade para transmitir un retrato veraz do que estamos vivindo; nós temos que deixar de ser as persoas que amparemos un comportamento sesgado e partidista por parte dun medio público”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Benquerido amigo, Agustín, que compartimos fatigas parlamentarias, que vostede dera a volta totalmente por fóra da iniciativa, como se dicía naquel Parlamento, “unha volta pola agricultura”, está ben, pero para dicir o que vostede dixo aquí hai que ter atrevemento. Vostede non lembra un dito daquel ínclito Ministro, chamado señor Montoro, que cando vostedes cambiaron a Lei que Zapatero tiña feito para que participaran tódolos Grupos no Consello de Administración, e eles a cambian con maioría absoluta, e no Parlamento o Sr. Montoro atrevese a dicirlle a unha Deputada: “se non lle gusta cambie de canle”, iso está recollido no Congreso dos Deputados. Iso é a liberdade e a transparencia informativa.



E isto a mín case me fai graza, pero é moi serio, eu xa sei que como vostedes din que eu fago oposición a Feijóo, entónces non me van cubrir ningunha información, iso xa o sei, e tampouco teño ningún interese en sair na Televisión de Galicia. Pero eu diría que para a Televisión de Galicia a Transrománica debería ser de interese, e de feito o era, ata que souberon que quen ía explicalo era o Presidente da Deputación, a partires de aí deixou de ter interese, fíxese vostede como cambiou a noticia!, a Transrománica do Consello de Europa era o mesmo, os monumentos que ían eran os mesmos, por certo a maioría deles de concellos gobernados polo Partido Popular.

Digo eu que se Suplusa interesa para que o explique o Sr. Castiñeira tamén interesará se o explica o goberno, ou o goberno non ten nada que dicir aí e teno que dicir a oposición?. E os Orzamentos para a provincia de Lugo non son de interese público?, non merecen trinta segundos, ou dez segundos dun telexornal?.

Sinceramente eu creo que un pouquiño de transparencia informativa estaría ben e os galegos agracerían, porque un empacho de autoaxenda ó final termina volvéndose en contra, e senón xa o veremos”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS DEMANDAS DA COORDINADORA NACIONAL DE EMIGRANTES RETORNADOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que

celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ás demandas da Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados.

Exposición de Motivos:

Nesta iniciativa recollese proposta para moción recibida da Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados para o ser tratada no pleno desta corporación. A cal literalmente dí:

“O colectivo das e dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando contra o inxusto trato que o goberno central aplica na tributación das nosas pensións. Desde comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais para reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas que despois de ter que emigrar na busca de traballo e oportunidades para conseguir para nós e as nosas familias un futuro, decidimos volver á nosa terra, reencontrarnos cos nosos e pasar os nosos últimos anos desfrutando despois de anos de traballo. Mais desde hai uns anos, as decisións do goberno central para aumentar a súa recadación pretenderon situarnos como defraudadores esixindo requirimentos inxustos a partir do ano 2012.

A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da Lei26/2014, pero aínda así hoxe continúan graves problemas de inxustiza fiscal que requiren de modificar a Lei 35/2006 pola que se regula o imposto sobre a renda das persoas físicas para conseguir un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e sobre todo xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Sería tamén necesario que se poña punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco claro para o recoñecemento das pensións de invalidez.

En xaneiro de 2020 o noso colectivo ollou con gran esperanza o acordo impulsado polo BNG para votar favorablemente a investidura de Pedro Sánchez, onde se recollía literalmente “Durante 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de



evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas. ”

Por desgraza, neste 2020 todas e todos sufrimos a pandemia do coronavirus, que se cebou especialmente cos máis maiores e que paralizou as nosas vidas. Desde o colectivo dos emigrantes retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e por responsabilidade non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide nestes momentos desenvolver o noso dereito a saír ás rúas en masa. Pero iso non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen unha solución e agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos a esta Deputación para que se sume ás nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao goberno central e ao Congreso das e dos Deputados para pedir a pronta aplicación do acordo de xaneiro”.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado, dos seguintes acordos:

1.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda expresar o seu apoio ás demandas dos emigrantes retornados, asumilas como propias e dirixirse ao goberno central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados para esixir a atención ás necesidades do colectivo de emigrantes retornados e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, durante 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira.

2.- Así mesmo, demandar do goberno do Estado que se trate o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Como o propio título da moción di, o que facemos nesta ocasión é dar voz á coordinadora nacional de emigrantes retornados que ten una serie de demandas dende hai xa un tempo, e polo tanto o que vou facer é ler a moción, que non é o que adoito facer, pero son as palabras deles, e das que o meu Grupo quere deixar constancia nesta Cámara:

“O colectivo das e dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando contra o inxusto trato que o goberno central aplica na tributación das nosas pensións. Desde comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais para reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas que despois de ter que emigrar na busca de traballo e oportunidades para conseguir para nós e as nosas familias un futuro, decidimos volver á nosa terra, reencontrarnos cos nosos e pasar os nosos últimos anos desfrutando despois de anos de traballo. Mais desde hai uns anos, as decisións do goberno central para aumentar a súa recadación pretendieron situarnos como defraudadores esixindo requirimentos inxustos a partir do ano 2012.

A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da Lei 26/2014, pero aínda así hoxe continúan graves problemas de inxustiza fiscal que requiren de modificar a Lei 35/2006 pola que se regula o imposto sobre a renda das persoas físicas para conseguir un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e sobre todo xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Sería tamén necesario que se poña punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco claro para o recoñecemento das pensións de invalidez.

En xaneiro de 2020 o noso colectivo ollou con gran esperanza o acordo impulsado polo BNG para votar favorablemente a investidura de Pedro Sánchez, onde se recollía literalmente “Durante 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar



calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.”

Por desgraza, neste 2020 todas e todos sufrimos a pandemia do coronavirus, que se cebou especialmente cos máis maiores e que paralizou as nosas vidas. Desde o colectivo dos emigrantes retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e por responsabilidade non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide nestes momentos desenvolver o noso dereito a saír ás rúas en masa. Pero iso non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen unha solución e agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos a este Deputación para que se sume ás nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao goberno central e ao Congreso das e dos Deputados para pedir a pronta aplicación do acordo de xaneiro”.

Polo tanto nós propoñemos o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo acorda expresar o seu apoio ás demandas dos emigrantes retornados, asumilas como propias e dirixirse ao goberno central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados para esixir a atención ás necesidades do colectivo de emigrantes retornados e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, durante 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a externa.

Así mesmo, demandar do Goberno do Estado que se trate o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de límites diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.

Isto é o que queríamos traer, é a voz da coordinadora nacional de emigrantes retornados, e pola que pedimos o apoio a estas demandas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O que subxace no fondo desta moción é un problema importante que é o da emigración, en termos xerais ninguén se ve obrigado e emigrar porque quere senón porque a súa situación no país de orixe evidentemente non é a axeitada, coma milleiros de galegos que no seu día se viron obrigados a emigrar.

Evidentemente a Exposición de Motivos que fai súa o BNG sobre o tema dos emigrantes retornados é algo que tamén manifestou en repetidas ocasións o seu apoio de maneira manifesta a esa Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados o Partido Socialista. Pero o problema tamén está, e aí hai que refrescar a memoria e facer aquí un pequeno parón, que de repente nos encontramos un personaxe moi peculiar, que se por algo se caracteriza é por ter de todo menos bos recordos, na xente en xeral, e os que neste momento ocupamos cargos políticos moito menos; fixo referencia a elo o Presidente cando dicía “se non lle gusta cambie de canle”, e non é outro que o señor Montoro.

O señor Montoro é o mesmo que promoveu esa Lei de Amnistía Fiscal, é o mesmo que aprobou esa Lei de Estabilidade Orzamentaria; e evidentemente o mesmo que, baixo o seu mandato, esgrimiu e espoliou, en base a que tiña tódolos datos deses xubilados que tiñan retornado, deses emigrantes, e que evidentemente estas prestacións tiñan que pasar a controlarse masivamente; que é o que así fixo, incluso reclamando os intereses de demora, e impondo multas importantes a todos estes emigrantes que cotizaban no estranxeiro e deciden pasar esa última etapa da súa vida no seu lugar de orixe, porque precisamente retornar é iso, volver ó lugar do que un parte.

Así que, como poden observar, na liña do que fixo Montoro, tratouse este colectivo, non diría que como delincuentes pero si que realmente se lles tivo un pouco apartados de todo o que é a



xestión na súa problemática, que son dúas, por unha banda a dobre tributación que dende que está Montoro se lles esixe, e no establecemento dos límites a partir dos cales teñen que facer a declaración da renda. Evidentemente todas estas imposicións que se realizan o único que fan é lastrar un colectivo moi amplo. E isto se dá dende que está o Partido Popular.

Evidentemente a día de hoxe hai que dicir que hai un apoio ou un respaldo dende o punto de vista xudicial, porque se o Sr. Montoro aprobaba esa Lei de Amnistía Fiscal o propio Tribunal Constitucional lla tira tamén, o Tribunal Superior de Xustiza se pronuncia non hai moito acerca da ilegalidade da aplicación desta dobre tributación; por parte do Ministerio de Facenda tamén se detectan unha serie de distintos criterios de aplicación nas distintas oficinas tributarias, o que conleva necesariamente que se busque unha homoxeneización na aplicación destes criterios, sobre todo pensando nun colectivo que é moi amplo, que temos que recordar que ocupa a moitísima xente.

Evidentemente o Partido Socialista aquí en Galicia, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, lles prestou a súa colaboración para poder realizar determinados trámites e facilitarlles un pouco cobrar aquelas cantidades que se endebedaban. E dende logo en definitiva existe tamén un compromiso manifesto do Presidente do Goberno, de Pedro Sánchez, para eliminar esta dobre tributación, sobre todo harmonizar tamén a fiscalidade deste colectivo no conxunto do territorio nacional.

Polo tanto é certo que era un compromiso que se está a mirar, que os Deputados galegos do Partido Socialista se reuniron coa voceira de Facenda no Congreso para abordar de inmediato a aplicación desta cuestión, e evidentemente é un problema que se ven arrastrando dende hai moito tempo, que creo que afecta a un colectivo moi amplo e que é un colectivo que traballou duramente e que ten o dereito de poder tributar coma o resto dos galegos.

Así que sumarnos a esa idea, fundamentalmente nos dous puntos, de eliminar esa dobre tributación e da harmonización da fiscalidade que propón a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados, e que neste caso propón o BNG”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“É certo, se di en moitos ámbitos, que moitos dos debates políticos son estériles, e moitos son incluso incongruentes. Tamén é certo que a Deputación en moitos ámbitos da xente ten a sensación de que aquí se está falando por falar en moitos temas que realmente nin se entenden nin se comprenden. E esta moción, señor Castro, é a demostración palmaria da perda de tempo e da perda absolutamente de criterios mínimos de rigorosidade coa que vostedes traballan.

Tráennos aquí unha moción na que nós teremos que abstermos, porque non sabemos realmente que é o que están pedindo; vostedes están falando por falar sen coñecer a Lei, sen coñecer a modificación da Lei, sen falar de ningún aspecto que xustifique esa dobre tributación, sen nada.

Mire se é ridícula a situación, señor Castro, que vostede vén e trasládanos as demandas da Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados, moi lexítimas por suposto, pero di que as traen aquí para instar ó Goberno da Nación porque non cumpriu no ano 2020 o que tiñan prometido; é máis, parece que tiñan chegado a un acordo no apoio a Pedro Sánchez para que o cumpriran.

E agora, o culmen é a resposta do Partido Socialista, resulta que os que non cumpriron o acordo que tomaron con vostedes, e que vostede denuncia, di que por suposto apoian moitísimo á Coordinadora, igual que Pedro Sánchez apoia a Alcoa e tódolos compromisos que ten con Galicia, pero non o fan; e a culpa de que non cambien a Lei é do señor Montoro!.

Pois mire, se os socialistas están en desacordo coa Lei cámbiena, porque gobernan dende hai anos, eu non sei nin se se enteran do que están dicindose vostedes uns ós outros. Sr. Representante do Grupo Socialista, o BNG estaos acusando manifesta e expresamente nesta moción de non cumprir o seu acordo, e vostede vén con Montoro!; apoian moitísimo ós emigrantes retornados pero o problema é de Montoro.

En primeiro lugar, a Lei que xerou todas estas dificultades e todo este “cabreo” dos emigrantes retornados é a Lei do 2006, a Lei 35/2006 do Imposto da Renda das Persoas Físicas; e



sabe quen era o Presidente do Goberno cando se ditou a Lei 35/2006?, o señor Zapatero, o Partido Socialista, e que se fixo?, que leva defendendo o Partido Popular dende hai moitos anos?, que non existe esa dobre tributación, e que hai que pelexar pola igualdade de trato entre os pensionistas, obteñañ onde obteñan as rendas, porque o importante no Imposto da Renda é onde se reside, e se é en España, e veñen cantidade de pensións doutros países, lóxicamente o pensionista retornado asúmeas; e terán que dicir vostedes o artigo da lei que queren cambiar, porque non recoñecemos iso que están dicindo tan vagamente.

E efectivamente existía un problema de xestión con este imposto, existía un problema coa súa Lei, coa do 2006 do señor Zapatero, que como parte desas pensións se recibían por parte do contribuínte dependendo da propia xestión no Estado de orixe onde tiña cotizado e de onde recibía a pensión, e como a declaración da renda faise como unha previsión de ingresos, ó ano seguinte ó mellor tiña que devolverse ou incluso na xestión podía tratarse pola axencia tributaria como unha multa ou unha falla de concreción nas declaracións da renda dos emigrantes retornados.

Pois todo iso solucionouno a Lei 26/2014, como recoñecen os propios emigrantes retornados, alo menos en parte, coa modificación da Lei de 2006; de quen é a Lei que solucionou en parte isto?, do Sr. Rajoy Presidente e do Sr. Montoro Ministro.

Polo tanto de que falan?, falan por falar; non analizaron nada, nin traen ningún tipo de proposta concreta. E xa o culmen é que diga o BNG na súa moción que por desgraza no 2020, e facendo palabras súas dos propios emigrantes retornados, que o Partido Socialista non cumpriu o acordo que tiñan co BNG; e o Partido Socialista, que apoia tanto ós emigrantes retornados, bótalle a culpa ó Sr. Montoro; pois alo menos había que ler un pouco as mocións de que se está falando.

Nós non sabemos se a van apoiar ou non, se a apoian estupendo, demóstrano; tamén apoiaba a Alcoa o Sr. Pedro Sánchez, e apoiaba moitos dos problemas importantes que ten Galicia, tanto a apoian que non solucionan ningún, e este tampouco; porque o que lles están reclamando, señores do Partido Socialista, entérense e lean, a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados é que cumpran un acordo que parece ser que tiveron no inicio do ano 2020, e que facilitou o apoio do representante do BNG nas Cortes de Madrid. Eses son os seus acordos; e veñen aquí co señor Montoro.

Polo tanto se queren facer algo realmente propoñan algo, non se rían da xente; acúsanos de incumprimento e a culpa é de Montoro. E sobre todo nas mocións se queremos que sexan serias fáganas serias, digan que parte da Lei actual do 2014 xustifica que existe unha dobre tributación; e digan se esa Lei é igual e igualitaria para tódolos pensionistas de España, e se o cren que nos digan onde”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor García, non me sorprenden as súas palabras porque dende o principio deste conflito o Partido Popular, dicía o señor Rivera, eu non sei se acusou ós emigrantes retornados de delinquentes, quizá delinquentes non pero si de defraudadores; o Partido que fai amnistías fiscais para os grandes defraudadores do país, puxo no foco mediático e impúxolle multas a traballadores e traballadoras galegas que foran procurar unha vida mellor.

E despois seguen con ese desprezo porque, como ben lles dixen no primeiro momento, o que fixemos foi trasladar as demandas da propia Coordinadora, demandas que seguramente lle fixeran chegar tamén ó seu Partido. Polo tanto a concreción é esa, e nós cremos que é certo que sofren unha dobre tributación, e senón diga vostede, e dígallelo a eles, que todas estas mobilizacións que levan durante anos que é en base a unha mentira.

E despois, claro que lles molesta que falen do señor Montoro, pero é que estalou sobre a xestión do señor Montoro, ó mellor é que era un home con moi mala sorte, ó mellor é que era moi cenizo, pero eu creo que as súas lexislacions foron moi inxustas para moitos grupos, entre eles este. Se votedes queren abandoar a un colectivo que para nós é importante porque emigrar é sempre moi duro, e é porque tes unhas ciscunstancias que che obrigan a procurar unha vida mellor.

E que decidan voltar e traer esas gañancias para Galicia é algo que nos debería enorgullecer, e polo tanto merecen un trato igualitario como calquera outro traballador. E son demandas que, como ben di a moción, levan moitos anos pelexando. E se di que son mentiras,



díganlle a ese grupo de homes e mulleres que emigraron que están mentindo e que non están sendo discriminados.

E aquí falábase, e na propia moción se di, incluso eles entenden que é un acordo que cren que está vivo e que o 2020 pode ser que descabalgara tódalas previsións, e o que veñen dicir, e ó que se suma o BNG e sempre pón sobre a mesa, é que ese acordo está vivo e que deberá cumprirse; e polo que dicía o compañeiro do Grupo Socialista esa é a intención tamén do Partido Socialista.

Por tanto non sei que dí aquí de ridículo, o que é ridículo é querer absterse porque polo que dixo vostede están en contra desta peticións dos emigrantes retornados; así que se están en contra voten en contra, e non xoguen a que non os imos enfadar; está dicindo que non teñen unha dobre tributación, pois se vostede cre iso vote en contra”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera, Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O discurso do señor García sempre ten un punto de mitomanía elevado ó extremo, e o digo porque é capaz de retorcer a realidade ata límites insospeitados a calquera prezo.

E digo isto porque dende o ano 2006, se tanto o critican, o ano 2011, o ano 2012, 2013, 2014, vén o señor Montoro e tamén podían ter cambiado isto se tanto lles molestaba; pero o que fai o Sr. Montoro en vez de cambialo é retorcelo, apretar, asfixiar ós emigrantes que tiveron que marchar a outro país porque aquí non tiñan oportunidades para vivir. Se a vostede iso non lle chega para interpretar a realidade, a realidade é esa.

E fala do 2020, entendo que poda estar un pouco despistado porque pasaron moitas cousas, pero o 2020 aínda non rematou, hai un acordo, non nos están dicindo que cumpramos ningún compromiso, e un compromiso do propio Presidente do Goberno, de evitar esa dobre tributación que vén aplicando especificamente o señor Montoro, que cobra os atrasos de cinco anos atrás a toda esa xente emigrante.

Polo tanto creo que é un tema normal, é un elemento igualatorio para tratar de que a fiscalidade sexa igual a dunha persoa que emigrou ca unha persoa que está aquí; ó mellor vostedes teñen outro tipo de interpretacións, ó mellor vostedes interpretan a emigración con outras cousas, eu non, e senón respóndame vostede: que pasa tamén cos cincuenta mil mozos e mozas galegos que, agora, non estes que retornan, se viron obrigados a emigrar nesta década do Sr. Feijóo?, emigran por gusto?, está ben a situación no noso país?; seguramente vostede me diga que si, nese alarde de mitomanía do que ás veces peca bastante; pero evidentemente aquí hai unha situación moi clara, e é que o único que estamos reivindicando é xustiza, e un trato igualitario para todo este colectivo, que non é un colectivo menor porque é moi amplo; e pódolles falar de leis e pódolles falar do que queira, que o Tribunal Superior de Xustiza lle dixo ó Sr. Montoro que non fora capaz nin de aplicar os convenios bilaterais que existían entre países como Alemania ou Francia, e ó final o que estaba facendo era quitarlle os cartos ós pobres emigrantes que se viron obrigados a ter que marchar nun momento determinado.

Así que fale do que queira, fale de leis, pero vostedes cando teñen oportunidade de facelo en vez de solucionalo aínda retorcen máis a cuestión. Por tanto pouco máis que engadir a este tema”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Insisto, é moi triste que nin se leran o que poñen nas mocións e nin se lean o que poñen para contestalas.

O BNG o que está trasladando aquí parece ser que é unha proposta recibida da Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados. É moi dura a emigración, pero máis duro é mentirlle ós emigrantes.

Aquí se di, que din os emigrantes retornados: “a gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran os dereitos perdidos coa Disposición Adicional da Lei 26/2014, é dicir a lei que subsanou en parte os problemas que tiña a emigración retornada é a Lei 26/2014 que modificaba a Lei 35/2006. É dicir, a lei do Presidente Rajoy, co Sr. Montoro de Ministro de



Facenda, foi a que solucionou parte dos grandes problemas que lles creaba a lei 35/2006, é dicir a lei socialista do señor Zapatero, porque non o recoñecen?; recoñecen que crearon un problema na Lei do 2006, os socialistas, os propios emigrantes retornados recoñecen que se solucionou en parte coa Lei do 2014 do señor Montoro e do señor Rajoy; e agora que din que non lles chega o que se solucionou non 2014, din que teñen un acordo para arranxalo pero non o arreglan entre vostedes, e os socialistas e o señor Pedro Sánchez tanto arranxa que non arregla nada, e fala outra vez do señor Montoro que foi o único que solucionou o problema que vostedes crearon.

Ven vostedes o ridículo que é todo?, o ridículo que é tirar de argumentario sen estudar os temas?; ven que non saben dicir onde existe esa dobre tributación?; ven que non saben defender porque no ano 2014 o Partido Popular foi quen de sacar as multas, as sancións, que lles estaban poñendo ós emigrantes retornados coa lei socialista?; non saben nada, e veñen aquí cun discurso articulado que lles vale para todo, a culpa é de Rajoy, de Feijóo, ou de Aznar, da igual quen governe.

Ou sexa, parece que leva no goberno de Madrid o señor Pedro Sanchez dende onte, e non arreglou nada; no 2020 incumpriron os acordos. E por suposto que os socialistas de Madrid xa saben que eses acordos de apoio de lexislatura que lles fai o BNG non valen para nada, porque ó BNG ó final non lle fai caso e ségueos apoiando igual, escenifican que se enfadan moitísimo pero están aí sempre xuntos nos gobernos apoiándose mutuamente.

Entonces é normal que a un socialista en Madrid non lle importen demasiado os acordos que propoña o BNG, coma o de Alcoa, ou non recordan o apoio tamén para garantir o mantemento de Alcoa?, tódolos seus acordos non serven para nada, pero dá igual porque ó día seguinte de incumprilos volven sentar xuntos, non rompen ningún goberno por iso, non defenden tanto a Galicia nin ós emigrantes, vostedes están moi cómodos aí sentados todos ó lado uns dos outros”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. García, eu non teño a prepotencia que ten vostede ó falar, pero é evidente que o goberno que empezou a tributarlles de forma esaxerada e a poñer o foco sobre os emigrantes

retornados foi un goberno do Partido Popular, iso pode gustarlles ou non, foi cando se empezaron a recibir as multas, e foi cando empezou a mobilización social que, aparte de modificar a Lei pola mobilización social, foi incluso porque os propios Tribunais lles dixeron que era inxusto.

Por tanto volvo ó que lle dicía, se vostede cre que os emigrantes retornados son uns locos que están pedindo cousas sen razón e que non teñen dobre tributación, vótena en contra; nós imos seguir defendendoos e dicindo que teñen que ter unha tributación xusta; se vostede cre que está todo ben vótena en contra e explíquenllelo a eles; pero sufriron unha persecución, ademáis nun goberno do Partido Popular, modificouse en parte pero séguense vendo prexudicados, e cremos que hai terreo de mellora, e polo tanto traemos esta moción”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA CULTURA COMO BEN DE PRIMEIRA NECESIDADE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, que di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para esixir Galiza a declaración da cultura como ben de primeira necesidade.

Exposición de Motivos:



A cultura é un dereito, e ademais é tamén unha realidade pluridimensional que xera riqueza, cohesión social e identidade. A cultura galega é a expresión máis visíbel do que somos como pobo e de como entendemos o mundo. Para alén do máis, configúrase coma unha ferramenta esencial para a transformación e a mellora social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional.

En todas as dimensións permeábeis e discontinuas en que hoxe se manifesta a cultura galega, da sociocultural á patrimonial, da tradicional á experimental, da analóxico á dixital, da material á inmaterial e da económica á creativa, a Xunta de Galiza ten obriga de atender con políticas públicas específicas o desenvolvemento de cada unha delas para dar cumprimento ás competencias exclusivas que ten nesta materia.

E para iso cómpre poñer en valor todo o potencial creativo que temos, proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada propia no mundo, dun xeito plural e aberto.

O estudo do Consello da Cultura Galega intitulado *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI* (2018), xa recoñecía entre as liñas prioritarias a desenvolver “un incremento no orzamento en cultura da Xunta de Galicia. Un obxectivo realista sería pasar do 0,65% da actualidade ao 1% do gasto público consolidado nos próximos catro anos e a un 1,5% nun prazo de dez anos, este obxectivo sería congruente coas achegas do sector cultural ao emprego e ao PIB de Galicia”. En contraposición os datos da Xunta de Galiza descata que a area de cultura da Deputación de Lugo dedica ao sector cultural un 7,5 % do orzamento total da institución.

Para alen diso, esta radiografía do estado da saúde dos sectores culturais galegos determinaba, antes da pandemia, que “Os recortes no gasto público en cultura son demasiado agresivos para un ámbito social que é de protección preferente. Mesmo se se compara con actividades económicas non sociais, os recortes foron maiores. A pequena recuperación do gasto dos últimos anos semella aínda moi insuficiente. Estas baixadas no gasto público indican que a cultura se atopa nos últimos postos nas prioridades dos políticos que dirixen todas as administracións dende o inicio da crise económica”.

É por iso que, dous anos despois, cando a cultura asumiu o papel identificado polo historiador grego Dióxenes Laercio como “un refuxio na adversidade”, os efectos desta crise da COVID19 poden resultar letais para boa parte do sector cultural. E para enfrontala urxen medidas integrais, mais tamén un cambio de modelo.

Nesta altura dispomos de datos que aproximan o nivel de afectación da pandemia sobre o sector cultural galego.

O pasado mes de xullo o Consello da Cultura Galega publicaba o primeiro *Barómetro da cultura galega I*, onde se ofrece unha radiografía pormenorizada do que sucede nas empresas culturais galegas dende que empezou a crise do coronavirus, derivada do seu impacto desde o comezo do confinamento até a actualidade en que segue a verse moi limitada, cando non anulada, as súas posibilidades de desenvolvemento e actuación.

Algunhas das conclusións deste primeiro estudo son argumentos sólidos que reclaman unha atención preferente e urxente:

1. A pandemia provocou que un 53,8% de empresas estean inactivas.
2. No sector das artes escénicas, que inclúe as actividades de teatro e música, as salas de espectáculos e actividades auxiliares, o 82,4% mantense inactivo.
3. O 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE, con maior frecuencia nas artes escénicas e no sector do libro.
4. O 60,7% das empresas culturais de Galicia sufriu a raíz da COVID-19 unha redución de máis do 50% da facturación nestes primeiros meses do ano. Para o 37,6% esta redución foi mesmo superior ao 75%, porcentaxe que se duplica entre as empresas das artes escénicas.
5. A respecto das estimacións para o tempo posterior á realización da enquisa, todos os sectores da cultura presentan porcentaxes superiores ao 35% de empresas que agardan descensos de



máis do 50% no seu volume de facturación anual, se ben é no sector das artes escénicas onde se producirá o maior impacto, pois o 68,5% estima rebaixas de máis do 50% da súa facturación.

6. Os problemas que deben afrontar os sectores culturais son múltiples e, entre eles, sobrancean: o cesamento ou caída da actividade dos clientes e o conseguinte descenso na demanda (81,5%); o problema de tesouraría (53,1%); a dificultade para pagar impostos e seguros sociais (39,3%); os problemas cos provedores, pola imposibilidade destes de entregar subministracións ou prover dos servizos que viñan prestando (30%), os problemas de distribución (28,7%) e os de financiamento (25,1%). Pechan a listaxe, os derivados das limitacións de cabida (21,8%), a inseguridade xurídica (19,8%) e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (13,5%).

Finalmente, este estudo do CCG conclúe que as empresas culturais galegas suspenden os tres niveis da Administración pública (estatal, autonómico e local) no referente ao apoio prestado ao sector para facer fronte ás consecuencias da COVID-19.

Consecuentemente, por unha banda, comprobamos que a crise provocada pola COVID19 repercutiu de maneira especial no noso ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza e precariedade. E pola outra, esclárese que as estruturas profesionais da cultura galega - autónomos, micro-pemes e cooperativas sociais na súa gran maioría - están a afrontar un contexto xa non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia. De igual maneira acontece coa cultura de base e o asociacionismo cultural, especialmente o vinculado coa música e cultura tradicional que mobiliza miles de persoas.

Urxe, pois, á vista da realidade contrastada obxectivamente na investigación do Consello da Cultura Galega, poñer en valor todo o potencial creativo que temos proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada retroalimentadora nun mundo diverso, dun xeito plural e aberto.

No BNG acreditamos nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a

nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país.

Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuítos culturais internacionais.

A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos o seguintes acordos:

Instar a Xunta de Galiza:

1. A aprobar a declaración da cultura como ben de primeira necesidade, partindo do recoñecemento da cultura como dereito.

2. A adoptar todas as medidas de apoio e impulso que dean cobertura aos dereitos culturais da cidadanía galega e a poñer en marcha un proceso participativo, dialogado e aberto ás entidades representativas de todos os ámbitos e axentes da nosa cultura para a elaboración dunha Lei de Dereitos Culturais de Galiza.

3. A desenvolver un paquete de políticas públicas específicas de apoio aos creadores e creadoras e aos sectores profesionais da cultura galega durante a duración da pandemia da COVID19.

Instar ao estado español:

4. que leve a cabo a redución do IVE cultural do 10% ao 4%”



Intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Traemos hoxe aquí unha moción para pedirlle á Xunta de Galicia a declaración da cultura como ben de primeira necesidade xusto cando estamos nun tempo e nuns momentos onde para ningún sector é doado esta situación, pero para a cultura é máis difícil porque ademáis hai un determinado sector organizado e con claras pretensións partidistas de intentar criminalizar todas aquelas actividades que estean relacionadas coas actividades culturais.

A cultura é un dereito, e ademáis tamén é unha realidade pluridimensional que xera riqueza, cohesión social, e identidade. A cultura galega é a expresión máis visible do que somos como pobo e como entendemos o mundo. Tamén ademáis é unha ferramenta esencial para a transformación e a mellora social, tamén o fortalecemento da constancia e da identidade nacional.

Para que non veña aquí hoxe ninguén dicirnos que facemos partidismo, que non quere dicir que non fagamos política, vou facer mención a un estudo do Consello da Cultura Galega que se publicou xa no ano 2018, e onde falaba da necesidade dun incremento no orzamento en cultura da Xunta de Galicia. Un obxectivo realista que sería pasar do 0,65% da actualidade ó 1% do gasto público consolidado nos próximos anos, e no 1,5 no setor nun prazo de dez anos.

Temos que lembrar que nesta Deputación a porcentaxe adicada ás actividades culturais é o 7,5% do total da Institución, e os compañeiros e compañeiras do BNG levan pedindo e reivindicando xa durante moito tempo que a Xunta de Galicia, alo menos o inicio, sería achegarse ó 1%.

Falamos ademáis da cultura como xeradora de riqueza e emprego; vou ler ademáis tamén para que non se me culpe de partidista, unha das conclusións feitas por este estudo que publicaba o Consello da Cultura Galega, e onde se poden ver algunhas das conclusións que din que a pandemia provocou que un 53,8% das empresas estean inactivas; no setor das artes escénicas, que inclúe as actividades de teatro e música, as salas de espectáculos e actividades auxiliares, o 82,4% mantense inactivo; 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE, con maior frecuencia nas artes escénicas e no sector do libro; o 60,7% das empresas culturais de Galicia sufriu, a raíz do Covid-

19, unha redución de máis do 50% da facturación nestes primeiros meses, e o 37,6% desta redución foi mesmo superior ó 75% na porcentaxe que se duplica entre as empresas das artes escénicas.

Ó respecto das estimacións para o tempo posterior á realización da enquisa tódolos sectores da cultura presentan porcentaxes superiores ó 35% de empresas que agardan descenso de máis do 50% no seu volume de facturación anual, se ben é no sector das artes escénicas onde se producirá o maior impacto, pois o 68,5% estima rebaixas de máis do 50% da súa facturación.

Os problemas que deben afrontar os sectores culturais son múltiples, e entre eles podemos falar do cesamento ou da caída das actividades de clientes, por tanto o conseguinte descenso da demanda, ou problemas da tesouraría e a dificultade para pagar os impostos e os seguros sociais; o problema cos provedores pola imposibilidade de entregar subministracións ou prover dos servizos que se viñan prestando; problemas de distribución; os de financiamento. Pechan a súa listaxe os derivados das limitacións da cabida, e a inseguridade xurídica e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene.

Porque si é certo que de cara á opinión pública, e tamén de cara ás persoas que adoitamos acudir ás actividades culturais, non se entende moi ben que se limite a 30 persoas un auditorio, como por exemplo o Gustavo Freire, que ten unha capacidade de preto de 900 persoas, á mesma capacidade que por exemplo ten o salón de actos desta Casa que ten bastante menos. Pois ben, é moi difícil de entender como a capacidade é para trinta persoas, independentemente de onde e como sexa o espazo e a superficie total de onde se fagan esas actividades.

Finalmente o estudo conclúe que as empresas culturais galegas suspenden ós tres niveis de administración pública no referente ó apoio prestado ó sector, para facer fronte ás consecuencias da Covid”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:



“Unha vez máis o BNG, que non leu por certo as propostas de acordo que pretende que aprobemos, eu entendo que debera ser o primeiro que nos preguntara ós Deputados por se queremos aprobalas, preséntanos unha moción coa que pretenden defender un sector afectado pola pandemia, tratando de quedar ben con ese sector en particular, pero elixindo escenario equivocado, e vostede ben o sabe señora Ferreiro, porque solicitan medidas que deberan ser competencia do Goberno Central, a quen se lle ocorre pedirlle á Xunta de Galicia que se rebaixe o IVE cultural ó 4%?, non lle parece correcto que o máis idóneo sería que puxeran a traballar ó señor Rego en Madrid e que se dirixira ó Goberno do Estado a pedirlle esa redución do IVE cultural?.

Pois ben, dicía tamén que se dirixen á Xunta de Galicia esquecendo que foi dos primeiros gobernos autonómicos en poñer en marcha unha reactivación do sector cultural. E volvo dicir, debería corresponderlle ó Goberno do Estado a petición que vostedes lle fan. Hai un caso no dereito comparado, en estados membros da Unión Europea, en Francia ou en Alemania declarouse a cultura ben de primeira necesidade, non foi ningún dos Länder alemáns, que equivalen ó que aquí serían as nosas Comunidades Autónomas, os que adoptaron tal decisión senón o propio goberno da señora Merkel.

Polo tanto vólvolles dicir outro argumento máis para que se dirixan vostedes ó Goberno do Estado. O que pasa é que vostedes teñen un problema co goberno do Sr. Sánchez, que o teñen por goberno amigo e dalles reparo dirixirse a el porque saben que a declaración da cultura como ben de primeira necesidade é un brindado sol, e non serve para nada se non vai acompañada dunha proposta económica como é esta que estamos falando de reducir o IVE cultural. Pero difícilmente podemos pensar que un goberno que ata hai pouco se negaba a reducir o IVE das mascarillas vai reducir o IVE cultural ó 4%.

Por iso a vostedes lles dá reparo dirixirse ó Goberno do señor Sánchez. Pero fagan vostedes como fixo por exemplo Junts per Catalunya que, aínda que teñamos posturas políticas antagónicas, hai que recoñecer que eles o fixeron correctamente, presentaron no Congreso unha Proposición non de Lei no mes de abril, e pediron unha redución do IVE cultural; esa é a forma correcta de facelo señora Ferreiro, e non vindo aquí enredar, nin marear a perdíz, nin a botarlle a culpa á Xunta de Galicia, coma se a Xunta de Galicia tivera a culpa de que non se baixe o IVE cultural.

E volvo ó fondo da moción; as peticións que vostede lle fai á Xunta de Galicia na súa maioría xa foron adoptadas, e o BNG sábeo perfectamente, porque a Xunta elaborou un plan de reactivación dos setores culturais dotado con 26,4 millóns de euros; vostedes son coñecedores de que ese plan foi ó Consello da Xunta o día 30 de abril, foi presentado e debatido no Parlamento o día 13 de maio, tódolos Grupos Políticos, Partido Socialista e BNG, puideron debatelos e emendalos. E agora veñen aquí e queren copiar e pegar as propostas que efectivamente levaron ó Parlamento.

A cronoloxía deste asunto defínese moi fácil. Hai que recoñecer que durante o estado de alarma o Presidente Feijóo foi moi hábil porque presentou este plan cando PSOE e BNG estaban durmindo, e digo durmindo politicamente falando, e colleunos a todos durmindo. Entón o Partido Socialista, que é a terceira forza política no Parlamento, quixo arreglar o tema e levou ó Parlamento unha proposta no mes de outubro, para tratar de quedar ben co sector cultural como que se interesaba pola cultura; e claro, volveu coller durmindo, politicamente, ó BNG, que para tratar de arreglar o tema non lle quedou máis remedio que presentar unha emenda no Parlamento que é a que nos traen hoxe aquí.

É dicir, vostedes hoxe aquí non traen unha proposta seria, traen a emenda que os seus compañeiros nacionalistas de Santiago lle presentaron á Proposición do Partido Socialista, nin sequera se molestan en cambiar a redacción, isto é un copia e pega auténtico da emenda que, insisto, o BNG lle presentou ó Partido Socialista na súa proposta o pasado mes de outubro no Parlamento Galego; e agora tráenola ó Pleno da Deputación de Lugo coma se fora unha exclusiva, é dicir nós non sabemos o que é isto e efectivamente o BNG quere debutar aquí na Deputación de Lugo como que é unha formación política que se preocupa pola cultura. Pois, señora Ferreiro, a nós non nos enganan vostedes, nin a nós nin ós galegos e galegas.

Pero volvendo ó tema de fondo que é o plan de reactivación cultural da Xunta de Galicia, eu voulle falar de cifras reais; apoiase ó sector do libro con 2,3 millóns de euros; ó sector audiovisual con 4 millóns de euros; ó das artes escénicas con 1,8 millóns de euros; ó das artes plásticas con 585.000 euros; ó da música con 2 millóns de euros; e outros dous millóns e medio de euros para o fomento do emprego do sector cultural. Polo tanto eu creo que iso si que é importante señora Ferreiro.



É máis, eu voulle falar como Alcalde, un concello pequeno coma Castro de Rei que ten 5.100 habitantes, o plan de reactivación económica da Xunta de Galicia, o Programa “O teu Xacobeo”, neste verán deixou cinco mil euros á empresa cultural contratada por dúas actuacións, percibiu catro mil de subvención da Xunta de Galicia e mil de fondos do concello. Polo tanto non lle estou falando de falacias senón de exemplos concretos, exemplos que están xa en marcha dese plan de reactivación cultural da Xunta de Galicia”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vaia por diante a nosa defensa ó dereito da cultura e o apoio á industria cultural en todo momento.

Falaba a Vicepresidenta hai un momento dun informe do Consello da Cultura Galega, e a mín me gustaría referirme ó barómetro da cultura galega do pasado mes de xullo, que ten un bo reflexo do impacto do Covid no sector cultural galego, e ademáis dá testemuña da ineficacia da acción da Xunta.

E eu ademáis disto, fágolles unha pregunta, quen de vostedes lembra a día de hoxe o plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte ós efectos derivados da Covid-19?, porque aquel documento que presentaron no mes de maio, que dicía que estaba acordado cun 70% con medidas que aportara o sector en máis de 65 reunións, a día de hoxe é papel mollado; e ademáis ó señor Balado, que desapareceu, me gustaría dicirlle que “O teu Xacobeo” ata onde sabemos xa estaba antes deste plan de reactivación, non sei que novidades nos traen, ó mellor fai coma o Sr. Castiñeira que ten máis información que o resto das persoas de Galicia.

Ese plan de reactivación xa fora rexeitado no seu momento polo sector audiovisual porque dicía que non tiña en conta a realidade do sector, e vendía como grandes novidades aquilo que xa estaba anteriormente nos presupostos. Vostedes teñen dúas formas de traballar, ou visten de novo o que xa está no presuposto e collen diferentes liñas e as meten no mesmo saco, ou ben presupostan e despois non gastan; eses son os dous modelos de xestión ós que nos teñen acostumados dende a Xunta de Galicia.

E aquel plan esquecía setores importantes como o setor audiovisual, o setor editorial; nós xa llelo dixemos ademáis aquí no pleno, non vale a pena o teatro?, ou o setor editorial?; e diciámoslles máis, porque o que non se entendía é que foran aprazar aquelas actuacións ou eventos que non se ían celebrar no primeiro trimestre para máis adiante; a proba está aí, e a mín non é que me faga especial ilusión ter razón, pero naquel momento si que nos molestaba que se tomara con tanta indiferenza algo fundamental para o setor da cultura, que era o aprazamento das funcións; esa non era a solución, e por iso llelo diciamos en maio, por iso lles diciamos que se este era o concepto que tiñan vostedes da industria cultural, que o que non se podía facer en marzo se ía facer en outubro?, pois xa se demostrou que non, estaban errando; que se en outubro non se facía nada iso se ía realizar máis adiante no ano 2021?, pois probablemente tampouco; e ademáis o tempo perdido non é recuperable.

Polo tanto facían falta medidas de apoio específicas e exitosas para o tecido cultural, cousa que non se produciu naquel momento; e nós advertiámoslles e diciámoslles que había que ter unha previsión diferente sobre a industria cultural, tela en conta a toda e non só a un setor, e dirixirse a todos aqueles eidos da cultura e non só ós que vostedes se referían dun xeito sesgado; deberían ter en conta a todos, á editorial, ós produtores, tamén se me apuran ata ó libro dixital, deberían contemplalo todo, e non o fixeron.

E agora estamos na situación que estamos, e eu fágolles unha pregunta: vostedes reuníronse con algún actor, con algunha actriz, con algún escenógrafo, con algún director, e lle preguntaron de que viviron durante este tempo e de que van vivir?, porque eu creo que é a pregunta fundamental que nos temos que facer todos.

E nese sentido é no que manifestamos o noso apoio a esta moción que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego”.

Seguidamente intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:



“Sr. Balado, a cultura é coñecemento, respecto á diversidade, por certo, pouco respecto é o que vostede demostrou agora cando xusto estabamos falando desta moción, que se levanta, e claro así non se entera vostede moi ben do que se fala aquí e despois di o que di.

E precisamente por ser todo iso, e porque tamén nos ensina a ser críticos, a ter argumentos para desmontar as mentiras, tamén pón freo á manipulación; en definitiva, a cultura fainos un pouco máis libres, e por iso molesta sempre ós setores máis retrógrados, sempre nun intento de coartar as liberdades co medo á diversidade no amplo sentido da palabra.

E tamén lle vou dicir unha cousa, como unha cousa é ler e outra cousa é entender, parece que vostede non entendeu ben as proposas que aquí mencionamos, que por certo si que son as mesmas que presenta o BNG en Compostela, porque o BNG normalmente presenta a mesma idea e defendemos as mesmas propostas alí onde esteamos, non facemos coma o Partido Popular que, dependendo se están en Compostela, ou en Madrid, ou en calquera lugar diferente, defenden e transfórmanse como bons camaleóns poñéndose a pel do que interese nese momento.

Nós instamos á Xunta de Galicia nestes acordos que propoñemos aquí a aprobar a declaración da cultura como ben de primeira necesidade, partindo do recoñecemento da cultura como dereito. A adoptar todas as medidas de apoio e impulso que dean cobertura aos dereitos culturais da cidadanía galega e a poñer en marcha un proceso participativo, dialogado e aberto ás entidades representativas de todos os ámbitos e axentes da nosa cultura para a elaboración dunha Lei de Dereitos Culturais de Galiza. Desenvolver un paquete de políticas públicas específicas de apoio aos creadores e creadoras e aos sectores profesionais da cultura galega durante a duración da pandemia da Covid-19.

Pero tamén pedimos para instar ó estado español que se leve a cabo a redución do IVE cultural do 10% ao 4%.

Eu xa sei que o Partido Popular entende a cultura doutra maneira distinta a como a defendemos o BNG, afortunadamente, e nós dende logo seguiremos defendendo esas actividades culturais diversas, enriquecedoras, para que as persoas se formen, se divirtan, e tamén para que

todas esas persoas que se adican a facer un traballo cultural podan vivir dignamente do seu traballo e non das miserias e das esmolos que se lles pode dar das Administracións en moitos casos.

Vostedes venden o Xacobeo, é a única proposta que teñen, eu non sei onde meten os cartos que inclúen nos Orzamentos porque dende logo á xente da cultura non chegan”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Simplesmente, con tódolos meus respectos, para dicirlle que eu non saín do pleno para faltarlle ó respecto á compañeira, saín porque tiña que atender unha chamada telefónica que era importante.

Eu non fago como fan os Deputados do BNG, que se adican a insultar, eu non chamo machista e fascista a ninguén, e lembro que a mín si que mo chamaron sin motivo ningún; iso dígollo para que vostede tamén reflexione un pouco.

E volvendo ó fondo da moción, que é o que nos atinxe, non nos explique vostede o que é a cultura, aquí traen vostedes unha moción escrita na que piden unha serie de puntos, que xa lle dixemos que están en marcha por parte da Xunta de Galicia, e piden que se rebaixe o IVE cultural ó 4%; e eu xa llo expliquei, non sei se mo entendeu ou quere que llo volva explicar, a redución do IVE cultural non lle corresponde á Xunta de Galicia; a quen se lle ocorre, unha formación política que ten representación en Madrid no Congreso traer ó Pleno dunha Deputación unha moción na que, nunha das propostas de acordo, se di que se inste á Xunta de Galicia para que se dirixa ó Estado para que rebaixe o IVE?, pero non presumían vostedes de que o seu Deputado en Madrid nun mes conseguira non sei canto máis cá Xunta en non sei cantos anos?, pois póñano a traballar e diríxanse directamente ó Goberno do Estado, fagan como lles dixen eu que fixo Junts per Catalunya con quen, políticamente temos posturas antegónicas, pero que efectivamente eles fixeron o correcto, pois fagan vostedes o mesmo e deixense de marear a perdiz vindo aquí ó Pleno da Deputación con propostas absurdas e que non teñen máis ca un percorrido absurdo.



E volviendo ó tema que lle dixen antes, de tódolos puntos que traen na súa moción, o único que vale para algo é o de que se reduza o IVE cultural, eu recoñezoo, pero hai que presentalo no escenario correcto, isto fixérono outros Estados membros da Unión Europea, ante setores afectados pola pandemia reduciron o IVE dese setor e estimularon o consumo, nós estamos de acordo con vostedes en que se faga, pero fágano correctamente, non veñan aquí marear a perdíz. Isto é coma o que vai á ferretería mercar pan, ou o que vai a panadería mercar parafusos. Perderon o tempo, e perderon o percorrido.

Non podemos tampouco compartir con vostedes a afirmación que din que a Deputación de Lugo adica o 7,5% á cultura, porque vostede sabe que iso é unha falacia; presumen vostedes de destinar o 33% do orzamento a políticas sociais; 21 millóns de euros ó Plan Único; 16 a mantemento da Rede Viaira; o 30% a soldos e salarios. Vostedes inclúen nese 7,5% os gastos de mantemento e persoal do Museo Provincial, do Museo de Tor, do de San Paio de Narla, e do Museo do Mar; iso non é inversión en cultura señora Ferreiro. Eu estiven durante tres meses en cultura e sei perfectamente con que números nos movemos, o 7,5% que vostedes destinan a cultura inclúe tódolos gastos de mantemento e persoal dos Museos, pero non é unha inversión destinada a cultura”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Miren, nós en xuño xa o pedíamos, pediamoslle á Xunta que retirara ese plan que elaborou sen ter en conta as necesidades reais do setor, non se nos fixo caso, e logo o plan foi retirado pola chegada da Covid.

Agora creo que non deberían quedar calados e mirar para outro lado, deberían escoitar ó setor, escoitalo de verdade, non como fixeron en abril, e habilitar despois as liñas de axuda que aposten pola difusión dixital da cultura, que estuden detidamente a cuestión dos aforos, e que deixen dunha vez por todas de pensar con carácter electoral, señor Balado, porque a mín despois de escoitar esta mañá que a Xunta de Galicia destina os 144 millóns de euros do seu Orzamento á provincia de Lugo, no que se contabilizan os gastos correntes, ter que oírle dicir aquí que os gastos

dos Museos non é inversión cultural, non o é como obra nova pero manter os museos abertos é investir en cultura; sexamos un pouco serios todos señor Balado.

Se hai que tramitar contratos, se hai que tramitar axudas, o persoal que permite facer eses trámites non está colaborando?, non é un gasto desta Institución en cultura?; pero mesmo aí que en estradas, e o mesmo en residencias, en benestar, en todo señor Balado. O que non pode ser é que o que non lles vale na Xunta lles teña que valer aquí, teñen que aplicar os mesmos parámetros, teñen que medir co mesmo raseiro para todos, non o que fan habitualmente que é cambiar de raseiro segundo lles convén, segundo onde teñan o pé nese momento.

E a verdade é que a mín non me sorprende que a totalidade do setor audiovisual rexeitara o plan, porque a Xunta non escoitou nin unha soa das propostas que se lle tiñan formulado, e hoxe realmente vemos que están facendo oídos xordos e que a Xunta de Galicia non está escoitando ó setor cultural, pero igual que non está escoitando ós Alcaldes ou a outros setores, que xa llelo dixemos antes aquí.

Pero bueno, vostedes saberán, ese é o camiño que escolleron, esa é a ruta que queren seguir, e nós dende logo, máis alá de facer apreciacións e aportacións e poñernos a disposición na medida do posible, non lle podemos facer moito máis, a solución téñena vostedes na man”.

Intervén a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Balado, dicir machista non é un insulto, é unha realidade; de todas formas o Partido Popular moi igualitario non é, máis ben tende a ser machista, e non hai máis que ver na bancada do Grupo Popular a representación que teñen as mulleres.

Efectivamente eu creo que ante a falta de resposta e ante a realidade, que é esa preocupación de tódalas persoas que viven de facer cultura, é normal que vostedes tiren a unha fuxida cara adiante porque nunca teñen a decencia de sentar a falar nin a escoitar ó setor, pero a todos e a todas, non só ós da súa corda.



De todas formas eu insisto en que na propia petición que traemos hoxe aquí inclúe efectivamente acordos para trasladar, e pode volver lelo vostede, á Xunta de Galicia pero tamén ó Goberno Central”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Ó GOBERNO PROVINCIAL A ADOPTAR AS SOLUCIÓN PRECISAS PARA QUE A PONTE DE SANTO ESTEVO, SOBRE O RÍO LADRA, POIDA SER REABERTA CON URXENCIA PARA O PASO DE VEHÍCULOS DE MÁIS DE 10 TONELADAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Provincial a adoptar as solucións precisas para que a Ponte de Santo Estevo, sobre o Río Ladra, poida ser reaberta con urxencia para o paso de vehículos de máis de 10 toneladas.

Exposición de Motivos:

A ponte de Santo Estevo, sobre o río Ladra, une os núcleos de Uriz, en Begonte, e de Gaioso, en Outeiro de Rei. É unha ponte provincial sobre a que pasa a estrada provincial LU-P 5101, unha vía intermunicipal, que une os concellos de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e de Friol.

Trátase dunha estrada moi transitada polos veciños destes catro concellos, pero tamén por diferentes transportes, tanto lácteos, como de madeira e servizos públicos como son o transporte escolar e a recollida de lixo.

A dita ponte está limitada, dende hai máis dun ano, a vehículos de menos de dez toneladas, o que obriga aos camións que sobrepasan esa tonelaxe e aos autobuses, sinaladamente os vehículos de transporte escolar, a dar un rodeo de dez quilómetros; o que supón incomodidades moi grandes para os veciños e para as explotacións, pero, tamén, un problema para o sector produtivo nesta zona da provincia.

A limitación de tonelaxe, segundo afirmou o equipo de goberno da Deputación, debeuse a que a ponte ten defectos estruturais, porque é moi antiga. Ata o momento, a única solución que adoptou o bibartito foi a máis fácil, a máis cómoda e, sobre todo, a máis económica xa que pretenderon arranxar o problema coa simple colocación de dous sinais verticais. Esta forma de actuar revela deixadez na xestión por parte do equipo goberno provincial, completamente inxustificable xa que son moitos os veciños directamente afectados e moitos máis os que sofren tamén as incomodidades derivadas de que a institución provincial non adoptara ata o momento para este problema solucións eficaces.

Diante desta situación, que xa se mantén durante moitos meses, os veciños máis directamente afectados xa expresaron a súa protesta, promovendo unha concentración, para reclamar máis alternativas que a que dá ata agora o equipo de goberno da Deputación de Lugo. É máis, os afectados presentaron na Deputación un escrito de queixa, avalado por 550 firmas.

Pola súa parte, o P.P. presentou mocións nos catro concellos afectados para reclamar da Deputación que adopte solucións que permita levantar a actual limitación de tonelaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Instar ao goberno da Deputación de Lugo a recabar con urxencia, a través da contratación dunha asistencia técnica, ás solucións acaídas para que a ponte de Santo Estevo sobre o río Ladra poida abrirse ao tráfico canto antes sen a actual limitación de tonelaxe.

2º.- Instar ao goberno da Deputación de Lugo a poñer en práctica, coa maior urxencia, as recomendacións técnicas para solventar o problema da ponte de Santo Estevo”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Quero poñelos en antecedentes lendo en parte a moción, que di o seguinte:

A ponte de Santo Estevo, sobre o río Ladra, une os núcleos de Uriz, en Begonte, e de Gaioso, en Outeiro de Rei. É unha ponte provincial sobre a que pasa a estrada provincial LU-P 5101, unha vía intermunicipal, que une os concellos de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e de Friol.

A dita ponte está limitada, dende hai máis dun ano, unha ponte que nunca estivo limitada, a vehículos de mais de dez toneladas, o que obriga aos camións que sobrepasan esa tonelaxe e aos autobuses, sinaladamente os vehículos de transporte escolar, incluso vehículos de emerxencia como poden ser os camións de bombeiros, a dar un rodeo de máis de dez quilómetros.

A limitación de tonelaxe, segundo afirmou o equipo de goberno da Deputación, debeuse a que a ponte ten defectos estruturais, porque é moi antiga. Ata o momento a única solución que adoptou o bibartito foi a máis fácil, a máis cómoda e, sobre todo, a máis económica xa que pretenderon arranxar o problema coa simple colocación de dous sinais verticais, ou dúas sinais horizontais postas no pavimento.

Eu diría que a mín isto paréceme un tema demasiado grave, ademáis hai catro acordos plenarios de catro concellos, o de Friol, o de Begonte, o de Rábade, e o de Outeiro de Rei, que en tódolos casos se pide que se arranxe e que se lle dea unha solución a esta ponte. Que se lle dea unha solución porque é un tema enormemente preocupante que unha vía interprovincial que comunica

catro concellos, que o piden catro corporacións municipais, e que isto sucedera hai case un ano, e que realmente non se dea ningunha alternativa.

Ademáis diso hai 550 sinaturas presentadas por veciños aquí na Deputación, ás cales hai un ou dous días non tiñan ningunha contestación, que eu saiba non a teñen a estas alturas; fixeron concentracións enriba da ponte. E eu, como Alcalde dirixome a vostede señor Presidente, porque ademáis é o delegado de Vías e Obras, o responsable deste tipo de problemática, unha problemática de responsabilidade única da Deputación. E eu quería facer isto dunha maneira moderada, a pesares do gran problema que se está a crear a unha porcentaxe enorme de xente do meu concello, pero a unha porcentaxe dos outros catro concellos que tamén lles está creando unha gran dificultade.

A realidade é que a representación de máis de quince mil cidadáns pediulle á Deputación de Lugo, a través dos seus plenos, que buscaran unha solución para arranxar esta ponte, e que un ano despois aínda non temos ningunha resposta. Entonces, señor Presidente, nós facemos aquí unhas propostas que creo que son sumamente razoables, que a pesares de que se podería falar moitísimo das vías provinciais e do deterioro que teñen, e da falta de mantemento que se tivo ó longo dos anos; eu xa sei que nesta ponte se fixeron un par de reparacións no ano 2016 e creo que tamén no 2018, pero iso non é suficiente, porque as reparacións hai que facelas acordes ás necesidades.

Por tanto cando temos unha vía intermunicipal que pasa como mínimo por catro concellos, haberá que tomar as medidas necesarias para que iso se poda resolver, e haberá que tomalas coa intensidade e coa aportación económica que sexa necesaria.

Nós presentamos dúas peticións centradas en dous puntos. O primeiro é instar ao goberno da Deputación de Lugo a recabar con urxencia, a través da contratación dunha asistencia técnica, que pode ser esa ou a través dos propios servizos provinciais, as solucións acaídas para que a ponte de Santo Estevo sobre o río Ladra poida abrirse ao tráfico canto antes sen a actual limitación de tonelaxe. E en segundo lugar instar ao goberno da Deputación de Lugo a poñer en práctica, coa maior urxencia, as recomendacións técnicas para solventar o problema da ponte de Santo Estevo.



Nós estamos intentando facer algo construtivo, a pesares da gran inquietude e preocupación que teñen os veciños da zona; creo que fixemos o correcto, presentamos as mocións, pasamos un tempo, os veciños recabaron sinaturas, mandáronllas á Deputación, esperamos un tempo, pero eu creo que agora está a chegar o momento en que temos que ter resposta desta Deputación. E eu diría, señor Presidente, que no século XXI non se pode simplemente cando hai un problema viario curtir o tráfico, limitando a dez toneladas, porque así calquera concello ou calquera administración podería arreglar calquera vía pública, “onde está deteriorado que non se pase”, e asunto arreglado; pois se realmente limitamos a tonelaxe ou se prohibimos o paso a ponte nunca se vai deteriorar evidentemente, pero eu creo que as Administracións temos a obriga de investir o necesario para que, como mínimo, os servizos existentes durante moitos anos sigan podendo funcionar”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu nesta primeira intervención vou ser breve porque sei que os meus compañeiros de goberno teñen unha explicación dos servizos técnicos, e á que nós nos imos remitir tamén como parte do goberno. Si dicirlles que son especialistas en esaxerar as cousas, e hai un montón de vías que teñen limitación por tonelaxe, este non é o primeiro caso dunha ponte antiga ou histórica que ten que ser limitada por tonelaxe.

Repito que nesta intervención non me vou estender moito máis, porque os meus compañeiros de goberno teñen unha explicación ampla dos técnicos desta Casa, entóns creo que iso se está sacando de quicio e que hai alternativas, incluso para o paso, sobre todo para o que ten que ver con tráfico de camións, que moitas veces o tráfico pesado de camións ten que ser derivado por outras rutas aínda que sexan un pouco máis lonxanas, non sería o primeiro caso; e si que é certo que ó mellor había que ver como afecta ó tráfico agrícola, pero aínda así hai vías que non poden ser autorizadas para maior peso, e esta non sería a primeira na historia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Evidentemente, señor Pardo Lombao, as Administracións temos a obriga de buscar solucións, e os políticos de dicir a verdade. E dígolle isto porque ou ben vostede descoñece cal é a realidade, ou ben os compañeiros daquilo que presumia o señor García hai un rato de que o goberno non lle dá contido ás mocións, pois vostedes non o fixeron aquí, non llo trasladaron, porque eu pódollo demostrar.

O que vostedes piden, chegan tarde, mal e arrastro, este que teño na man é un Decreto asinado o 10 do mes de novembro para facer efectivamente iso, unha análise estrutural da ponte, aquí está, a moción podería acabar aquí; así que aquí alguén non está a facer o seu traballo, e non terxiversen o que lle din ós veciños, ó mellor teñen que explicarlles que traen aquí unha moción cando xa está o problema en vías de resolverse; e vaia por diante que estamos de acordo coa problemática que se lles xera ós veciños, o que pasa é que isto era para coller e levarlle o documento ós veciños e dicirlles que aquí está.

Isto é que alguén na súa función fiscalizadora non fixo o seu traballo, e como políticos temos que ser serios, e vostede máis aínda porque é Alcalde e Deputado Provincial, e en exercicio desa dobre competencia que ten vostede aínda que estea na oposición a Institución tamén ten unha credibilidade que hai que manter, e non se trata de coller unha moción, facer un totum revolutum, sacar catro fotos, vir aquí e presentala, sobre todo se non se está informado de se iso que se pide se está a facer, porque é facer un ridículo espantoso, imaxine no lugar que queda vostede neste momento.

Pois evidentemente isto é o que hai, unha moción na que somos moi claros, e ademáis hai que ter coidado tamén coas palabras porque a súa moción ten unha connotación bastante perigosa, non se pode frivolarzando restando importancia a que eses sinais deixaron de estar aí, eses sinais evidentemente desapareceron, pero sabe vostede que substraer uns sinais é unha infracción administrativa grave que pode derivar nun delito penal, e o primeiro é a seguridade das persoas.

E tampouco poden insinuar veladamente, como fan, que adoptamos decisións en base a criterios políticos porque saben que non é verdade. Como tampouco é verdade que non se fixera nada nesa ponte, actuouse no 2016, como dixo vostede, e no 2019, e como consecuencia das obras que se fixeron no 2019 evidentemente hai informes técnicos que para garantir a seguridade, e dado



o elevado tráfico de maquinaria pesada, nos vimos na obriga, por recomendacións única e exclusivamente técnicas, de colocar eses sinais para garantir en todo momento a seguridade dos veciños e veciñas destes concellos.

Así que o que piden non o imos votar a favor porque xa está feito. Entonces cando teñamos os resultados dese informe técnico adoptaremos as solucións en base a criterios técnicos que correspondan; pero vir aquí con isto sinceramente a mín non me parece serio, e ademáis porque ó final a Institución ten unha credibilidade, e hai uns técnicos por detrás que están elaborando uns informes, e advirten da gravidade que pode ter non acatar esa normativa de cumprir con esa sinal de dez toneladas; pero haberá que dar alternativas, haberá que poñer solucións, pero o goberno xa lla puxo enriba da mesa.

Por tanto se ó mellor en vez de perder o tempo en facer outras cousas, lle preguntaran dentro do marco do respecto institucional, ó Presidente en vez de tratar de colocalo no punto de mira, eu creo que a mellor resposta que lles pode dar o Presidente, como delegado da área de xestión territorial, é isto. Ou sexa que chegan tarde, mal e arrastro”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“O BNG di que hai alternativas, pois claro que as hai porque a xente non vai quedar alí encerrada, pero as alternativas son de dez quilómetros de rodeo que hai que dar, non sei se a iso lle chamamos alternativas, e ó mellor por estradas da Deputación máis de dez quilómetros, porque senón habería que desviarse por estradas municipais que ó mellor non están adaptadas para ese tipo de tráfico.

En canto ó manifestado polo representante do Grupo Socialista, que di que hai un Decreto do 10 de novembro, pero é que estes sinais puxéronse aló polo mes de xuño; eu xa sei que como Deputado seguramente podería saber que está ese Decreto feito, pero dende logo as 550 persoas que lles enviaron as firmas e que lle fixeron a manifestación na ponte de San Estevo, e miles de persoas afectadas, que eu saiba non teñen ningunha resposta; e un Decreto aínda non é unha resposta porque ese Decreto seguramente debería estar feito no mes de xullo e non no mes de

novembro; porque iso é simplemente encargarlle a uns técnicos que se poñan a traballar, non é ter obras feitas de ningún tipo, nin sequera é ter o estudo feito, é simplemente encargalo.

E dende logo se fora no meu concello ó día seguinte de ter este problema unha ponte tería encargado o seu estudo, e despois o tempo que lles leve facelo e resolvelo xa veremos; pero nós simplemente lle pediamos un estudo, vostede di que agora fixeron un Decreto para que se faga ese estudo, pero é que menos non podían facer, porque senón tiñan que chegar aquí e dicirnos que non tiñan feito nada; facer un Decreto leva cinco minutos, e non hai nada máis feito, porque miles de persoas con tráfico pesado, con autobuses, con transporte escolar, e con camións de bombeiros, non poden pasar por alí, e en seis ou sete meses só hai feito un Decreto?, pois se a vostede iso lle parece bastante a mín dende logo como Alcalde me parece que ós veciños desa zona tamén lles vai parecer bastante pouco, vostedes verán.

E eu creo que somos máis que serios porque pedimos algo moi coherente, que é simplemente que se faga un estudo para que iso se arranxe; porque poderíamos pedir moito máis, e poderíamos falar aquí moitísimo da rede provincial, pero non vimos facer política con este tema, que se pode facer, e é bastante fácil, dende logo no meu concello é facilísimo, e nos concellos que eu coñezo e que son case todos, agás en algúns que evidentemente non se repartiu tan equitativamente, pero nos demáis si que se podería facer en moitos, pero ese non é o tema, senón que é que hai un problema gravísimo nunha ponte, e en cinco meses só se fixo un Decreto”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É evidente que nos últimos anos cambiou o tipo de vehículos que circulan polas vías, non só polas provinciais senón as propias municipais, e sofren grandes deterioros e vostede que é Alcalde seguro que nas súas tamén o sofre; porque a maquinaria agrícola cada vez pesa máis, incluso os camións do leite que antes eran camións pequenos e agora son trailers, e iso afecta ás vías municipais, e neste caso afectou a unha estrutura dunha vía provincial.

Dicíalle eu na primeira intervención que había alternativas, que é unha sorte porque podería ser que non as houbera pero había que pechalo igual porque o que dixeron os técnicos é que non



era seguro que pasen vehículos de máis de dez toneladas, non foi unha cousa arbitraria senón que foi que un técnico informou e dixo que non era seguro que siga pasando o tráfico pesado por alí, non é seguro porque pode haber un accidente grave. Por iso lle dicía que había alternativas e, aínda que sexan incómodas, de momento e mentres se estuda e se mira o que se pode facer, hai unha alternativa segura para o tráfico pesado e rodado.

E despois o que fixo o goberno da Deputación é tratar de buscar solucións, pero vostede pode comprender que nun paraxe como é aquel, que hai que ter en conta que non se pode facer alí unha obra faraónica, e a estrutura dunha ponte coma esta que creo que é bastante antiga, e que non se soluciona dun día para outro. Polo tanto o goberno está traballando para darlle solución, e mentres tanto hai unha alternativa evidentemente máis incómoda, pero hai unha alternativa segura. E dez quilómetros para as actividades agrícolas pode convir con vostede en que é un engorro incluso esaxerado, pero para o transporte en camións é un pequeno inconveniente pero non un problema grave.

Polo tanto, iso xa está en trámite, como lle dicía o compañeiro Rivera, para ver que solución hai, e seguramente, aínda que eu non son técnico, non sexa algo moi doado de solucionar, veremos o que din, pero non imos ter unha variña máxica aquí para solucionar e converter aquela estrutura en algo que aguante máis de dez toneladas, vai ser caro e complexo, e algo que haxa que estudar con detenimento. E eu creo que non se lle pode pedir moito máis a un goberno ca que busque solucións, que é o que está facendo neste momento”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Evidentemente a mín non me preocupa o que se fagan, ou se estea a facer, ou o que vostedes alenten; pero do que me queda un sinsabor é de cal é a sensación que teñen os veciños se acaban de interiorizar o que vostedes lles fan chegar, porque eu creo que non lles están facendo chegar a verdade; os veciños están no seu dereito de manifestarse e de queixarse porque é unha situación que os prexudica, pero hai que ter en conta que tampouco era para contestarlles na liña do que vostedes levan aquí. Porque agora que lle contestamos ós veciños?, que o Partido Popular presenta na Deputación unha moción que conclúe algo que o goberno provincial xa está facendo

dende hai un mes?; pois creo que hai que ser serios, hai que dicirlles a verdade, que levamos facendo cousas dende o ano 2016.

E logo frivolizar co tema dos sinais, porque vostede aproba que se arrinquen eses sinais?, pois dígaos porque parece que non se está a dicir nada en relación con isto. E ademáis vostede debe saber que o transporte aínda que non haxa limitacións de tonelaxe tampouco pode andar tan libremente, incluso nas carreteras da Xunta.

Entonces o que lle estamos ofrecendo aquí é unha solución, estamoslle dicindo que están faltando á verdade, e que ademáis están enganando ós seus veciños porque traen unha moción aquí que xa estamos aplicando; e en función diso seguiremos na liña un pouco do que se está facendo, aplicar exclusivamente os criterios técnicos, nin se aposta pola solución máis fácil nin pola máis doada, senón polo que vostedes están pedindo, así que ata nos temos que sentir un pouco reconfortados porque estamos aplicando os criterios técnicos que é o que vostedes están pedindo aquí; e unha vez que teñamos iso enriba da mesa actuaremos.

En definitiva, creo que queda bastante claro que o Partido Popular non fixo os seus deberes”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Creo que é moi sinxelo de explicar, vostedes fan un Decreto o día 10 de novembro despois de ter saído unha nota de prensa onde nós dicimos que imos reclamar isto. Pero é que nós non trouxemos esta moción ás présas, non fixemos nada urxente para ver se creabamos un problema máis ou menos grande, senón que lles deixamos moito tempo, porque aquí teño unha reportaxe da manifestación do 23 de xullo de 2020, pois dende esa data ata o día de hoxe que é o 24 de novembro xa deixamos pasar tempo, mire se vostedes tiveron tempo de facer ese Decreto, e a estas altura xa podería estar o estudo case feito

Vostede di que é o que queremos nós, pois nós queremos algo moi sinxelo, que por esa ponte se poida volver pasar con todo tipo de vehículos, e que o seu responsable, que é a Deputación



Provincial de Lugo, o arranxe para que así se poda transitar. Iso é o que queren os veciños e o que queremos os representantes dos catro concellos afectados neste tema”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Mire, ó que acaba de dicir xa lle digo eu que non, todo tipo de vehículos non van nin polas autovías, porque é imposible, a ver se falamos con propiedade; por esa estrada pódese circular igual ca pola A-6?, pois non se pode, poderán pasar os que digan os técnicos, e a partires de aí vostede verá se segue alimentando outras cousas ou non”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA A INCLUSIÓN DAS PARTIDAS PRECISAS NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2021 PARA O DESENVOLVEMENTO E VERTEBRACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para a inclusión das partidas precisas nos Orzamentos Xerais do Estado 2021 para o desenvolvemento e vertebración da provincia de Lugo.

Exposición de Motivos:

A provincia de Lugo xógase nos vindeiros Orzamentos Xerais do Estado do ano 2021 a execución de infraestruturas básicas para o desenvolvemento do noso territorio. Trátase de actuacións prometidas e asumidas nos últimos anos polo Goberno da nación que para a súa execución precisan ter o necesario soporte nas partidas orzamentarias específicas, para engadir e complementar propostas que xa fixo este grupo provincial en plenos precedentes.

As contas presentadas polo Goberno do Estado para o vindeiro ano non poden ser máis decepcionantes para os intereses xerais de Lugo, de forma notoria no que atinxe ás previsións de investimentos para as principais infraestruturas, co que deixa patente a falta de compromiso do Executivo estatal coa nosa provincia.

Por materias, en infraestruturas viarias, este Grupo destaca:

- PRIMEIRO: a necesidade de darlle continuidade de forma decidida á autovía da Mariña lucense, a A-74. Este investimento supón a mellora de comunicacións na comarca e dar servizo a unha das maiores zonas produtoras de madeira, con portos pesqueiros de referencia, un porto de interese xeral do Estado e unha multinacional do aluminio. Por iso, resulta preciso avanzar nesta actuación que, a día de hoxe, se atopa paralizada *sine die*.

De forma nominativa, para os treitos San Cibrao-Burela propoñemos 2.599.000 euros; para o de Foz-Burela 2.859.000, para o de Foz-O Carme 700.000 euros e para o treito O Carme-Barreiros 700.000 euros.

- SEGUNDO: para a N-VI, en Outeiro de Rei, propoñemos para a mellora da seguridade vial e a glorieta P.k 213, nesta localidade, así como a recuperación das partidas incluídas nos exercicios anteriores e que non se contemplan para este ano pero que si figuraban en 2018. É dicir, 350.000 euros.

- TERCEIRO: Para o intercomunicador A-54 e N-540, en Guntín, que estaba consignada en pasados exercicios, propoñemos 2.500.000 euros



- CUARTO: para a circunvalación de Monforte de Lemos, enlace Monforte este- Babela, propoñemos 422.990 euros, e que figuraban en 2019 para impulsar a autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada.

- QUINTO: para a autovía Lugo-Ourense, propónse seguir impulsando esta infraestrutura que vehicula a provincia de Lugo dende a capital ata Ourense.

En **materia ferroviaria** vese preciso actuacións que impulsen o tráfico por ferrocarril na nosa provincia, como as que se indican:

- PRIMEIRO: incrementar a partida de renovación da liña Monforte-Lugo con 10 millóns de euros, xa que a consignación proposta para o ano 2021 está moi lonxe do custe total de dita actuación e acumula un retraso considerable dende hai anos.

- SEGUNDO: propónse unha partida de 20 millóns de euros na antes denominada electrificación Monforte-Lugo.

- TERCEIRO: propónse unha partida de 2.500.000 euros para a renovación da liña Vegadeo-Ferrol, que afecta ás provincias de Lugo e de A Coruña.

En **materia de augas e transición ecolóxica** consideramos necesario o impulso con redacción de proxectos novos para:

- PRIMEIRO: o saneamento e depuración dos concellos de Monforte de Lemos, Castro de Rei, Portomarín e a eliminación de pluviais e tanque de treoadas en Chantada para o que propoñemos a necesidade de contar cunha partida adicional de 400.000 euros correspondentes á poboación da CH Miño-Sil que, ou ben carecen de sistemas de depuración como Portomarín, ou ben teñen instalacións sobrepasadas como Monforte e Castro de Rei, e deficiente separación das augas pluviais como en Chantada.

- SEGUNDO: en concordancia, tamén consideramos preciso declarar de interese xeral do Estado dito saneamento e depuración de Monforte de Lemos, Portomarín, Chantada, Castro de Rei

e o saneamento de Vilalba; imprescindible esta declaración para garantir o correcto saneamento en poboacións de 5.000 habitantes e cumprir a directiva 41/271 sobre o tratamento de augas residuais urbanas.

En **materia interior** propoñemos a inclusión de 2 millóns de euros para a construción da nova comisaría de Lugo, co fin de que poidan cumprirse os compromisos adquiridos en anos anteriores respecto destas instalacións e para que a cidade conte con estas dependencias.

En **materia de desenvolvemento industrial**, propoñemos a partida comprometida para a urbanización da segunda fase do polígono empresarial de O Morelle, en Sarria, unha vez rematado o proxecto de urbanización e iniciar así a comercialización e venda de parcelas neste municipio, onde existe dende hai anos unha carencia de solo industrial. Para esta actuación consideramos preciso a inclusión dunha partida de 8,6 millóns de euros.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Lugo a apoiar a todas e cada unha destas infraestruturas necesarias e imprescindibles para garantir a vertebración da provincia e o desenvolvemento socioeconómico da mesma.

2.- Trasladar este acordo a todos os grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais do Estado para que o Goberno da nación inclúa estas demandas e non deixe abandonada e marxinada á provincia de Lugo cunhas contas que en nada satisfán os intereses dos lucenses”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:



“No pleno pasado recordamos que houbo unha proposta do equipo de goberno de PSOE e BNG para impulsar a A-56 e a intermodal coa A-54. Poucos días despois vemos que nos orzamentos do Estado fixéronlles ben pouco caso. Ese día o Partido Popular xa o intuía, xa falaba de insuficiente, trataba de facer unha emenda coa A-74, Autovía da Mariña, para que quedara reflectida tamén, e da A-54 Lugo-Santiago, e non foi aceptada esa proposición do Partido Popular.

Como dicíamos, ó día seguinte os orzamentos do Estado veñen con sorpresa, efectivamente da A-56 absolutamente nada, un pequeno reintegro, agora que estamos en época de Nadal, de 100.000 euros, ou sexa nada; e a A-74 tampouco, catro reintegros, un para cada tramo; só a A-54, que vostedes mesmos votaron en contra.

A verdade é que este goberno, señor Presidente, ten moi pouco peso político nas decisións do Goberno do Estado, a verdade é que lle fixeron caso omiso porque se souberan algo evidentemente xa non a traían ó propio pleno.

Pero é que os orzamentos do ano 2021 son absolutamente desilusionantes e decepcionantes, pero é que ademáis empeoran os do ano 2018 do señor Rajoy que si tiña compromisos con todas estas estradas como ben saben; pero iso non o di o Partido Popular senón que ata o Sr. Rego do BNG di que eran moitísimo mellores os orzamentos de Mariano Rajoy do ano 2018. Mire o que di a prensa destes orzamentos: “Sanchez reduce un 11,2% a inversión en Galicia e dispara un 48% a de Cataluña”, isto o dí un medio galego; señores do BNG apúntense esta para cando teñan que negociar novamente a investidura; quítaselle a Galicia o que se lle dá a Cataluña.

Son datos comparativos, están aí, son moi sinxelos; no ano 2018 Rajoy investía en Galicia un 9,2% do total, e no ano 2020 o Goberno PSOE-Podemos inviste en Galicia un 6,9% do total, máis de dous puntos de diferenza que en total son 104 millóns de euros menos; ou sexa a menor contía dende hai quince anos, Galicia perde 104 millóns de euros, señor Presidente, mentres Cataluña sobe 200 millóns de euros.

Non fai falla que diga o Partido Popular que estes orzamentos son nefastos para Galicia, o di todo o mundo. Vostede antes falaba da foto de Colón, que por certo era pola unidade de España,

non era nada grave, pero ten que recordar tamén vostede a foto do pacto con Bildu, e ademáis suficientemente vergoñento para esta provincia que vostede defenda ese pacto; un pacto que ademáis de perder músculo de orzamento para Galicia, 104 millóns de euros, perde músculo democrático. Non, señor Tomé, non todos os Deputados somos iguais, uns loitamos pola democracia, algúns compañeiros seus tiveron que sufrilo, e outros loitan por outras cousas absolutamente diferentes. Por tanto se de pacto vai, aplíquese vostede o conto.

Pero estamos a tempo de tratar de emendar esa situación; é verdade que o Partido Popular presentou unha emenda á totalidade, pero tamén é ben certo que foi rexeitada. Temos varias propostas que entendemos que son importantes; en estradas seguir impulsando a A-74 da Mariña, é fundamental, ven o saben, para Alcoa, para portos, e falamos de seis millóns de euros que dan a posibilidade do inicio dun tramo; impulsar a A-56, como dicíamos xa aquí e como se pediu neste propio Pleno, que fixeron caso omiso e o intercambiador coa A-54, pedimos 2,5 millóns de euros, impulsar a A-76 que lles afecta a vostedes, señor Presidente, que circunvala Monforte, a A-76 entre Ourense e Ponferrada, 422.000; consignar tamén para a seguridade unha rotonda na N-VI de 350.000 euros para Outeiro de Rei.

Tamén na rede ferroviaria hai moitísimos defectos, pedimos aumentar en dez millóns de euros a renovación da liña Monforte-Lugo, que é insuficiente, leva moitísimo retraso; vinte millóns de euros para a electrificación da liña Lugo-Monforte; e 2,5 millóns de euros para a liña Vegadeo-Ferrol, a FEVE da Mariña, que tanto falaban vostedes e os seus Alcaldes, que está absolutamente esquecida.

Tamén pedimos investimentos en saneamentos, tamén para Monforte, Castro, Portomarín e Monforte, 400.000 euros para a Confederación Hidrográfica; e dous puntos importantes, dous millóns de euros para construír a comisaría de Lugo, e 8,6 millóns de euros para a segunda fase do polígono de Morelle en Sarria, de onde vostede é veciño señor Castro, e que foi vender no seu momento o Delegado do Goberno nas eleccións pasadas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“A verdade é que na súa exposición púxome difícil apoiarlle a súa moción; en todo caso ímolo facer, porque nós si que somos coherentes e governe quen governe no Estado español pedimos sempre para Galicia, e de feito, xa que daba datos e citaba a Nestor Rego que se tanto o citan é porque está facendo moi ben o seu traballo, a vez que máis diñeiro veu para Galicia dos Presupostos Xerais do Estado foi cando o voto do BNG foi decisivo para a súa aprobación.

Polo tanto o papel do BNG está clarísimo; vostede fala da investidura, nós na investidura o que fixemos é evitar, xa que falaba de pactos incómodos, que Partidos tan pouco democráticos como Vox entraran no Goberno, son antigalegos, antidemocráticos, e pro franquistas, e polo tanto estamos ben orgullosos da postura do BNG porque fomos un parapeto contra o fascismo, polo tanto aí está claro.

Outra cousa é que nós non critiquemos abertamente a falta de inversión en Galicia nestes Presupostos Xerais do Estado; fíxoo públicamente Ana Pontón, faino públicamente o señor Nestor Rego, e nós dixemos que fan falla mil millóns de inversión para Galicia. E polo tanto, aínda que na súa intervención mezclou cousas e quería poñernos difícil o apoio, moito do que vén na súa moción pode comprobar que está dentro das emendas que presentou o noso Grupo, na de totalidade e nas que está presentando agora parciais; así que nós imos votar a favor porque todo o que sexan inversións para Galicia, e ademáis consideramos que non é pedir de máis porque deu vostede algúns datos, a inversión en Galicia baixa un 11%, e non está xustificada en ningún momento.

Polo tanto, aínda que vostedes digan que nós non defendemos Galicia cando goberna o Partido Socialista, nós si que o facemos, estas inversións tamén as defendemos, e ímola votar a favor, incluso tendo aparte un pouco ese totum revolutum que facía e que intentaba non sei se culpabilizar ó señor Nestor Rego desa baixa, pero é pouco crible para calquera galego ou galega cargar contra iso. Polo tanto, aínda que neste pleno na defensa da moción nolo puxo difícil, nós imos votar a favor da súa moción para que veñan eses fondos a Galicia porque cremos que é de xustiza e non só porque sexamos galegos”.

Intervén a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Os Orzamentos do Estado para o ano 2021 son uns orzamentos excepcionais, elaborados para facer fronte a unha circunstancia excepcional pola pandemia, co obxectivo principal de salvar ás persoas.

Polo tanto son unhas contas realistas, inaprazables, e indispensables para a recuperación da nosa economía, e partida a partida podemos comprobar que se traducen en máis sanidade, máis educación, máis protección social, e máis xustiza social.

Os Orzamentos Xerais do Estado presentan a maior inversión en gasto social da historia, consolidando o ingreso mínimo vital, blindando o sistema de pensións, garantindo ós nosos maiores uns recursos dignos e suficientes a través da revalorización das pensións; incrementándose as axudas ós máis desfavorecidos para loitar contra a desigualdade, e lograr a igualdade de oportunidades laborais, educativas, e de acceso a unha vivenda digna.

Incrementanse as partidas destinadas ó sistema de atención á dependencia e á prestación de servizos sociais; neste 2021 incrementanse tamén os fondos para incrementar o permiso de paternidade de 12 a 16 semanas, equiparándose así ó permiso de maternidade e paternidade porque os fillos son responsabilidade da parella e non só das nais, e a igualdade real entre homes e mulleres é unha das nosas prioridades.

Incrementanse as becas, porque cremos que o diñeiro non pode ser nunca un impedimento para estudar. Mantense a cotización á Seguridade Social das cuidadoras e cidadores que recuperou o goberno actual despois de que a eliminara o Partido Popular.

En materia de infraestruturas, segundo as partidas orzamentarias dos Orzamentos Xerais do Estado en Lugo contarán para o ano 2021 con 33,1 millóns de euros para os dous tramos de Melide a Palas de Rei; 69,3 millóns de euros para as obras da A-54 entre Lugo e Santiago; 100.000 euros para licitar o contrato e iniciar o proxecto do tramo San Cibrao-Burela; 300.000 para a redacción dos proxectos dos tramos de Barreiros-O Carme, O Carme-Foz, e Foz-Burela, proxectos imprescindibles antes de comezar coas obras; 100.000 euros para a redacción do proxecto da variante de Monforte de Lemos da A-76 entre Monforte e Babela; 162.560 euros para a rehabilitación do Pazo General Paredes en Portomarín; 2 millóns e medio para potenciar o Camiño



de Santiago ó seu paso por Paradela, Pedrafita, Portomarín, Samos e Triacastela; 76,2 millóns para inversión no sector ferroviario, Adif consigna 35,4 millóns para actuacións de renovación, 30 millóns para electrificación; 3,2 millóns para a estación intermodal de Lugo; e 3,1 millóns para a renovación da liña Monforte-León.

Pero ademáis disto cabe destacar que a situación que estamos a vivir neste país é excepcional, e que durante todo este tempo, e tal e como se preve para o próximo ano, fíxose un importante esforzo inversor en salvar ás persoas, en estar ó seu carón en momentos tan difíciles e inéditos coma este.

Cando chega unha crise é función do público, das Institucións, cuidar e protexer a toda a cidadanía, lamentablemente non sempre se actuou así. Afortunadamente na crise do coronavirus o Goberno de España decidiu actuar de forma oposta ó 2008, mobilizando unha enorme cantidade de recursos públicos para reforzar a sanidade, os servizos sociais, e para protexer ós traballadores, ós autónomos e ás pemes; así como as persoas mais vulnerables.

Esa é a nosa prioridade, e aínda así, como poden constatar, se segue facendo un esforzo inversor en mellorar infraestruturas; pero é preciso poñer en valor a acción do Goberno nesta situación tan complexa que estamos a vivir”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Alégrome, señor Castro, de que estea de acordo con nós, é que evidentemente non quedaba outra, ó ver tal desprezo, e sobre todo vendo como se sucederon os feitos, un día antes acababan de presentar aquí un impulso a diferentes estradas, e que o seu socio, o Partido Socialista, non lle dixera nada; xa que o señor Rivera fala tanto de que “deberían saber”, pois eu entendo que o día antes vostedes poderían tamén telo sabido e non pintar o ridículo, pedir a A-56 e que non veña absolutamente nada, porque de feito, señora García, son reintegros, cen mil euros por tramo, iso significa que estean paradas; vostede, coma mín, é da Mariña, e ben sabe o importante que é esa infraestrutura; sabe que leva xa moitos anos nesa circunstancia, pero tamén é ben certo que había un compromiso no ano 2018, e non só para o ano 2018 senón para os sucesivos.

Por tanto con estes orzamentos evidentemente imos moito peor e imos para atrás. Pero o mesmo pasa coa A-56, e tamén con outras estradas como a A-76. Cremos que é positivo seguir avanzando, algún dos tramos necesita elaborar os proxectos e demáis, pero si que é certo que algún poderíase empezar, como é esa estrada da Mariña.

E mire, vostedes que tanto se queixan de Feijóo, imos facer un comparativo moi sinxelo; Feijóo acaba de presentar os seus Orzamentos, e para Lugo precisamente veñen 1544 millóns de euros, e creo señor Presidente que estará vostede bastante contento; 154 millóns de euros máis ca o ano pasado; en cambio polo Estado son 104 millóns de euros menos que o ano pasado, que van para Cataluña posiblemente. E ese é o compromiso de uns e doutros.

Depois está moi ben facer oposición, vir aquí e dar leccións, pero é que os números están aí, e ademáis os lucenses non son tontos, e logo á hora de votar saben perfectamente quen está comprometido. O Partido Socialista en Madrid obvia os intereses desta provincia, e por outro lado a Xunta de Galicia comprométese con cantidade de inversións que todo o mundo sabemos que son ben necesarias.

Alégrome dese voto favorable; tamén é ben certo que está moi ben explicar os Orzamentos, pero nun ano como é o ano 2021, non apoiar as infraestruturas desta provincia tan fundamentais para que sigan avanzando, entendo que é darlle as costas a esta provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Creo que se entendeu na miña primeira intervención; nós imos votar a favor porque compartimos o que di a moción pero non o argumentario do Partido Popular, sobre todo no que ten que ver con esa louba ós gobernos populares en Madrid, e menos ós da Xunta, porque nós temén temos bastante que dicir sobre iso. E o Partido Popular en Madrid tamen abandonou esas infraestruturas durante moito tempo, e aínda que é verdade que o señor Rego recoñeceu que eran mellores os últimos do Partido Popular, pero tamén dixo que xa eran malos, ou sexa que estes empeoraban uns orzamentos malos para Galicia.



Pero é certo tamén que o Partido Popular cando non goberna é cando pide cousas para Galicia, e polo tanto nós unímonos a esa reclamación, ou vostedes se unen á nosa porque xa lles digo que gran parte do que traen nesta moción está nas emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados de Madrid.

Polo tanto eu creo que ten razón vostede, señor Castiñeira, nuns orzamentos que baixan o 11% da inversión en Galicia para nós non se poden considerar nin de sociais, alo menos para os galegos e galegas, non é que esteamos en contra de todo o que vai neses orzamentos pero nós, e o meu Partido, como xa se fixo público, non atopamos xustificación para esa baixada na inversión en Galicia, e polo tanto neesa liña imos votar a favor, porque aí si que coincidimos, hai outras cousas nas que podemos estar moi en desacordo e o estamos, pero agora coincidimos.

Tamén é certo que me gustaría que esa petición a Madrid, cando haxa un cambio de cor de goberno, que sigan os Deputados galegos, tanto das Deputacións coma os que están no Parlamento, do Partido Popular, reclamando os intereses galegos, porque tradicionalmente non o fan. Pero como o importante é o que di a moción, e que aínda estamos a tempo de mellorar a través das emendas os Orzamentos para Galicia, e cremos que deberían mellorarse, non vai ser que falte a nosa voz para sumar dende esta Cámara esa petición dun pouco de xustiza para os galegos e galegas nos Orzamentos Xerais do Estado”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O Estado evidentemente ten competencias en grandes infraestruturas, pero o que non pode ser é que en moitos casos se supla precisamente a falta de investimento doutras Administracións, porque tamén ás veces estamos acostumados a que se consigne nos Presupostos e que despois nunca se cheguen a executar eses investimentos.

Propoñen que se destinen 53 millóns e medio para infraestruturas, e realmente a pesares de que vostede acaba de indicarnos que incrementa o investimento da Xunta en Lugo neste ano, o que si é certo é que tamén os concellos nos vemos agraviados, dado que, se ben pode aumentar o

investimento da Xunta no conxunto da provincia, as transferencias que imos recibir os concellos vanse ver reducidas, tal e como reflicte o proxecto de orzamentos, nun 6,4 %, pasando de 135,8 millóns a 127 para o ano 2021, a pesares de que os Presupostos da Xunta se incrementan, e ese incremento vén derivado precisamente de axudas de fondos de reactivación creados trala pandemia, dos cales 685 millóns de euros proceden do Estado, e outros 430 millóns da Unión Europea. Polo tanto ese incremento de 154 millóns de euros pouco máis é do 22% dos fondos que vai recibir de forma extraordinaria a Xunta do Estado.

Eu penso que a situación que estamos a vivir require do maior consenso posible para saír desta crise, e ter como eixo de acción de goberno precisamente ás persoas, e sobre todo a aquelas que peor o están a pasar, moitos traballadores, moitos pequenos empresarios, autónomos, e para iso é preciso seguir adoptando medidas laborais, económicas, e sociais para paliar os efectos negativos desta crise; e creo que precisamente no Orzamento do ano 2021 do Estado é o que se intenta reflectir, ás veces hai que establecer prioridades, os recursos son limitados en tódalas Administracións, e o que si temos claro é que por enriba de todo vai estar axudarlle ás persoas, e sobre todo a aquelas que máis o necesitan”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Permítame esgotar este minuto que me queda simplemente para mostrar o noso sentimento sobre este Pleno.

Escoitar da bancada contraria, tanto do Grupo Socialista coma do BNG, que o Partido Popular é un Partido machista, é grave, porque eu creo que tódolos Deputados que aquí estamos temos unha serie de valores que entendo que moitos deles son comunes, e neste sentido a defensa a ultranza creo que é por parte de tódolos Partidos. Pero ter que escoitalo dende a bancada da Presidencia a verdade é que me doe moito máis, porque a Presidencia é unha institución. Sr. Presidente, señora Vicepresidenta, aí nos representan a todos, e a verdade é que acusar ó Grupo maioritario da oposición, o Grupo que máis lucenses representa, de Grupo machista, eu creo que é absolutamente inxusto”.



Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Unha vez rematado o debate, señor Castiñeira, quería dicirlle un par de cousas.

En primeiro lugar este Presidente non lle dixo a vostede nin ó seu Grupo que fose machista, agás que demostren o contrario, en todo caso non terei ningún inconveniente en dicírllo, pero mentres non o vexa eu así non llo vou dicir.

Don Efrén, vostede tranquilo, porque vai tardar en haber cambio en Madrid, porque o que fan os Deputados do Grupo Popular en Madrid xa o vimos, acaban de gobernar hai catro días, xa vimos o que pedían daquela. E eu recordo ben cando se reuniron en Monforte, algúns de vostedes non estaban aínda nisto pero outros si, cando gobernaba Zapatero e dicían: “hai que contratar a autovía A-76, o proxecto e a obra xuntos”, iso está aí; despois gobernaron dúas lexislaturas e non fixeron nada, nin sequera quedou para poder licitar ningún proxecto. Así que xa sabemos de que vai isto.

E logo fala vostede de peso político; señor Castiñeira afortunadamente vostede non vai ser o que mida o meu peso político nin de ningún compañeiro en Madrid, nin aquí nin noutro lado, igual que eu non mido o seu dentro do seu Partido, así que non se preocupe polo meu peso.

Falou vostede dúas veces de Cataluña; os únicos que neste momento falaron catalán na intimidade foron vostedes, supoño que todos terán un cursiño de catalán na intimidade.

Fala tamén de que o señor Rajoy investía máis; mire, o señor Rajoy podía presupostar o que quixera, pero non investía, non executaba nada, e iso non o digo eu o di o Tribunal de Contas, pregúntelle a dona Ana Pastor o que di dela en relación co AVE, e se non ten o informe do Tribunal de Contas doulle eu copia, para que vexa como executaban vostedes o que presupostaban.

E logo vén aquí falar de Bildu, vostedes son especialistas, invéntanse pactos de non sei que cousas, e vostedes si que teñen pactos por aí; como cando dixo o outro día o señor Casado ó señor de Vox: “hasta aquí hemos llegado”, pero resulta que despois xa se puxeron outra vez en camaradería, non vaia ser que perigue por aí algún goberno autonómico do Partido Popular!.

En canto a Bildu, non sei se vostede ten boa memoria ou non, en todo caso as hemerotecas están aí, e o señor Aznar, Presidente do Goberno do seu Partido, foi o único Presidente do Goberno que dixo que ETA era un movemento nacional de liberación vasco cando se negociaba en Argel, e agora di vostede que nos pactamos con Bildu, aínda que fose verdade cansaron vostedes de dicir “señores dejen las armas hagan política, incorpórense a la vida política”, que queren?, que volvan coller as pistolas?; os trescentos cincuenta Deputados do Parlamento teñen a mesma lexitimidade, votados por cidadáns deste país que se chama España, porque senón había que colocar a tódolos nacionalistas no mesmo plano, e de momento os que votaron nacionalistas tamén son cidadáns deste país, e mentres non se diga o contrario isto funciona así.

Sabe o que lles fastidia a vostedes?, que haxa Presupostos do Estado, e vainos haber, porque son Presupostos bos, van provocar unha recuperación económica, e van proveer axudas a xente que o necesita; e iso é o que a vostedes lles fastidia, señor Castiñeira. E por certo, o señor Maroto, que agora se lle enche a boca con non sei que cousas, sacou peito pactando en Vitoria con Bildu, e dixo textualmente que se alegraba da valentía que tivera por ter pactado con Bildu.

Pero fala vostede do retraso da liña Monforte-Lugo, xa lle dixen antes que lle pregunta a dona Ana Pastor. E o que dá vergoña para Lugo, e dígollo así claramente e sei a palabra que estou a dicir, son os Presupostos da Xunta de Galicia, porque vostedes suman o gasto corrente coa inversión, e iso non coa; e vostedes venderon hai catro ou cinco anos unha inversión de 14 millóns de euros por exemplo no hospital de Monforte, e aínda non cumpriron nada e agora veñen cun presuposto dun millón, que non é nada novo, que en todo caso sería dentro deses catorce.

Pero hai máis, se vostede vai ó sur da provincia iso é un deserto, por cuarto ano consecutivo poñen a mesma cantidade 750.000 euros para o acceso ó Porto Seco, e non executaron nin un euro por cuarto ano; esa é a Xunta do Partido Popular. A carretera de Courel, outra vergoña, así que qué nos vai contar dos Presupostos da Xunta de Galicia!. E xa non lle digo máis cousas, porque noutros sitios aínda hai algo de saneamento, ou de depuración, pero alí cero, nada de nada, e obra nova ningunha, e desdobre da autovía de Nadela-Sarria-Monforte unha vergoña, empezaron pola metade para dicir que fan algo alí no medio, pois empecen as cousas por onde teñen que empezalas.



E de verdade, se lle dera un pouco de vergoña política, señor Castiñeira, neste caso calaría a boca, porque non resisten comparación os Presupostos da Xunta cos do Estado, porque vostede non pode comparar as competencias que ten cadaún; o Estado só está nas grandes obras, e o resto son da Xunta, ou é que non cumprimos o Estatuto de Autonomía?.

Sinceramente, dáme a sensación de que ou non miden o que din ou lles dá igual, o cal é mais grave aínda”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DO INFORME DO 3º TRIMESTRE DE 2020 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010 DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, S.A. E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E INFORME DO MES DE SETEMBRO DE 2020 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do 3º trimestre de 2020 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010 da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Lugo, e informe do mes de setembro de 2020 do RD 635/2014.

14.- INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS DA LEI 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30-09-2020 E PREVISIÓN A 31-12-2020.

Dada conta do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos da Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 30-09-2020 e previsión a 31-12-2020, o Pleno da Corporación queda enterado.

15.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA A 30-09-2020.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica a 30-09-2020.

16.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de outubro de dous mil vinte, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3094 ao 3597. O Pleno da Corporación queda enterado.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que hai tres Rogos e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á maquinaria e vehículos de Suplusa.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“O Rogo refírese a que constatado o uso por parte de Tragsa de toda a maquinaria propiedade de Suplusa para o mantemento e conservación das zonas verdes provinciais, dende o 1 de xaneiro de 2020, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao goberno provincial:

Que por parte do servizo correspondente da Deputación Provincial de Lugo se faga de forma inmediata, e anterior á celebración do Pleno para a extinción de Suplusa, un informe técnico-económico do valor do uso ou aluguer da maquinaria e vehículos da sociedade suplusa, que se ven a facer por parte de Tragsa, dende o 1 de xaneiro de 2020, sen autorización da Comisión Liquidadora da dita Sociedade, e que dito informe se inclúa no expediente completo de extinción de dita Sociedade que se leva ao Pleno”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo aos convenios asinados por concellos, Suplusa e a Deputación.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Tamén no mesmo sentido. Que no expediente de extinción de Suplusa que se leve ao Pleno da Corporación Provincial se inclúa manifestación expresa do Sr. Presidente, de que todos os convenios de colaboración asinados por concellos da provincia, Suplusa e Deputación Provincial de Lugo, permanecen vixentes ao día de hoxe, ao desaparecer xurídicamente dita sociedade e sucedela universalmente a Deputación Provincial”.

Terceiro.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU-P-5705 entre Sarria e O Páramo.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Trátase da estrada provincial LU-P-5705, que vai dende o Mazadoiro en Sarria ata Escarlán e San Martiño da Torre xa no concello do Páramo. Estrada intermunicipal entre estes dous concellos de Sarria e O Páramo, que foi rehabilitada non seu firme dende a LU-546 no barrio do Mazadoiro en Sarria ata preto do núcleo de Escarlán no mesmo termo municipal.

O estado de dita estrada provincial, que non foi rehabilitado, é moi deficitario e mesmo en determinados puntos concretos perigoso para os seus usuarios.

Polo tanto rogamos ó goberno da deputación que se orzamente, licite e execute no ano 2021 a segunda fase da estrada inermunicipal entre Sarria e O Páramo LU-P-5705, completando así a primeira fase de dita infraestrutura, dende o lugar de Escarlán en Sarria ata o termo da mesma no concello de O Páramo”.

P R E G U N T A

Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación coa autorización para o uso da maquinaria e vehículos de Suplusa por Tragsa.

Intervén para formular o Pregunta o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Constatado o uso por parte de Tragsa de toda a maquinaria propiedade de Suplusa para o mantemento e conservación das zonas verdes provinciais, dende o 1 de xaneiro de 2020, instamos ao goberno provincial a responder a seguinte pregunta:

Qué responsable político do goberno provincial autorizou á empresa pública Tragsa o uso da maquinaria e vehículos da sociedade Suplusa, sen a autorización da mesma?”

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar, os Rogos non se contestan, pero hai unha cousa que me chama a atención, e é que moito traballo teñen os espías de obras, porque cada vez que imos facer unha



estrada, ou unha obra por aí, vén o PP propoñer o que xa estamos facendo. E resulta que esta que vostede trae hoxe aquí xa se leva tempo facendo o proxecto, xa foron alí varias veces os técnicos; de verdade que é curioso!. Pero que siga a espionaxe funcionando, vostedes espiando e nós traballando.

En relación coa Pregunta, señor Castiñeira, en contestación á pregunta que vostede me formula quero dicirlle que esa cuestión forma parte do expediente administrativo aprobado pola Xunta de Goberno, e sobre a que o seu Grupo Político ten interposto recurso contencioso-administrativo co número 43/2020, do que coñece o Xulgado Contencioso número 1 de Lugo, estando neste momento para o trámite de contestación á demanda. Polo tanto este é un asunto que está *sub iudice*, sobre o que eu creo que debe agardar a que se pronuncie o Xulgado, vostedes que son tan respectuosos ás veces coa xustiza, que din que hai que deixar que se pronuncie, sobre todo lle afecta ó seu Partido, pois imos facelo para todos; imos esperar a que se pronuncie a Xustiza, e logo xa veremos que di.

Por outra banda dicir que no expediente administrativo, ó que vostede pode acceder, tanto en sede administrativa como en sede xudicial, están tódolos antecedentes sobre esta cuestión. Se vostede ten interese en ver o expediente, non hai ningún problema, pode solicitálo e ten acceso a el. Iso é todo o que lle podo dicir de momento en relación con esta pregunta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Vexo que non quere aclaralo. É certo que isto está no Xulgado porque o puxo o Partido Popular.

Voulle dicir unha cousa, creo que alguén para tomar decisións se extralimitou, estou seguro de que o queren vostedes ocultar, porque unha cousa é o contencioso que nós levamos por un lado pola compra dunha acción a Tragsa, e outra é a realidade que nós temos que debater o próximo pleno do día 30; e como imos debater no próximo pleno do día 30 se vostedes non son capaces nin de aclarar, no órgano administrativo que é este Pleno, esas circunstancias que son moi sinxelas?;

quen foi o responsable político que autorizou usar a maquinaria de Tragsa sen permiso de Suplusa, que ata o día da súa extinción segue vixente?.

Entendemos que hai unha comisión liquidadora que é responsable desa circunstancia, pero aquí alguén da Deputación está tomando decisións por Suplusa sen estar extinguida. Polo tanto a nosa pregunta é clara, se non a quere responder, evidentemente se pretende que isto acabe nos Xulgados é moi posible; eu creo que poden solucionalo antes desta semana, e poder aclaralo en todo caso antes de que sexa o Pleno, porque eu creo que para o Pleno temos que levar as cousas claras”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Señor Castiñeira, vólvolle insistir en que non se poña vostede nervioso, nós estamos moi tranquilos; e xa que vostedes xudicializaron isto, deixe que resolvan.

Vostede non pode pretender agora preconstruir probas para logo tratar de invocalas en contra desta Institución a favor da súa estratexia persoal, que pode ser lexítima, pero é a súa estratexia persoal, pero que xa lle adianto que non comparto. E por iso se me quere coller un consello, confíe na xustiza, agarde a que esta se pronuncie e despois, unha vez resolto nun ou noutro sentido, xa se adoptarán as decisións en cumprimento do que ordene o Xulgado.

E mire, nós estamos convencidos de que fixemos as cousas ben; vostedes están preocupados porque se lles acaba un chiringuito ó que agarrarse, e co que pretendían facer política de desgaste ó goberno; pero eu dígolle unha cousa, e dígollo seriamente, o cachondeo rematou, acabáronse as chafulladas, acabáronse as cacicadas, e acabáronse certas cousas, que prefiron non dicir, que aí ocorreron. E o próximo día 30 afortunadamente baixarase un telón dun pesadelo para esta Casa”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.